ou a possibilidade de copiar” (2004: 57). Se in un’ottica di ricostruzione di un *Cancioneiro Geral gallaico-português* questa operazione può avere una sua legittimità, resta invece priva di giustificazione nel caso di un approccio al singolo manufatto. Il “cancioneiro ideal” supposto dalla Michaëlis non si può infatti sovrapporre o identificare con il “cancioneiro actual” per vari motivi⁸: *in primis* perché, come dice la stessa Michaëlis, la ricostruzione di *A* è stata fatta prendendo a modello gli apografi italiani, e non si può essere certi che corrisponda alla conformazione originale del codice (non è un caso che *A* prima della Michaëlis abbia una veste diversa, come ho avuto modo di dimostrare insieme a Mariña Arbor grazie al rinvenimento della prima copia di questo florilegio; cfr. Arbor Aldea-Pulsoni 2004 e 2006); *in secundis* perché dagli stessi apografi vengono derivate le attribuzioni totalmente assenti in *A*. Si genera insomma un circuito vizioso secondo il quale l’ordine e le attribuzioni date per scontate sono in realtà una semplice supposizione, per quanto probabile.

Non si può in effetti trascurare l’ipotesi che, nel momento in cui il rubricatore di *A* avesse apposto le paternità dei componimenti, sarebbe potuto incorrere in una serie di errori attributivi, come accade di frequente nella tradizione manoscritta provenzale, dove la gran parte degli errori sono riportabili alle categorie, da me definite in altra sede, “codicologiche” e “contenutistico-analogiche” (Pulsoni 2001: 14-26). Al primo genere vanno ricondotte la molteplicità di fonti, il mutamento di fonte, gli *incipit* differenti, la fine sezione, la contiguità tra trovatori maggiori e minori e l’invio di componimenti; nel secondo genere vanno invece annoverate le analogie nel contenuto e nella forma, e gli schemi metrici e musicali.

Se da un lato pare ovvio che non si può esportare *in toto* questa tipologia alla lirica galego-portoghese, dall’altro nulla vieta di supporre che avrebbero potuto verificarsi errori simili nell’eventuale apposizione delle rubriche di *A*: una divergenza insomma *e silentio* dalle rubriche di *BV*. Basta a provarlo quanto si verifica in *A*, f. 15r: dopo una sequenza di ventidue componimenti (ff. 10r-14v) analoga a *B* e a *C*, dove i testi sono ascritti a Martin Soarez, *A* presenta una miniatura iniziale atta a indicare l’inizio d’una nuova sezione che comprende i testi 62 e 63 (Tavani 97,33 e 97,25), distaccandosi pertanto dalla paternità espressa dagli altri testimoni, che continuano ad assegnare questi componimenti a Martin Soarez. Se in questo caso ci troviamo pertanto davanti a un’alternanza attributiva del tipo *X vs. 0*, dove *X* corrisponde all’autore registrato da *BC* e *0* all’anonimato di *A*, in altri casi, in cui il testo risulta assente negli apografi italiani, è *A* che diviene, suo malgrado, protagonista della *quaestio* attributiva. Mi riferisco a quanto accade ai ff. 8v-9v: *A* si rivela testimone unico di quattro componimenti, attribuiti variamente dagli studiosi a Pai Soarez de Taveirós o a Martin Soarez. Facendo riferimento alla tipologia da me adottata per la tradizione trobadorica,

8 Derivo la terminologia da Ramos (2004); cfr. anche Ramos (2007: 13).

nel primo caso siamo di fronte a una “assimilazione progressiva”, vale a dire la tendenza ad ascrivere i componimenti all’autore precedente registrato in *B*. Tra i sostenitori di questa congettura vanno annoverati *in primis* la Michaëlis, e, ai nostri giorni, gli autori del corpus *Lírica profana galego-portuguesa*:

115, 6^{bis}; 115, 6^{bis}, 115, 7^{bis} e 115, 10^{bis} foron atribuidas tamén a Martin Soarez (...). Encóntanse en A (36-39) formando parte do grupo que comeza en A 31, nos fols. 8-9v (caderno II), antes da lagoa IV, que podería conte-la miniatura indicativa de cambio de autor. As cantigas A 31-35 figuran tamén en B (146-150), baixo a rúbrica de Pai Soarez de Taveirós (corroborada por C), polo que toda a serie pode atribuírse a el (Brea 1996, I: 20).

Assegnando invece i componimenti a Martin Soarez, sempre ovviamente sulla base di *B*, ci troveremmo davanti a una “assimilazione regressiva”. A favore di questa attribuzione si era espressa in una prima fase la Bertolucci Pizzorusso, avvalendosi di ragioni stilistiche:

Os textos en cuestión non amosan particulares afinidades cos de Taveiros (sinte, obviamente, a uniformidade xenérica da cantiga amorosa), en tanto que o motivo singular da dona en saya, que se desenvolve en A 38 acha directa correspondencia no n. XXX, xa atribuído con garantías a Martin Soares. É verosímil pensar que as dúas composicións pertencen ó mesmo autor, que non pode ser máis ca este último. Como é lóxico, a atribución deste único texto é válida tamén para todo o grupo (1992: 22-23)⁹.

Entrambi le ipotesi sono parimenti valide, devono però partire dal presupposto che le attribuzioni virtuali di *A* corrispondano a quelle degli apografi italiani, ipotesi data per scontata nella bibliografia critica:

finalmente faltan absolutamente rúbricas atributivas, que se cadra deberían ser engadidas nun segundo momento, polo que tódolos textos contidos en A resultan anónimos, e as asignacións de autores foron posibles unicamente por cotexo cos outros cancioneros e só para os textos comúns a estes e a A (Tavani 1991: 52).

In realtà la cosa, oltre ad essere del tutto indimostrabile, non tiene neanche conto delle oscillazioni attributive reperibili in codici “gemelli”. Nel pianeta provenzale, ad esempio in *P**, abbiamo già in apertura del codice rubriche palesemente erronee, sulla base di quanto è trasmesso dal resto della tradizione. Si aggiunga inoltre che si constatano varie divergenze attributive tra i manoscritti riconducibili al cosiddetto ramo β di Avalle (1993): *D^a*I*K**, gruppo che ha peraltro varie analogie con lo *stemma* della

9 La studiosa ha corretto successivamente questa posizione (Bertolucci Pizzorusso 1993: 441).

tradizione manoscritta galego-portoghese proposto da Anna Ferrari ed Elsa Gonçalves. In ben 7 casi D^{a*} si contrappone infatti ad I^*K^* , senza contare che perfino fra questi ultimi codici, “gemelli” come B e V , vi sono delle rubriche diverse, soprattutto nella sezione delle tenzoni, con K^* che elimina dalle rubriche delle tenzoni fittizie la seconda paternità, spesso astratta, del testo, limitandosi a trascrivere il nome del primo trovatore che apre la discussione (cfr. la rubrica di 366,29: I^* Peirols et amors – K^* Peirols; 163,1: I^* Garins lo brus e Mesura – K^* Garins lo brus; cfr. Pulsoni 2006b: 121-124). Inoltre, nella sezione delle canzoni, appare molto interessante che K^* , diversamente da I^* , riporti nelle ultime quattro rubriche della sezione di Peire Raimon de Toloza l’aggettivo *lo gros*, specificazione attestata anche in D^{a*} . Anzi, nel caso di 355,20, K^* è l’unico testimone a riportare tale caratteristica “fisica” (ma l’attributo poteva avere anche un senso traslato) dell’autore provenzale (Pulsoni 2001: 45 e 62).

Tornando ad A , nulla vieta di ipotizzare che potesse non esserci la miniatura di cambio sezione dopo la terza lacuna di f. 7v. In tal caso l’assimilazione progressiva coinvolgerebbe il trovatore a cui B assegna la sezione precedente, e cioè Johan Soarez Somesso. Con questo non si vuole proporre un’ulteriore attribuzione dei quattro testi di A , ma solo attirare l’attenzione sulla labilità d’un ragionamento attribuzionistico che implica la necessità di supporre l’eventuale presenza di miniature nei fogli perduti di A ¹⁰. Del resto a fornire una paternità alternativa del tutto “isolata” rispetto agli autori finora chiamati in causa ci pensa lo stesso A : mi riferisco all’ultimo testo della sezione, 97,18, che presenta accanto all’*incipit* una nota marginale del primo revisore –coevo al copista¹¹–, che recita *p^o dapon̄t* (“Pero da Ponte”), da interpretarsi certamente come attribuzione alla luce di quanto accade nel pianeta provenzale, ad esempio in L^* per mano del correttore (Pulsoni 1994). Considerato che al revisore vanno ascritte sia minute

10 Nell’impossibilità di offrire una paternità su basi codicologiche, Ribeiro Miranda (2004: 455) propone di limitarsi a un esame approfondito dei criteri stilistici: “Cremos que os dados codicológicos apurados sobre este assunto nos últimos decénios, não permitindo ir mais longe, autorizam que se avance a ideia de que, apesar das convicções patenteadas pelo compilador de A , à luz do testemunho de B o autor de A 36/A39 poderá ser anónimo. A partir daqui, a palavra deverá ser devolvida aos textos poéticos no sentido de aferir que tipo de ajuda podem prestar ao esclarecimento desta questão. Ou seja, caberá à crítica ‘interna’, ou ‘estilística’ (...) produzir ou não argumentos que ajudem a sustentar esta possibilidade, ou até a adiantar novas propostas de atribuição de autoria”. Resta però evidente che gli stessi criteri stilistici vanno maneggiati con estrema cautela per finalità attributive, considerato l’alto livello di formalizzazione della *cantiga de amor* fin dalle prime generazioni di *trobadores*.

11 Devo questa indicazione cronologica al lavoro inedito di S. Pedro citato da Arbor Aldea (2009). La studiosa galega aggiunge poi in nota (p. 52, nota 10): “Este texto formaría parte, segundo a disposición do código de Ajuda, do ciclo de cantigas que integra pezas atribuídas en B a Pai Soarez de Taveirós. Para S. Pedro, “Análise”, dado que do poema só se reproduciu a primeira cobra, a referida nota podería aludir a un problema vinculado á copia errada da peza neste lugar –pero as circunstancias que caracterizan a súa transcripción son comúns a outros textos de A – ou á propia atribución da cantiga. A este respecto, cabe sinalar que non se rexistra, en todo o *corpus* lírico profano galego-portugués, un texto cun *incipit* ou verso similar outorgado a Pero da Ponte”.

correzioni testuali, sia perfino l'integrazione di una *cobra* (Arbor Aldea 2009), appare in maniera indubbia l'attenzione filologica con cui egli legge e rivede i componimenti del codice, avvalendosi evidentemente di fonti esterne ad *A* per tutti gli interventi ivi apportati. A tale materiale andrà pertanto ricondotta, a mio avviso, anche l'indicazione attributiva di 97,18, dal momento che le attribuzioni risultano assenti nell'allestimento compositivo dei copisti di *A*.

Un atteggiamento di prudenza dovrà riguardare anche le altre sezioni in cui *A* si rivela testimone unico. Si vada a f. 37r dove si apre una nuova sezione: la sequenza dei primi sei componimenti è identica a *B* –dove essi sono ascritti a Vasco Gil–, ma per i successivi tredici *A* è testimone unico¹². Se per i primi sette testi possiamo avere la certezza che per il copista andavano attribuiti a un solo trovatore, per l'ottavo (75,12?) questa sicurezza viene a mancare a causa della lacuna che lo precede: esso dunque, almeno teoricamente, potrebbe essere ricondotto sia alla sezione precedente, sia a molte sezioni successive, stante l'impossibilità di determinare quante miniature "attributive" avrebbero potuto essere presenti in questa lacuna. Per i testi dal nono al tredicesimo torniamo invece ad avere la garanzia che *A* li ascrive ad un unico autore per via della miniatura iniziale; dal testo seguente di f. 42r fino a f. 45v, *A* torna invece a condividere la stessa sequenza di componimenti con *B*, dove essi sono assegnati a Johan Soarez Coelho (Arbor Aldea-Canettieri-Pulsoni 2004: 163).

Concludo con un ultimo esempio che avvalora ulteriormente quanto detto finora riguardo all'inattendibilità di riproporre in *A* le rubriche degli apografi italiani: a partire da f. 55v si apre in *A* una nuova sezione che termina a f. 58r. Al suo interno si contano 12 componimenti da ascrivere a un unico autore; non accade lo stesso per la parte di questi testi trasmessi anche dagli apografi italiani: il quarto infatti, 17,1, primo testo in comune con la sezione di *A*, è attribuito da *BCV* ad Airas Veaz, mentre quelli che vanno dall'ottavo al dodicesimo (44,1; 44,9; 44,2; 44,8; 44,6) sono assegnati da *BC* a Fernan Gonçalvez de Seabra¹³. Rispetto a una sola paternità "virtuale" proposta da *A*, ci troviamo pertanto di fronte a due attribuzioni "reali" fornite dal resto della tradizione.

Come comportarsi allora con le "attribuzioni" di *A*? Nella totale assenza di indizi di paternità, mi limiterei a segnalare solo l'inizio delle varie sezioni in quanto contraddistinte dalla presenza di una miniatura (Ramos 1986: 165-166), considerando l'insieme dei testi raccolti come di *pater semper incertus*, in attesa di nuovi segnali magari da un altro pianeta...

12 Si ricordi che da f. 40 si apre la serie dei fogli di Évora che la Michaëlis giustappone in questa sezione di *A* (ff. 40r-45v).

13 La sequenza dei testi tra *A* e *B* è identica, salvo l'inserimento in *B* di un componimento (*B* 388=Tavani 44,3), tra l'undicesimo e il dodicesimo di *A*. Cfr. Arbor Aldea-Canettieri-Pulsoni (2004: 165-166).

Bibliografía

- Arbor Aldea, M. (2001): *O cancioneiro de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Arbor Aldea, M. (2009): “Escribir nas marxes, completar o texto: as notas ós versos do *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. Brea (coord.): *Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, pp. 49-72.
- Arbor Aldea, M. – Pulsoni, C. (2004): “Il *Cancioneiro da Ajuda* prima di Carolina Michaëlis (1904)”, *Critica del testo* 7, pp. 721-789.
- Arbor Aldea, M. – Pulsoni, C. (2006): “Per la storia del *Cancioneiro da Ajuda*: 1. Dalla sua compilazione a Ribeiro dos Santos”, *Parola del testo* 10, pp. 59-117.
- Arbor Aldea, M. – Canettieri, P. – Pulsoni, C. (2004): “Le forme metriche di Ajuda”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 145-175.
- Askins, A. L.-F. (1993): “Cancioneiro da Bancroft Library”, in *DLMGP*, pp. 118-119.
- Avalle, D’A. S. (1993): *I manoscritti della letteratura in lingua d’oc*, nuova ed. a cura di L. Leonardi. Torino: Einaudi.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1992): *As poesias de Martin Soares*. Vigo: Galaxia.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1993): “Martin Soares”, in *DLMGP*, pp. 441-444.
- Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, 2 vols.
- Cancioneiro da Ajuda* (1994): *Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda. Apresentação de M. C. de Matos, N. S. Pinheiro e F. G. C. Leão. Estudos de J. V. de Pina Martins, M. A. Ramos e F. G. C. Leão*. Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda.
- Diez, F. (1830): recensione a *Fragmentos de hum cancioneiro inedito...*, *Berliner Jahrbücher für Wissenschaftliche Kritik*, Februar, pp. 161-172.
- DLMGP* = Lanciani, G. – Tavani, G. (coord.) (1993): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Ferrari, A. (1993a): “Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)”, in *DLMGP*, pp. 119-123.
- Ferrari, A. (1993b): “Cancioneiro da Biblioteca Vaticana”, in *DLMGP*, pp. 123-126.
- Gonçalves, E. (1993): “Tradição manuscrita da poesia lírica”, in *DLMGP*, pp. 627-632.
- Gonçalves, E. (1994): “O sistema das rubricas atributivas e explicativas nos cancioneiros trovadorescos galego-portugueses”, in R. Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas, Universidade de Santiago de Compostela, 1989*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. VII, pp. 979-990.
- González Martínez, D. (2004): “Algúns problemas de atribución no *Cancioneiro da Ajuda*: o caso das cantigas A 68 e A 69”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos*

- despois. *Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 543-554.
- Longo, N. (2003): *Dom Afonso Sanchez. Le poesie*. Roma: Il Bagatto.
- Lorenzo Gradín, P. (2003): “Las razos gallego-portuguesas”, *Romania* 121, pp. 99-132.
- Lorenzo Gradín, P. (2008): “Colocci, los Lais de Bretanha y las rúbricas explicativas en B y V”, in M. Bernardi – C. Bologna (ed.): *Angelo Colocci e gli studi romanzi*. Città del Vaticano: Biblioteca Apostolica Vaticana, pp. 405-429.
- Michaëlis, C. (1990): *Cancioneiro da Ajuda, reimpressão da edição de Halle (1904), acrescentada de um prefácio de I. Castro*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Parrado Freire, A. G. (2004): “Algúns problemas de atribución no *Cancioneiro da Ajuda*: o caso das cantigas A 184 e A 291”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 555-564.
- Pillet, A. – Carstens, H. (1933): *Bibliographie der Troubadours*. Halle: Niemeyer.
- Pulsoni, C. (1994): “Nell’atelier del correttore del ms. provenzale L (Vat. lat. 3206)”, in R. Cierbide (ed.): *IV Congrès International de l’AIEO, Association internationale d’études occitanes. Vitoria-Gasteiz, 22-28 août 1993*. Vitoria: Ricardo Cierbide Martinena, vol. I, pp. 287-295.
- Pulsoni, C. (2001): *Repertorio delle attribuzioni discordanti nella lirica trobadorica*. Modena: Mucchi.
- Pulsoni, C. (2006a): “Il *Cancioneiro da Ajuda* e dintorni”, in V. Beltrán – M. Simó (ed.): *Trobadors a la Península Iberica*. Barcelona: Publicacions de l’Abadia de Montserrat, pp. 285-310.
- Pulsoni, C. (2006b): “Per un approccio bédieriano alle ‘vidas’: i codici IK e le loro fonti”, in *Liber, fragmenta, libellus prima e dopo Petrarca. Seminario internazionale (Bergamo, 23-25 ottobre 2003)*. Firenze: Sismel, pp. 115-134.
- Radaelli, A. (2005): *Il canzoniere provenzale C (Paris, Bibliothèque Nationale, fr. 856), INTAVULARE. Tavole di canzonieri romanzi*. Modena: Mucchi.
- Ramos, M. (1986): “O retorno da Guarvaya ao Paay”, *Cultura neolatina* 46, pp. 161-175.
- Ramos, M. (2004): “O cancionero ideal de D. Carolina”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 13-40.
- Ramos, M. (2007): “A edición diplomática do *Cancioneiro da Ajuda*”, in *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edição Diplomática de H. H. Carter*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, pp. 9-37.
- Raynouard, F. (1825): recensione a *Fragmento de hum Cancioneiro inedito...*, *Journal des Savants*, pp. 488-495, p. 489.
- Ribeiro Miranda, J. C. (2004): “O autor anónimo de A 36/ A 39”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 443-458.

- Sharrer, H. (1993): “Pergaminho Sharrer”, in *DLMGP*, pp. 534-536.
- Tavani, G. (1991): *A poesía lírica galego-portuguesa*. Vigo: Galaxia.
- Tavani, G. (2001): *Restauri testuali*. Roma: Il Bagatto.
- Tavani, G. (2002): *Tra Galizia e Provenza. Saggi sulla poesia medievale galego-portoghese*. Roma: Carocci.
- Tavani, G. (2004): “Carolina Michaëlis e a crítica do texto, cen anos despois da edición de Halle”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 55-65.
- Tomassetti, I. (2005): “Una glosa inédita al villancico *Dime, tú, señora, dí*”, in M. Pampín Barral – M. C. Parrilla (ed.): *Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001*. Noia: Toxosoutos, vol. III, pp. 573-590.
- Varnhagen, F. A. (1849): *Trovas e cantares de um codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, “o Livro das Cantigas” do Conde de Barcellos*. Madrid: Alexandre Gomes Fuentenebro.
- Zapico Barbeito, M. P. (2004): “As dúas cantigas do cancionero de Ajuda atribuídas a Pero Gomez Barroso”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 525-542.

Copistas, cancioneros, editores. Tres problemas para a lírica galega medieval

Giuseppe Tavani
Università di Roma “La Sapienza”

1. Copistas, cancioneros, editores: tres elementos fundamentais nos que se asentan os tres momentos cruciais da transcripción, da conservación e da interpretación-difusión de calquera documento lingüístico-literario dos períodos antigo e medieval, e que só coa invención da imprenta se modificará noutra tríade non menos importante para a transmisión do conxunto das obras escritas polos nosos antepasados: tipógrafos, editores, libeiros-bibliotecarios. Todos os que lidamos a cotío –ou case– coa lectura de textos medievais coñecemos perfectamente a relevancia que esa tríade ten para o noso traballo: sen os copistas non existirían os cancioneros, e sen os cancioneros non existirían os editores, que, polo tanto, deberíamos dedicarnos a outras actividades, tal vez máis aburridas ou menos divertidas –conforme o punto de vista do filólogo “interesado”–.

Pareceume necesario e oportuno ese recoñecemento previo da función ineludible da primeira non menos que da segunda das dúas tríades, antes de puntualizar o sentido do subtítulo da miña intervención, que quere suxerir que ás veces –no caso da lírica galega medieval– a primeira tríade, en lugar de estar formada polos tres elementos indispensables para lograr a fruición dos textos antigos e medievais, se transforma nunha tríade problemática: en efecto, os tres elementos, ou algún deles, poden revelarse –en calquera tradición, pero nalgunhas máis do que noutras– imperfectos ou defectuosos e tornarse problemas, isto é, perder a súa eficacia documental, ou reducila, causando impedimentos ou dificultades de vario xénero á fluidez do traballo hermenéutico, e incertezas respecto á validez dos resultados obtidos.

2. É evidente que a primeira tríade é a que nos interesa directamente, e en función sobre todo da poesía galega dos séculos XIII e XIV. Aquí, o primeiro dos problemas que encontramos –en relación co primeiro elemento da tríade– é o da fiabilidade dos copistas: porque non todos os copistas son fiables, ou non todos os copistas merecen o mesmo grao de confianza. E os que frecuentamos os cancioneros da lírica galega sabemos perfectamente que a credibilidade dos copistas de que se serviu Colocci é moito menos alta que a dos copistas do *Cancioneiro da Ajuda* ou do *Pergamiño Vindel*. Por varios motivos: pola distancia cronolóxica e especialmente cultural que os separaba do período de actividade dos poetas e de produción das cantigas, pola súa non propiamente excelsa profesionalidade, polo seu limitado coñecemento da lingua dos

textos que transcribían. É ben verdade que os exemplos de copistas perfectos non son moi frecuentes, pero é tamén verdade que os que se sucederon ou se alternaron na transcripción do Cancioneiro da Biblioteca Nacional e o que se responsabilizou da confección do da Vaticana non teñen dereito a entrar na categoría dos bos, aínda menos na dos mellores. E é a estes aos que quero aludir cando falo das dúbidas, dos enigmas, dos misterios, causados polos desvaríos que introduciron na copia que estaban efectuando e polos equívocos que eses desvaríos provocan. Hai pasaxes, nos cancioneros coloccianos, que se resistiron, ata agora, a todas as tentativas de descifración que varias xeracións de filólogos fixeron: pasaxes cuxa problematicidade parece orixinada por unha grafía ás veces confusa e enredada, por evidentes desacertos de lectura e de transcripción cometidos durante o traslado dos textos desde o modelo ás follas do fascículo en que se estaban copiando eses textos ou, nalgúns casos, por fallos do propio modelo.

Un lugar moi problemático, un verdadeiro quebracabezas, é o que encontramos na primeira estrofa dunha *cantiga de escarnio* de Pero Larouco: *De vós, senhor, quer' eu dizer verdade*, transcrito no f. 135r, 1ª columna, de *B* (nº 612) e no f. 30v, 1ª columna, de *V* (nº 214 de Monaci 1875). No *Repertorio metrico* a cantiga ten o nº 130,1 (Tavani 1967).

A lectura dos catro versos iniciais non presenta dificultades, a non ser a eventual hipometría (9 sílabas) do segundo e terceiro versos. A edición de Manuel Rodrigues Lapa é a seguinte (a de Graça Videira Lopes é practicamente a mesma):

De vós, senhor, quer' eu dizer verdade
e non já sobr' [o] amor que vos ei:
senhor, ben [moor] é vossa torpidade
de quantas outras eno mundo sei.

Neste texto, o enigma localízase no quinto verso, e máis exactamente nas sílabas finais; a transliteración do verso é:

B Assy defea come denhatmade
V assy defea có me de nhatidade

A este *locus criticus*, ningún dos poucos editores que publicaron a cantiga lle soubo encontrar unha solución aceptable:

Monaci (<i>V</i>):	assy desea cō me de nhatidade (mais no ms. lese distintamente <i>defea</i>)
Braga (<i>V</i>):	assy direy como de puridade
Machados (<i>B</i>):	Assy de fea come Denh – atinade (1949-1964, III: 259, nº 575)
Lapa:	assi de fea come de maldade (1970: 585, nº 397; falta na 1ª ed.)
Videira Lopes:	<i>assi de fea como de maldade</i> (2002: 429).

Á parte de Monaci, que se propuña reproducir apenas o que estaba no manuscrito (e que con todo leu mal o sintagma *defea*), Braga, que refixo case todo o verso, e os Machados, que dan unha transcripción da que non se percibe ben o sentido, o único que se fixou nas dificultades dese segmento final foi Rodrigues Lapa, que no texto propuxo, para *denhatmade/de nhatidade*, unha lectura *de maldade* (adoptada por Videira Lopes), mais no comentario –evidentemente insatisfeito– engade:

Restam outros recursos: *come d' alta idade* ou entón *come d' avildade* (em vez de *avoleza* = ruindade), vocábulo este, *avildade*, que aínda non vimos documentado, embora pudesse bem ser uma derivação de *ávil* = ávol).

E conclúe: “Outros termos, como *vaidade*, *catividade* ajustavam-se ao sentido, mas não à métrica”.

Parece máis que evidente que ningunha das conxecturas de Rodrigues Lapa pon remedio ás esixencias mínimas dunha restauración textual filoloxicamente correcta e que o propio editor se decatou da fragilidade da súa primeira opción e procurou outra ou outras máis pertinentes, aínda que en van, deixando o problema aberto. Con efecto, unha solución aceptable deste enigma non é fácil de encontrar, porque a colación entre os dous cancioneros –o seu testemuño coincide case perfectamente– neste caso non axuda: o códice da Vaticana, en xeral, deixa entrever –en situacións deste tipo– unha hipótese restaurativa, porque o seu copista, mais ignorante da lingua antiga, reproduce o que ve no modelo sen intentar nin sequera entender o que transcribe, a diferenza dalgúns dos copistas de *B*, que ás veces interveñen no texto, complicando unha situación xa bastante enmarañada. Pero no caso da cantiga de Pero Larouco, o acordo entre *B* e *V* no segmento *denha* e na rima *-ade* autorizan a conxecturar a presenza dun erro xa no modelo –ou nos modelos– dos dous manuscritos, e por tanto no arquetipo da tradición. Un problema de restauración que, a pesar dos moitos intentos que fixen, puiden resolver só por unhas suxestións de Manuel Ferreiro e de Stephen Parkinson aos que quero aquí manifestar publicamente o meu agradecemento.

O segmento *denhatmade/denhatidade* sería efectivamente o resultado dun erro do(s) modelo(s) como xulgaba eu, mais a súa interpretación deriva dun insuficiente coñecemento do galego no caso dos copistas e, no meu caso, da lingua das *Cantigas de Santa Maria*, onde o adxectivo *ẽato* ‘feo, suxo’ (**enatio* < **INAPTUS* por *INEPTUS*) –que Mettmann (1972: 112) interpreta como “sujo, feio”– implica a posible existencia dun substantivo deadxectivo *ẽatidade* que podería significar ‘fealdade, deformidade’ ou, mellor, ‘sucidade’. Así, o verso enigmático tornaría comprensible corrixindo *come* en *con*, e expunxindo o *d-* inicial de *denhatidade* que o copista pode ter inserido por suxestión do *d-* anterior: transcribindo *asi de fea con ẽatidade*, ‘de tal modo sodes

fea con deformidade (non soamente fea senón tamén deforme [ou sucia])’, o texto resultaría máis intelixible.

Déixolles a vostedes o encargo de encontrar outra solución: e no caso de toparen cunha máis axeitada e filoloxicamente aceptable –a saber, que sexa económica, implique o menor número de alteracións da lección manuscrita, se axuste perfectamente ao contexto lingüístico, semántico e métrico–, por favor, infórmenme.

3. Non todos os *loci critici* da tradición manuscrita da lírica galega son tan enigmáticos coma este, e a súa responsabilidade non pode con todo ser imputada integralmente aos dous amanuenses de *B* e *V*, porque en boa parte o culpable, ou polo menos un dos imputados, é probable que sexa o amanuense do arquetipo. Noutras circunstancias, as condicións de traballo do editor son menos frustrantes das que vimos no caso do verso de Pero Larouco. Porén, ao lado da dos copistas e dos cancioneiros, tamén a achega dos editores pode resultar problemática, é dicir, pode dificultar a comprensión do texto ou complicar a situación dun texto problemático formulando conxecturas inadecuadas ou inadmisibles, e as máis das veces inútiles.

Para ilustrar este aspecto, máis que falar en abstracto, convén evocar exemplos concretos: en anos pasados xa tiven a oportunidade de discutir algunhas solucións adoptadas por José Joaquim Nunes e por Manuel Rodrigues Lapa, e de propor solucións alternativas que, ao meu xuízo, eran máis pertinentes e máis respectuosas coa lección manuscrita, coa letra do texto e co contexto literario. Por veces, esas conxecturas espertaron o interese doutros investigadores, que formularon hipóteses alternativas ás miñas, que suscitaron un debate e contribuíron a reanimar os estudos sobre a lírica medieval. Evidentemente, non paga a pena falar de novo deses problemas ecdóticos, cuxas solucións son accesibles e poden ser consultadas nas revistas ou nas actas que as publicaron. Pola contra, paréceme interesante mencionar un caso de manipulación innecesaria da lección manuscrita, porque o “reo” desta vez é a máis ilustre filóloga da historia dos nosos estudos: dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos.

No primeiro volume da súa monumental e case perfecta edición do *Cancioneiro da Ajuda*, Carolina Michaëlis incluíu –entre moitas cantigas extraídas dos apógrafos italianos que, na opinión dela, debían completar o seu cancionero– unha cantiga de atribución dubidosa, *Quer’ eu agora ja meu coração* (Michaëlis 1904, I: 875-876), que *B* parece adxudicar a Afonso Fernandez Cebolilha (ou Cobolilha) e que *V* asigna a Men Rodriguez Tenoiro (*B* 400, f. 89r; *V*, f. 3v; n° 10 de Monaci 1875). Na estrofa final, os últimos tres versos son:

B hirey ueela e qirey falar cõ ou ã dy / ement^sla catar · Alhur catarey
V hirey veela e quey falar có ou ã dy, / e mentr'ela catar · Alhur, catarey

O texto presenta varios problemas. Algúns deles foron moi ben resolto; o que non se entende é a lectura que a ilustre filóloga fixo do último verso da estrofa, o que introduce o refrán:

Irei veê' la e quereí falar
con ousadi(a), e mentr' ela catar'
alhur, catarei [eu ela logu' enton].

Pareceume tan singular que dona Carolina –sempre tan coidadosa e tan mesurada nas súas intervencións– tivese interpretado mal as abreviaturas, nas que ademais os dous manuscritos coinciden, ata o punto de vulgar necesaria unha emenda, que pensei nun erro de imprenta: mais a tradución de “con ousadía” en rodapé –“mit unternahmen”, con intrepidez– e a inclusión do vocábulo no glosario con remisión única a este verso non deixan lugar a dúbidas. A editora non entendeu o significado do verso, cuxa lectura e interpretación non presenta ningunha dificultade; trátase simplemente dunha modalidade do tópico da “donna dello schermo”:

Irei veela, e quereí falar
con outra d' i. E mentr' ela catar
alhur, catarei eu ela logu' enton.

É dicir: ‘Irei visitala (irei onde ela se encontra) e falarei (entretireime) con outra dama presente nese mesmo lugar. E cando ela mire para outro lado, entón eu mirarei para ela’.

Que dicir? *Quandoque bonus dormitat Homerus.*

4. Para concluír, quería presentar dúas propostas de restauración: e para facelo, tirei todo o proveito posible dalgúns traballos non moi recentes pero aínda inéditos –porque estaban destinados a misceláneas que hai anos que tardan en saír, e que seica nunca se publicarán–.

4.1. A primeira cantiga que nos interesa, en tradición única (*B* [468^{bis}]; cfr. Tavani 1967: 98), vén logo despois da segunda das dúas cantigas marianas de Afonso o Sabio, da que está separada por un breve espazo en branco correspondente a dúas liñas de escrita –máis ou menos o mesmo que o amanuense adoptaba en xeral para separar, un doutro, textos diferentes–, mais mentres o texto mariano foi regularmente numerado, o seguinte non resulta evidenciado polo algarismo que lle competía por dereito (469) e que, ao contrario, pasou a distinguir a *cantiga de amor* sucesiva, *Pois que m' ei ora d' alongar*. Evidentemente, Colocci (que debeu numerar os textos de *B* só cando a transcripción do códice fora completada polos amanuenses) non se decatou da indicación implicitamente disxuntiva que o copista introducira con ese espazo en branco,

talvez porque –enganado quer pola entoación ambigualmente profana do *incipit* (*Falar quer' eu da senhor ben cousida*), quer pola brevidade desta cantiga (que conta apenas cunha estrofa de oito versos)– xulgou que *Ben sabia eu, mha senhor*, en vez de ser un texto autónomo, era a prosecución da cantiga anterior, que esta completaría, e por iso puido considerar impropio numerala.

A cantiga está organizada en tres estrofas, cada unha de 10 versos, octosílabos masculinos os versos impares, heptasílabos femininos os pares, exceptuados o sétimo e o noveno, trisílabos masculinos que riman entre si e co oitavo e o décimo, cos que forman unha especie de *cauda* monorrima (nótese a rima interna do v. 28):

a	b	a	b	a	b	c	c	c	c
8	7'	8	7'	8	7'	3	8	3	8 ¹

Rimas

a: or, is, ir

b: isse, ado, osso

c: ar, am, ei

A miña proposta de lectura é a seguinte:

Ben sabia eu, mha senhor, que, poys m' eu de vós partisse, que nunca veria sabor de rem, poys vos eu non visse, porque vós sodes a melhor	5
dona de que nunca oysse hom falar: ca o vosso bon semelhar sey que par nunca lh' homen pode<r'> achar.	10
E poys que o Deus assy quis, que eu son tam alongado de vós, muy bem seede fiz que nunca eu sen cuydado én viverey, ca ja Paris	15
d' amor non foy tam coitado, nen Tristam: nunca sofreron tal afam, nen <tenr>am, <todos> quantos som nen seram.	20

1 Esquema que debe substituír a aquel (8 7' 8 7' 8 7' 3 8 3 7) de Tavani (1967, 70:1).

Que farey eu, poys que non vir
o muy bon parecer vosso?
Ca o mal que vos foy ferir,
aquele <mal> x' est o nosso!
E por ende per rem partir 25
de vos muit' amar non posso
nen farey:
ante ben sey ca morrerey
se non ey
vós que <eu> sempre y amey. 30

2. men de uos 3. veeria 4. Rem 7. homen falar 8. bõo sse melhar 9-10. Sey que par
nũcalhomẽ pedachar 12. ssõo 15. Eu uiuerey 17-20. Nen tristam nunca soffrerõ | Tal
affam [?] am q[uan]tos som | Nen seeram 24. Aquele xestonosso (*á marxe, escasa-
mente lexible e doutra man, parece posible individuar mal*) 27. Nen farey ante ben sey
camoیرهrey | se non ey uos que semprey amey.

Lecturas de Nunes (1932: 52-54):

7. homem falar 9-10. par nunca lh' omen pod' echar 15. eu viverey 17. [e] nen Tristam
19-20. nen am quantos som, nen se(e)ram 24. aquel' é meu e non vosso 25. per sem
partir 27. nen [o] farey 29-30. se non ey vós que semp' amey.

Lecturas de Paredes (2001: 141-154):

3. nunc' aveeria 7. hom(en) falar 10. pod' achar 17. Tristan; 15. en viverei 19. [e] nen an
20. quantos son nen seeran 23. que os foi ferir 24. aquele, x' este o nosso 25. porende
30. vós, que sempre i amei.

Os primeiros problemas que chaman a atención son os relativos á medida dos versos, e non esixen intervencións demasiado onerosas. En primeiro lugar, a hipermetría do v. 7 (*homen falar*) –sobre a que Nunes non intervén mentres que Paredes propón, mais non efectúa, a expunción da segunda sílaba– pode ser saneada sen dificultade reducindo o suxeito de persoal a impersonal (*homen > hom*). Máis delicadas son as medidas para reducir ao trisilabismo –comprobado polos vv. 9 (*sey que par*), 17 (*nen Tristam*), 27 (*nen farey*) e 29 (*se non ey*)– o v. 19, que presenta algunhas dificultades de lectura na secuencia gráfica sucesiva ao termo *afam*²: entre esta palabra e o grupo gráfico *am* parece posible distinguir rastros dunha operación autocorrectiva, pois

2 O copista non previu, senón por *homen falar*, a autonomía gráfica dos versos breves, que Nunes doutra parte non sempre evidenciou na súa edición; e tamén na parte final da II e III estrofas a escrita é prevalentemente continua.

o copista –sobre un probable (pero sempre hipotético) *te* coroado por un trazo horizontal que corta o *t* e se prolonga encima do *e*– inseriu, ou máis ben sobrepuxo, un *n*. A hipótese de lectura adoptada nesta edición (<*tenr*>*am*), absolutamente conxectural, corresponde porén máis ao sentido que debería ter a frase no contexto, do que ao propio material codicológico, ou polo menos aos sinais que parece posible identificar e que se presentan como un auténtico garabato gráfico. Non parece, polo contrario, aceptable a solución dos outros editores, coa redución deste segmento textual a un simple *nem am* (Nunes, con hipometría) ou [*e*] *nen an* (Paredes). E considerando que para os vv. 7º e 9º de cada estrofa o poeta tiña previsto a medida trisilábica (característica estrutural da que Nunes non se deu conta), será indispensable –ademais da redución de *home* a *hom*–:

– recuperar, como fixo Juan Paredes, a lección manuscrita dos vv. 9-10, que Nunes, alén de reproducir a escrita continua do copista, alterou suprimindo o segmento *sey que*, esencial para a estrutura tanto métrico-estrófica como sintáctica;

– rexeitar, aquí tamén de acordo con Paredes, a integración dun [*e*] e dun [*o*] con que Nunes quixo restituír respectivamente aos vv. 17 e 27 unha improbable medida cuadrilábica, adoptada por el na base do v. 7, mais que contrasta coa medida claramente trisilábica dos outros versos breves, e que é confirmada pola rima.

O copista de *B*, que intentou distribuír por versos o texto que no seu modelo aparecía moi probablemente rexistrado en escrita continua, non se decatou, en canto transcribía as últimas liñas de cada estrofa, da necesidade de illar os versos breves; Nunes non reparou na incongruencia desta disposición da letra textual e nas anomalías que esa disposición provocaba na medida silábica e na distribución das rimas:

– o v. 10 (octosílabo masculino) resulta na súa edición (e na de Paredes) hipómetro, pero o erro en que incorreu o copista (*pedachar*) –e que Nunes quixo corrixir en *pod' echar*– revela ao meu ver a existencia dun *locus criticus* emendable modificando o presente *pode*, implícito no segmento gráfico, nun máis congruente condicional (*poderia*) ou nun futuro (*poderá*), menos pertinente este, pois comportaría un hiato moi duro entre a vogal final do hipotético *poderá* e a vogal inicial da palabra seguinte;

– o v. 20 (octosílabo masculino como o v. 10) precisa igualmente dunha intervención editorial, para sanear a hipometría (dúas sílabas): a proposta de inserir <*todos*> antes de *quantos* parece xustificada, xa que restituíe a isometría completando de xeito coherente a expresión *quantos son nen seran*;

– outro *locus criticus* no v. 24: Nunes resolveu radicalmente o problema modificando a lección manuscrita que, ao contrario, esixe apenas unha integración; unha integración se cadra suxerida polo propio códice, no que, ao lado da columna de escrita e en correspondencia co verso incompleto, se le unha nota dunha man diferente que se podería interpretar como *mal*; alén diso, a palabra en rima é con certeza *nosso* (como decidiu tamén Paredes, e non *vosso*, segundo a emenda de Nunes): en

efecto, o poeta precisa despois que o mal que feriu a *senhor* é o mesmo que o fará morrer, lonxe da persoa amada;

– o v. 30, hipómetro (falta unha sílaba), pode ser restituído ao isosilabismo introducindo na frase o pronome suxeito, que a propia estrutura sintáctica parece esixir, e que institúe unha relación expresivamente importante co *vós* do inicio do verso.

4.2. A segunda proposta que quero ilustrar é doutro xénero: agora non se trata de intentar restituír un texto á estrutura conxecturalmente máis próxima posible á do arquetipo, senón de examinar a colocación de dous versos que nos cancioneros parecen descontextualizados.

Nos dous apógrafos italianos –en *B* no f. 225r, en *V* no f. 103v– os respectivos amanuenses transcribiron dous versos, o segundo deles sen a sílaba final da palabra rimante, separados en ambos os manuscritos por un espazo de dúas liñas da última estrofa do texto precedente. Este, á súa vez, é a última dunha serie de seis *cantigas de amor* concordemente atribuídas ao trovador Martin Perez Alvin, membro da nobreza portuguesa, activo entre 1292 e, ao menos, 1326, período durante o que se documenta a súa presenza quer na corte de don Dinis quer na de Sancho IV: probablemente, cando tamén as frecuentaba o seu medio irmán, Johan Lobeira, vasalo do príncipe Afonso, fillo segundo de Afonso III de Portugal e polo tanto irmán máis novo do propio don Dinis.

Os dous versos en cuestión foron ata agora considerados un fragmento dunha sétima cantiga de Martin Perez: o propio Colocci, nas apostilas que fixo no seu cancionero maior e na numeración dos textos, tratáraos como o único residuo supérstite dunha cantiga perdida ou extraviada, e ratificara a súa condición de fragmento atribuíndolle un número (1059) e marcándoos cunha cruz (+), que el habitualmente usaba para sinalar *loci critici* ou anomalías merecedoras de atención. A situación no *Cancioneiro da Vaticana* é diferente: aquí, como se sabe, os textos non foron numerados, e os únicos algarismos que aparecen –algúns romanos, outros árabes– amosan ser máis ben o resultado dunha ou máis colacións feitas sobre outro códice, diferente do modelo de *V*, como procurei evidenciar nunha conferencia pronunciada nun congreso cuxas actas acaban de publicarse (despois de moitos anos: Tavani 2008). Porén, Ernesto Monaci, na súa edición diplomática de *V*, numerou os textos, comportándose como Colocci, a saber, atribuíndo aos dous versos o número progresivo 649; e creo que o fixo independentemente de Colocci, porque a data de publicación da súa edición (1875) é a mesma da descuberta de *B* na biblioteca dos condes Brancuti por parte de Costantino Corvisieri, que deu noticia do achado a Enrico Molteni. Á vista destes antecedentes, quer Nunes quer os Machado seguiron o mesmo criterio, e trataron os dous versos como un residuo dunha *cantiga de amor* perdida.

Na edición dixitalizada do *Repertorio metrico*, xurdiu o problema da clasificación destes dous versos, que na edición en papel definira, dubitativamente, “fragmento”. Un novo exame sistemático dos elementos textuais, contextuais e paratextuais converteume de que non se trataba dun fragmento, senón de que os dous versos formaban parte da cantiga precedente, da que constituían probablemente a finda.

Parece oportuno repropor previamente a cantiga enteira (Tavani 1967, 96,6), nunha nova lectura que inclúe os dous versos desa hipotética finda:

– Señor fremosa, si veja prazer!
 Pois vus non vi, ouvi tan gran pesar
 que nunca mi Deus d’ al prazer quis dar!
 – Como podestes tanto mal sofrer?
 – Cuidei en vós e por esto guari, 5
 que non vivera ren do que vevi!

– Señor fremosa, direi-vus eu al
 e creed’ esto, meu lum’ e meu ben:
 pois vus non vi, non vi prazer de ren!
 – Como podestes sofrer tanto mal? 10
 – Cuidei en vós <e por esto guari,
 que non vivera ren do que vevi!>

– Creede, lume destes olhus meus,
 que des que vus eu non puidi veer,
 pero <ve>via, nunca vi prazer! 15
 – Como sofrestes tanto mal, por Deus?
 – Cuidei en vós <e por esto guari,
 que non vivera ren do que vevi!>

E eu, mia senhor, non ei poder
 de me de vós poder qui<tar>! 20

– Señor fermosa, quen me dera verme axiña en ledicia! Desde que non vos vin, tiven tan gran pesar, xa que Deus non me quixo conceder outro pracer!
 – Como puidestes tan gran mal sufrir?
 – Pensei en vós, e por iso sobrevivín; de non ser así, non viviría canto vivín!

– Señor fermosa, direivos aínda máis, e crédeme, miña luz e meu ben: desde que non vos vin, nada máis me deu pracer!
 – Como puidestes sufrir tan gran mal?
 – Pensei en vós, e por iso sobrevivín; de non ser así, non viviría canto vivín!

- Crédeme, luz destes meus ollos, desde que non vos puiden ver, aínda que vivise, nunca vin pracer!
- Como aturastes tanto mal, por Deus?
- Pensei en vós, e por iso sobrevivín; de non ser así, non viviría canto vivín!

E eu, miña señora, non teño forza para poder separarme de vós!

O texto, dialogado, desenvólvese dunha estrofa á outra por iteración paralelística de tipo semántico (repetición do mesmo concepto con lexemas e sintagmas en parte distintos), a excepción do último verso da estrofa, onde o paralelismo se torna literal, coa iteración dos mesmos segmentos textuais dispostos en parte na mesma orde, en parte en sucesión diversa, para adecuar a palabra rimante á do primeiro verso.

A estrutura métrica é das máis simples e usuais: *abbaCC*, formada por decasílabos masculinos. A unha estrutura deste xénero pode parecer impropio xuntar os dous versos dos que estamos falando. Polo xeral, a finda, como a *tornada* dos provenzais, o *envoi* dos franceses ou o *congedo* dos italianos, retoma as rimas dos versos finais da última estrofa: nos dous esquemas máis utilizados polos trovadores peninsulares –*abbaCC* e *abbacca*– a conclusión, cando a hai, consiste nun dístico *cc* no primeiro caso e nun trístico *cca* no outro, ambos os dous da mesma medida do refrán ou, respectivamente, da última estrofa da cantiga. Mais as excepcións son moitas.

Para o esquema *abbacca*, por exemplo, achamos findas anómalas do tipo *aa* (sirventés moral de Martin Moxa, *RM* 94,2), *aab* (tenzón entre Men Rodriguez Tenoiro e Juião Bolseiro, *RM* 101,5), *bba* (*cantiga de amor* de Johan Perez d’ Aboim, *RM* 75,7), *dda* (tenzón entre Johan Soarez Coelho e Picandon, *RM* 79,52), *dde* (*cantiga de escarnio* de Johan Velho de Pedrogaez, *RM* 82,1), e así en diante; e para *abbaCC* temos aínda unha finda con rimas *aa* (*cantiga de amigo* de Fernand’ Esquio, *RM* 38,5; e *cantiga de amor* de Johan Lopez de Ulhoa, *RM* 72,14), *ac* (*cantiga de amor* de don Dinis, *RM* 25,36), *dd* (*cantiga de amor* de Johan Soarez Coelho, *RM* 79,48; *cantiga de amigo* de Martin Padrozelos, *RM* 95,3) e ata dúas findas *aa* e *bb* no mesmo texto (*cantiga de amigo* de Estevan Travanca, *RM* 36,1). Noutros textos é frecuente un tipo de finda que retoma a primeira e a última rima da estrofa, e en moitos outros de *coblas singulares* as rimas do dístico ou trístico final non son as da derradeira cobra mais da primeira (por exemplo, nunha *cantiga de amigo* de Johan Airas, *abbcac* con finda *ac* rimada sobre a primeira estrofa, *RM* 63,11), ou tamén, en textos con cobras parcialmente unisonantes, as primeiras dúas rimas comúns (por exemplo, nunha *cantiga de amor* de Martin Soarez con esquema *abbaccb* e con finda *aab*, *RM* 97,14).

Pero o que máis interesa é que non é raro que a medida silábica dos versos finais sexa diferente da dos versos da estrofa, xa pola adopción de rimas femininas fronte ás rimas masculinas do texto, xa pola diferente medida dos versos: véxase o caso dunha

cantiga de escarnio de Estevan da Guarda (*RM* 30,6) coas estrofas de decasílabos do tipo *abbacca* e a finda *ddca* con versos 7' 3' 5 10'; ou dunha *cantiga de amigo* (dialogada) de Lourenço (*RM* 88,5) co esquema *abbaCC* e as findas *cc* de dous octosílabos (contra un refrán 8C:10C); ou aínda dunha finda *dd* de dous decasílabos (contra un refrán de dous octosílabos) nunha *cantiga de amor* de Johan Soares Coelho (*RM* 79,48). Estendendo a comparación a outros esquemas métricos máis complexos (ou ata máis elementais) dos dous examinados, estou convencido de que se poderían achar excepcións á regra xeral incluso maiores das que acabo de amosar para as dúas fórmulas mais comúns.

Polo tanto, á luz destes datos, que a medida dos dous versos do n° 1059 sexa inferior á da cantiga 1058 e que eses versos rimen cos primeiros versos da primeira estrofa non parece un obstáculo insuperable para consideralos a parte final –a finda– da cantiga 1058 en vez dun fragmento residuo dunha cantiga perdida.

Bibliografía

- Braga, Th. (1878): *Cancioneiro Portuguez da Vaticana. Edição critica restituída sobre o texto diplomatico de Halle*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Lapa, M. Rodrigues (1970): *Cantigas d' Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*. Vigo: Galaxia [2ª ed.; 1ª ed. 1965].
11 Reproducimos deseguido as notas descritivas dos actuais cadernos III e IV: “(...) en la actual situación del códice, se han unido, con material moderno, sobre el que pasa la costura, los ff. 16 y 17, dos folios procedentes de Évora, de tamaño más reducido, que ahora forman un bifolio, y que debían circular sueltos, como indican las copias hechas sobre estos materiales y como también ha referido Ramos (2004: 28-30; 2005: 1338-1340). Como consecuencia de esta decisión, han desaparecido, asimismo, los supuestos homólogos de estos folios. Como ya he señalado, C. Michaëlis representaba los ff. 16 y 17 unidos. En este fascículo falta, además, el homólogo del f. 19; en su lugar, en el códice se aprecia, como se indicaba en 1994, y a diferencia de cuanto refería C. Michaëlis, la existencia de una pestaña moderna, de ca. 3 cm. // 4. la organización del actual fascículo IV coincide con la descrita en 1904 y 1994; en correspondencia con el homólogo del f. 24, ausente, hoy se observa en el códice un talón moderno de ca. 3 cm., de acuerdo con cuanto se señalaba en 1994, y en contraste con las indicaciones de C. Michaëlis, que refería la existencia en ese lugar de un talón

(1994), permite apreciar que foron recollidas: a) no f. 15r, as cantigas A 62 (*Pois non ei de don // alvira*) e A 63 (*Nunca tan coitad ome por moller*), “com complexa atribuição” (Ramos 2005: 1339) e que consideramos anónimas¹²; b) no f. 16rv, catro cantigas de Airas Carpancho, “com final da col.d em branco” (Ramos 2005: 1339); c) no f. 17r dúas cantigas que atribuímos, seguindo os argumentos utilizados en *MedDB*, a Nuno Rodriguez de Candarei; e d) nos ff. 18-19, as nove primeiras cantigas de Nuno Fernandez Torneol e os tres primeiros versos e a metade do cuarto da primeira cobra da cantiga *[A]y mia fennor u non iaz al* (A 79).

O primeiro folio do caderno IV, o f. 20, recolle no seu recto os restantes versos de A 79, a totalidade da cantiga *Pois naçi nunca ui amor* (A 80) e as tres primeiras cobras do texto *Preguntan me por que ando san // deu* (A 81). No verso deste folio foron copiados, por tanto, o verso abreviado do refrán da terceira cobra e a totalidade da cuarta cobra da cantiga A 81, composición que cerra o ciclo das cantigas de Nuno Fernandez Torneol neste manuscrito. Deixouse, polo tanto, máis dunha columna e media de espazo en branco que marca o final da serie¹³. Esta colocación de contigüidade entre os cadernos III e IV, tal e como indica Ramos (2005: 1340),

não permitindo a reconstituição de um ou dois bifólios perdidos que perfizessem o paralelismo com os dois primitivos cadernos que deveriam ser, como vimos, quínios, comprova a irregularidade manifesta na composição de cada um dos cadernos do códice.

O caderno IV presenta dúas lacunas, a VIII –con pestana nova– e a IX –con talón orixinal–, cuxos homólogos son, respectivamente, os ff. 24 e 21; conclúe Ramos afirmando que resulta difícil conxectar o contido existente na primeira destas dúas lacunas, perceptíbel a través da pestana nova engadida durante a última restauración, cun folio de extensión e sita entre os ff. 20 e 21, onde se inicia a copia do ciclo de cantigas atribuídas en B e V a Pero Garcia Buralês. Por tanto,

remanente de un folio primitivo. Sí se conservan vestigios, como había señalado la estudiosa alemana, de un folio cortado en correspondencia con el f. 21 –queda un talón que en su parte más ancha mide ca. 1,5 cm.–. Se observa la interrupción de la secuencia pelo/pelo en el paso del f. 20v (pelo) al 21r (carne) –no hay ruptura textual, puesto que el f. 20v concluye ciclo poético, inaugurándose el f. 21r con miniatura– y en el paso del f. 23v (pelo), que se cierra con una pieza fragmentaria, al f. 24r (carne)” (Arbor Aldea 2009b: 115).

12 Seguimos a argumentación que aparece recollida na *MedDB*: “As cantigas 157,34^{bis} e 157,43^{bis} están en A 62-63 (fol. 15), precedidas da miniatura II. En B 173-174 aparecen atribuídas a Martín Soarez, pero a serie deste trobador en A (40-61) está perfectamente separada destas dúas cantigas, polo que, pese a que Michaëlis, CA, II, pp. 131-133, propuxera como alternativa a autoría de Roi Gomez de Briteiros, parece máis prudente mantelas no anonimato” (*MedDB*, <<http://www.cirp.es>>; última consulta, 15/07/2009).

13 Como se verá máis adiante, non se reproduce, por tanto, en A a última *cantiga de amor* que B atribúe a Nuno Fernandez Torneol: B 185^a *Affy me traiora cou ad amor*.

Ou tínhamos ainda um fólio em branco na sequência do anterior que aguardaria outro material deste trovador, ou então estaríamos perante um breve ciclo de poemas de um outro trovador que ocuparia apenas este fólio, à semelhança do que ocorre no caderno III com os ciclos breves. A cantiga de amor *B* 185bis, “Assy me traj’ ora coitad’ amor”, tal como previa Michaëlis (1904, I, 172), que se encontra em *B*, com atribuição a NuFdzTor, não necessitaria de toda esta extensão para as suas três estrofes e *refram* (Ramos 2005: 1342).

Como é habitual neste códice, o conxunto de composicións de Nuno Fernandez Torneol ábrese cunha miniatura situada no inicio do primeiro folio no que se copian as composicións dun autor (Ramos 1994: 31), neste caso na col. a do f. 18r¹⁴.

A viñeta que abre o ciclo deste trovador atópase entre as dezaseis primeiras do códice; de entre estas dezaseis miniaturas, C. Michaëlis marcou cun asterisco as de Johan Soarez Somesso, Airas Carpancho, Nuno Fernandez Torneol e Johan Soarez Coelho, para salientar que as cores e as sombras das roupaxes e do fondo arquitectónico son tan incertos nestes casos que o pintor parece que estivese a ensaiar as tintas (Michaëlis 1990, II: 159).

Coma no resto das miniaturas conservadas en *A*, nesta viñeta podemos observar unha moldura arquitectónica que “accusa, em harmonia com a letra, pelo stylo de transição, gothico (cheio de reminiscencias romanicas) os fins do sec. XIII ou a primeira metade de sec. XIV” (Michaëlis 1990, II: 160). As columnas que se aprecian na viñeta como é habitual son longas e estreitas, posúen capiteis de ampla follaxe e sustentan un arco oxival, neste caso, de sete lóbulos, que enmarca a escena. Na metade superior da viñeta pódense apreciar dous torreóns que flanquean a construción que se observa na parte máis alta do deseño; no centro, entre as torres, obsérvase unha edificación que ocupa dous terzos do ancho da miniatura (Michaëlis 1990, II: 160).

A escena lírica sitúase nunha sala con tres fiestras ao fondo –as exteriores teñen forma rectangular, a do centro é redonda–, e está formada por tres figuras humanas simetricamente enmarcadas baixo a arcada. Coma na maior parte das viñetas, o músico sitúase no centro e toca de pé; á esquerda, sentado nun escabel cuberto por un tapete, aparece un personaxe nobre de saia longa, coas pernas cruzadas e “em attitude e com gestos de quem ensina, bate o compasso, ou escuta. Debe representar o mestre-trovador” (Michaëlis 1990, II: 160). Fronte a el, no centro, aparece o xograr *executante* que viste

14 Unha das máis importantes descrições existentes sobre as viñetas do códice foi realizada por Michaëlis (1990, II: 158-163). Tal e como indica a filóloga (1990, II: 158), “nem uma das vinhetas foi acabada. Em algumas poucas das dezaseis que estão delineadas, (1-16) o pintor começou a colorir as roupagens e as molduras arquitectonicas, mas ainda sem as sombras, e de modo tão incerto como se marcasse ou ensaiasse as tintas. Em outras treze (17-29) temos o espaço reservado para a vinheta: uns 100 a 115 millímetros quadrados, ou seja 16 linhas da pauta, com mais 8 para a capital. Nove vezes falta-nos a primeira folha dos cancionerinhos individuais que começam no meio de uma cantiga, precedidos, conforme expliquei, de algum espaço em branco”.

un saio curto, tocando un instrumento de corda (neste caso, unha cítola). Á dereita da escena aparece unha rapariga vestida con roupas longas que lle cubren o corpo até os pés; nesta viñeta non toca percusión e parece cantar, segundo Michaëlis “com voz que devemos supphôr fresca e um tanto acre, como laranjas em março” (1990, II: 161). Todas as formas humanas destacan pola súa esbeltez, segundo indica Michaëlis, semellante ao estilo francés (1990, II: 161): o rostro dos homes non ten barba, o cabelo é longo e ás veces ondulado, posúen trazos faciais fortes, etc.

A filóloga alemá completa a descrición desta viñeta, coas seguintes palabras: “5.^a Id. [mestre]; jogral com guitarra; cantadeira” (Michaëlis 1990, II: 162). Nótese que Ferreira especifica que o instrumento que toca o xogar neste caso é unha cítola: “(V) Fol. 18/58r (p. 113), ‘Ir uus queredes, mia sennor’ [A 70] – nobre, jogral com cítola, rapariga” (Ferreira 2004: 186).

A serie de *cantigas de amor* de Nuno Fernandez Torneol está integrada, por tanto, por doce cantigas (A 70-81). A pesar de que o cancionero non posúe paratextos que permitan atribuír as composicións a un autor concreto, sen empregar outros elementos de contraste da tradición manuscrita, o certo é que cada ciclo de autor vén marcado normal e formalmente por unha viñeta inicial, semellante á que vimos de describir, e por unha capital que indica o inicio de cada cancionero de autor. Cada unha destas doce composicións posúe, ademais, unha decoración secundaria que, seguindo a dinámica xeral do manuscrito, foi completada tan só en certa medida¹⁵. A capital da composición *IR uus queredes mia fennor* (A 70), que inicia o ciclo deste autor, foi deliñada por acompañar unha das viñetas máis completas do códice –as únicas que presentan esta capital trazada– e posúe un tamaño maior cós restantes tipos de iniciais (Arbor Aldea 2008: [26]).

Con respecto ás iniciais de cantiga, debemos salienta que tan só non presentan a capital pintada en cor azul ou vermella as composicións A 71, A 77 e A 79. No en-

15 Deste xeito, Arbor Aldea (2008: [26]) describe que as restantes iniciais do códice se encontran “en distintas medidas, ó comezo de cantiga, de estrofa, de refrán e de fiinda. Pintadas alternativamente en azul e vermello, poden estar inscritas en base cadrada e estar dotadas de ornamentación. Debe sinalarse, non obstante, que moitas desas iniciais non se debuxaron, a pesar da presenza constante da minúscula de espera que serve de guía para o rubricador. Así, os tres primeiros cadernos teñen todas as súas iniciais pintadas, con contadas excepcións; no caderno IV, porén, apréciase xa un número importante de iniciais en branco e no V, a partir do f. 27v, estas non se trazaron. O traballo continuouse a partir do f. 32v, proseguindo de modo irregular nos folios seguintes, ata o f. 76v, no que o labor de decoración, asistemático, se detén definitivamente. Débese indicar, tamén, que as iniciais de cantiga inscritas en base cadrada con ornamentos se encontran só nos dous primeiros fascículos de A –un exemplo illado obsérvase no f. 55v–, simplificándose, ou por cambio de artista ou por condicións de traballo desfavorables, o sistema decorativo a partir do fascículo III do cancionero, que pasa a ter como elementos característicos as iniciais apenas rubricadas en azul e vermello. A falta destas iniciais, que se sucede ó longo do códice, pode deberse á ausencia da cor adecuada –o azul é a que falta con máis frecuencia– ou á simple suspensión dos traballos de preparación do cancionero”.

tanto, a alternancia entre as cores mencionadas mantívose intacta para as outras oito cantigas, salvo para A 80 e A 81, que rompen a sucesión cromática, posibelmente debido a que o rubricador non tivo en conta que a capital non trazada da cantiga A 79 debía ir pintada de azul.

As restantes iniciais, de cobra e refrán, non foron pintadas na maior parte das composicións, se ben poden observarse as “letras de espera ou aviso” destinadas ao rubricador (Arbor Aldea 2008: [28]). Debemos salientar, tamén, que predominan as iniciais deseñadas en cor vermella e que, por estar copiadas nos cadernos III e IV, o ciclo deste autor non presenta iniciais inscritas en base cadrada.

A primeira cobra de cada unha das cantigas contempla espazo en branco interlineal para a notación musical que, en ningún caso, foi transcrita. No entanto, algúns vestixios da música poden ser vistos nos textos, xa que, tal como intuía Michaëlis,

A primeira estrophe de cada poesía está escripta como prosa, aparecendo as palabras de longe em longe syllabadas, como para solfa: *en ue ia* por *enveja*; *per der ei* por *perderei*. E entre esses versos iniciais, lançados pelo systema indicado, ficam sempre, sem excepção, espaços de tres linhas em branco, reservadas evidentemente para notação musical (1990: II, 142).

No caso das *cantigas de amor* de Nuno Fernandez Torneol presentes en A, Ramos (1995: 710) sinala, como vestixios desa notación musical, a separación silábica no *mia...gora* (A) –*magora* (B)– do v. 1 da cantiga *Quando mia gora for e mialongar* e o *en...cobrir* (A) –*encorbrir* (B)– do v. 1 da cantiga *[Q]ue ben que meu fei en cobrir*. Nun traballo posterior, Ferreira (2004: 198) exclúe da listaxe de Ramos –que recolle cincuenta e oito exemplos– os casos que poden suscitar algunha dúbida e inclúe outros novos por el observados. Deste xeito, entre outros, queda fóra o segundo dos vestixios achegados pola investigadora portuguesa que vimos de referir.

Na seguinte listaxe recóllese a disposición que as cantigas presentan en A:

- A 70. IR uus queredes mia fennor.
- A 71. [A]meu tan muito mia fennor.
- A 72. Par deus fennor en gran coita || ferei.
- A 73. ORa ueg eu que me non fara || ben.
- A 74. QVe prol uus a uos mia fennor
- A 75. QVereu a deus rogar de coraçon
- A 76. Quando mia gora for e mialongar
- A 77. [Q]ue ben que meu fei en cobrir./
- A 78. Aý eu demin τ que fera /
- A 79. [A]y mia fennor u non iaz al.
- A 80. POis naçi nunca ui amor /
- A 81. PReguntan me por que ando fan || deu./

Os textos foron copiados regularmente, resultando rechamante que a cantiga A 73 sexa monostrófica, aínda cando o copista deixou un espazo en branco que permite entrever a ausencia de dúas posíbeis cobras que nunca foron copiadas¹⁶. Este texto ofrécenos, por tanto, dúas importantes cuestións que debemos analizar: esta cantiga está incompleta? Por que foi deixado premeditadamente un amplo espazo en branco tras desta única estrofa?

Os espazos en branco que presenta o cancionero e as cantigas fragmentarias da lírica galego-portuguesa foron tratados en distintos estudos realizados por Ramos (1986, 2006). A filóloga portuguesa diferencia catro tipos de brancos¹⁷ no manuscrito e sinala tamén a existencia de vinte e cinco casos¹⁸ nos que o texto que recolle A está incompleto. Destes exemplos, referidos en nota, vinte e un presentan un espazo baleiro ao final de composición, non coincidente con fin de ciclo de autor e suficiente para recoller máis unha ou dúas cobras e, nalgúns casos, incluso unha *fiinda* (Ramos 1986: 220); isto levou á autora a pensar, no seu momento, que estes baleiros textuais podían ser explicados por un posíbel “comportament de philologue” por parte do compilador (Ramos 1986: 220)¹⁹. Sobre esta ampla análise que fai a autora deben salientarse varios

16 Este espazo para dúas cobras máis non foi deixado no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (B 186, f. 46r, col. b).

17 “Nous pouvons faire, tout de suite, un premier classement de ces vides: 1. blancs destinés à une décoration qu’on n’a pas tracée; 2. blancs destinés à des textes qu’on n’a pas écrits; 3. blancs destinés à identifier les auteurs; 4. blancs destinés à la musique”. Dentro do segundo grupo, “Des uns se trouvent à la fin d’un poème, des autres à la fin du cycle de compositions d’un auteur” (Ramos 1986: 217, 219).

18 No traballo do ano 1986, Ramos menciona os vinte e un casos en que *Ajuda* presenta espazo en branco despois de composición, afirmando que en dezaseis destes as dimensións dos poemas son idénticas en A e en B. No traballo do ano 2006, no que estuda os fragmentos presentes na lírica galego-portuguesa, recolle xunto a estes vinte e un casos (textos incompletos con idéntica extensión en ambos os dous cancioneros: A 25 –B 118–, A 57 –B 168–, A 62 –B 173–, A 73 –B 186–, A 98 –B 205–, A 99 –B 206–, A 100 –B 207–, A 103 –B 211–, A 123 –B 238^{bis}–, A 149 –B 272–, A 173 –B 324–, A 177 –B 328–, A 206 –B 357–, A 218 –B 385–, A 220 –B 387–, A 68 –B 181^{bis}–; textos incompletos en A, máis completos en B: A 60 –B 171–, A 90 –B 194–, A 93 –B 197–, A 259 –B 436– e A 68 –B 1451 [V 1061]–) outros catro textos que, sendo incompletos en A, non presentan previsión textual neste relator pero aparecen máis completos en B (A 45 –B 157–, A 91 –B 195–, A 129 –B 250–, A 148 –B 271–).

19 “Une interprétation possible de ces blancs est celle que la tradition textuelle des poètes concernés (Joan Soayrez Ssomesso, Paay Soarez de Taverros, Martin Soares, un anonyme, Nuno Fernandez de Candarey, Nuno Fernandez Torneol, Pero Garcia Burgales, Don Fernan Garcia Esgraravunha, Vaasco Gil, Johan Coelho, Johan Lopes d’Ulhoa, Fernan Gonçalves de Seavra et Fernan Velho) est arrivée au compilateur d’Ajuda dans une condition fragmentaire qui n’a pu être améliorée par la suite et que, seulement cinq poètes, (Martin Soares, Nuno Rodrigues de Candarey, Pero Garcia Burgales et Fernan Velho) incomplets dans le Chansonnier d’Ajuda, se sont présentés en tradition plus complète au cours de la confection de l’autre anthologie” (Ramos 1986: 220). Esta tese foi despois apoiada por Oliveira (1994: 152): “Como algumas delas se apresentam em estado fragmentário, é provável, como sugerimos, que o organizador de A as tivesse já conhecido mas, insatisfeito com a lição que tinha diante dos olhos, tenha acabado por não as incluir no seu cancionero”.

aspectos: a) a maior parte destas composicións incompletas de *A* ten a mesma dimensión textual no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (Ramos 1986: 220; 2006: 1359) e aparece concentrada, sobre todo, na parte inicial que recolle a obra dos autores que configuran o “cancioneiro de cavaleiros” de Oliveira (1994: 178-182, 256-259) –autores maioritariamente galegos, con produción datábel na primeira metade do século XIII e relacionados con magnates galegos e casteláns–; b) o feito de que *A* deixe espazo en branco despois de copiar xa dúas ou tres cobras demostra que o compilador ou responsable da copia tiña coñecemento de que estes textos presentaban unha calidade textual baixa e agardaba a chegada de mellor material –de aí que haxa autores con textos máis completos no outro relator– (Ramos 2006: 1346, nota 9); c) destes brancos tamén se deduce un principio de fidelidade ao exemplar que se copia (Ramos 2006: 1361), unha copia dinámica, *id est*, non pasiva, á hora de configurar *Ajuda* (Ramos 2006: 1362), e a existencia de materiais soltos –posíbeis cancioneiros de autor– no momento de configuración do manuscrito (Ramos 2006: 1364); e, en último lugar, d) a existencia de textos máis completos no antecedente de *B* demostra que, para algunhas composicións, a circulación se diferenciou entre un ramo e outro da tradición manuscrita (Ramos 2006: 1360).

No caso desta cantiga de Nuno Fernandez Torneol atopamos

apenas uma estrofe tanto em *A* como em *B*. A transcrição em *A* desta estrofe de interior de ciclo relativa à quarta cantiga deste trovador ocupa a parte final da col. c do fl. 18v. O espaço em branco para mais texto encontra-se na parte superior da col. d antes da transcrição do texto seguinte, *A* 74 / *B* 187, *Qve prol uus a uos mia sennor*. Carter calculou o espaço neste fl. 18v / 114, como “one-quarter column”. A decoração permite também afirmar que nos encontramos no interior de um ciclo (Ramos 2006: 1351).

Debemos ter presente que os exemplos de cantigas cunha soa estrofa que recolle *A* (*A* 39, *A* 57, *A* 69, *A* 73, *A* 302 e *A* 303), salvo *A* 39, *A* 302 e *A* 303 –non copiadas en *B*–, preséntanse monostróficas nos dous ramos da tradición manuscrita. O feito de que haxa espazo para a copia de máis cobras e que *B* complete algunhas cantigas inconclusas de *A*, como vimos de ver, parece indicar que o compilador do *Cancioneiro da Ajuda* considerou estes textos incompletos, por non lle forneceren os modelos que copiaba a calidade textual esixida ou por saber de antemán que podía mellorar a súa colección. “Deste modo, é posíbel asegurar que no *Cancioneiro da Ajuda* estes textos não foram avaliados no projecto conceptual deste *Cancioneiro* como *coplas esparsas*, mas como *cantigas incompletas*” (Ramos 2006: 1362).

A pesar de que o cancionero non posúe paratextos que permitan atribuír as composicións a un autor concreto, sen empregar outros elementos de contraste da tradición manuscrita, o certo é que cada ciclo de autor vén, como xa mencionamos, marcado

normal e formalmente por unha viñeta inicial que indica o inicio de cada cancionero de autor, mentres que o fin de ciclo “d’auteur est signalée par un espace en blanc (...) en témoignage de séparation entre un ensemble de textes d’un auteur, et l’ensemble de textes d’un autre auteur” (Ramos 1986: 221). Os sete últimos versos da composición *A 81 –PReguntan me por que ando fan // deu–* aparecen copiados no verso do f. 20, col. a, polo que o restante espazo en branco marcaría, por tanto, o final da serie de cantigas de Nuno Fernandez Torneol en *A*.

No entanto, tal e como indica Ramos, a existencia dese fragmento de pergamiño en branco entre autor e autor non indica exclusivamente que se feche un ciclo de trobador, senón que se podería estar á espera de novos textos. Fronte a outros autores, no caso de Airas Carpancho, Fernan Gonçalvez de Seabra e Nuno Fernandez Torneol, este tipo de conclusión (algúns versos da última cantiga son reproducidos no inicio do último folio) podería corresponderse ben con fin de ciclo ben con espazo de reserva para a copia de novas cantigas (Ramos 1986: 221-222). O feito de que *B* transmita, como se verá, unha cantiga máis do xénero amoroso podería ser un indicio da última das opcións.

Tal e como mostran os datos fornecidos por Ramos, atopamos en *A*, salvo na parte final máis goticizante, unha “forma caligráfica solemne da carolina final ou ‘românica’, executada num estilo semelhante aos códices castelhana-leoneses do reinado de D. Afonso X” (Ramos 1994: 38-39). A falta de estudos máis definitivos, no texto traballarían tres copistas, como sinalou S. Pedro en 2004²⁰: a) unha primeira man copiaría até o f. 74r; b) unha segunda man reproduciría o texto entre os ff. 79r e o final do cancionero (fascículos XV, XVI e XVII) e copiaría tamén o actual f. 40r; e c) a terceira man transcribiría os ff. 74v a 78v (fascículos XIII e XIV do cancionero).

Sería, por tanto, a primeira das mans a que copiaría a serie de cantigas de Nuno Fernandez Torneol. Este copista

constrói a carolina final caligráfica solene, de estilo hispánico com bastantes variações de grandeza, espaçamento e de homogeneidade. Outros trazos de estilo ou variantes de formas que ocorrem entre cadernos, mas também dentro das mesma composição, podem ser exclusivamente pessoais (Ramos 1994: 39).

Nun recente estudo, Arbor Aldea recolle as notas marxinais presentes no *Cancioneiro da Ajuda* e as correccións introducidas nos versos; para as cantigas de Nuno Fernandez Torneol a estudosa galega dá conta do seguinte (Arbor Aldea 2009a: 56):

20 Este texto inédito de S. Pedro corríxe, segundo Arbor Aldea (2008: [22]), “as indicacións que ó respecto forneceran C. Michaëlis (1904) e H. Carter (1941), que sinalaban a man dun único copista como responsable da transcripción do conxunto da antoloxía poética, e de M. A. Ramos (1994), que lle atribuíu á copia de *A* a dous amanuenses”.

[f. 18va] =me. 72, v. 8: *que me sera mia morte me mester*. A glosa da marxe inseriuse no verso, que é aceptable desde o punto de vista métrico e semántico.

[f. 18vb] =fazer. 74, vv. 2-3: *de me tan muito mal. fãz pois eu non / sei al ben querer*. O texto foi emendado de acordo coa lección marxinal, que está acompañada pola nota *pois eu nō*, escrita polo corrector. O verso afectado, o 2, é válido semántica e metricamente.

[f. 19rb] *se nō uedes q̄lle rogarey eu*. 75, v. 23: *se non uedes quelle rogarey eu*. O verso, que foi modificado de acordo coa lección escrita na marxe polo corrector, é satisfactorio.

[f. 19rb] τ. 76, v. 16: *quando u9 nō uir nē u9 falar*. A nota tironiana, que está escrita no intercolumnio, resolvería a hipometría do verso.

[f. 20va] =me. 81, v. 24: *eleixar man de me pre() gūtar ia*. A lección marxinal, que está acompañada pola nota do corrector *de me p̄gūtar ia*, foi trasladada ó texto. O verso é aceptable desde o punto de vista métrico e semántico.

[f. 20va] =en. 81, v. 25: *e se o nō ar quiseren () fazer*. A terminación da forma verbal *quiseren* foi retocada de acordo coa lección escrita na marxe. O verso é correcto.

Xunto a estas notas marxinais que corrixen, como acabamos de ver, erros dos versos e que foron incorporadas ao corpo do texto, queremos salientar tamén outros aspectos vinculados co proceso de copia destes versos de *A*. Deste xeito, podemos apreciar como o verso de *incipit* da cantiga *Ay eu demin τ que fera* (*A* 78) foi copiado baixo unha liña que foi borrada –tal e como se deduce da mancha máis escura que se aprecia sobre este verso no pergamiño–; nesta mesma cantiga, foron escritas sobre unha raspadura as palabras finais do v. 11 (*a falar*). Na cantiga *POis naçi nunca ui amor* (*A* 80), foron copiadas tamén sobre raspadura as palabras iniciais do v. 10 (*polo grã*). Na cantiga *PReguntan me por que ando san || deu* (*A* 81) foi borrado o adverbio *nunca* entre a conxunción *que* e a forma verbal *vi* do v. 6, e foron raspadas as palabras escritas entre *pre* e *gūtar*, no v. 24, e entre *ei* e *auerdade*, no v. 25.

Como xa foi indicado ao falar da decoración do manuscrito, no cancionero márcase o primeiro verso de refrán cunha inicial maiúscula pintada que está inserida dentro do “sistema de marcação de unidades estruturais (cantiga, estrofe, finda, etc.), segundo o qual estas são preenchidas a azul e vermelho, alternadamente”, sendo tan só poucas veces contemplada a súa ausencia (Correia 1998: 274).

Alén desta marcación, o copista transcribe, como é habitual nos tres cancioneros da lírica galego-portuguesa, o refrán das primeiras cobras por extenso e, a partir das segundas estrofas, pasa a empregar a forma abreviada, representando os retrousos con un segmento inicial do texto de extensión variábel (Correia 1998: 266). Seguindo a clasificación establecida por Ramos (1988: 43-44), podemos comprobar como tan só foron copiados por extenso en todas as cobras os retrousos das cantigas *A* 70 e *A* 74, o que permite verificar a tendencia neste cancionero –tamén en *B* e *V*– a non abreviar refráns duns só verso (Correia 1998: 267). Un segundo grupo de cantigas presenta o segundo modo de abreviación anotado por Ramos, isto é, a partir da segunda estrofa trans-

críbese só o primeiro verso (A 76, A 79, A 80 e A 81). A cantiga A 75 responde ao terceiro tipo de abreviación: o refrán aparece escrito como o anterior, pero xurdindo desde a segunda cobra as siglas –iniciais das palabras que se abrevian seguidas, normalmente, dun punto–. Tal e como comenta Correia, a clasificación de Ramos non dá conta da posibilidade de empregar, ou non, a abreviación por siglas e a abreviación por omisión dunha parte final do retrouso (Correia 1998: 267); nesta ambigüidade entre un tipo ou outro parece atoparse a cantiga A 71. No seu traballo sobre os refráns, Correia destaca a cantiga A 72 como un exemplo onde se mesturan en certa medida todos os tipos de abreviación referidos por Ramos, xa que na súa escrita atopamos

siglas que se prolongam para além do primeiro verso na segunda estrofe, escrita de todo o primeiro verso na terceira estrofe, escrita de parte do primeiro verso, em final de linha, na quarta estrofe (Correia 1998: 267, nota 15).

Na seguinte táboa recóllense as formas abreviadas dos refráns das cantigas de Nuno Fernandez Torneol conservadas en A²¹.

A 70	R I	.[f]ennor fremofa que farey.	A 71	R I	.τ allī mōrreiei. por quēn nen quer meu mal nen quer meu ben.
	R II	[f]eñor fremofa q̄ farei.		R II	[e] allī mōrreiei.p.q.n.q.m.
	R III	[f]ēnor fremofa que farei.		R III	[e] allī.m.por.q.n.q.m.m.n.q.
	R IV	[f]eñor fremofa que farei.		R IV	→.[e] allī.m.p.q.n.
A 72	R I	.[p]ois eu de uos os meus ollos partir. e os uollōs muý fremofos non uir.	A 74	R I	.[d]izede me que prol uus a.
	R II	Pois.e.d.u.o.m.o.p.τ.o.u.o.n.u.		R II	[d]izede me q̄ ,pl uus a.
	R III	Pois eu de uos os meus ollos partir.		R III	[d]izede que prol uus a.
	R IV	→.[p]ois eu de.		R IV	[d]izede me que ,pl uus a.
A 75	R I	[q]ue me non leixe mais eno mundo uiuer.	A 76	R I	.[f]ennor fremofa que farei enton. Dized ay coita do meu coraçon.
	R II	[q]ue me nō leixe mais eno.m.u.		R II	Señor fremofa que farei enton.
	R III	[q]ue me non leixe.m.e.m.		R III	Sēnor fremofa q̄ farei enton
	R IV	[q]ue me ñ.l.m.e.m.uiuer.			
A 79	R I	.De que feredes mia fennor / fremofa de min pecador.	A 80	R I	.[q]ue me moſtre aquel matador. ou quem am pare del mellor.
	R II	De que feredes mia feñor.		R II	Que me moſtraquel matador
	R III	De que feredes mia feñor.		R III	Que mia moſtraq̄l matador.
		R IV		Que mia moſtraq̄l matador.	

21 A frecha (→) indica que o verso de refrán foi copiado na mesma liña de escrita có último verso da composición.

A 81	R I	.Direlles ca en fãndeçi. pola. mellor dona que ui.	
	R II	Direilles ca enfãndeçi.	
	R III	[d]jirelles ca enfãndeçi.	
	R IV	[d]jireilles ca en fãndeçi.	

Táboa 1. Formas abreviadas de refrán no cancionero de Nuno Fernandez Torneol en A

2.2. O Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa


B é o relator que máis textos recolle e atribúe a Nuno Fernández Torneol, transmitindo o corpus enteiro do autor, salvo unha estrofa da *cantiga de amor B 185, Par de9 fenhor en gram coyta ferei*, que non foi copiada neste cancionero debido, posiblemente, a un erro por omisión do copista. A importancia do Colocci-Brancuti é moi alta, pois, grazas ás súas rúbricas atributivas, sabemos que o corpus coñecido deste trovador está composto por vintedúas composicións. Como xa anticipamos no inicio da exposición, *B* transmite as cantigas de cada xénero, respectando a tripartición por xéneros poéticos.

Son tres, por tanto, os grupos de textos que transmite *B*: o primeiro, relativo ás *cantigas de amor*, recolle trece textos, *B 183-185^a*, entre os ff. 45v, col. b, e 48r, col. a; o segundo conxunto (*amigo*) comprende oito cantigas, *B 641-648*, entre os ff. 139v, col. b, e 140v, col. b; e, finalmente, na sección de *escarnho e maldizer* recóllese a única cantiga deste xénero atribuída en *B* a Nuno Fernandez: *B 1371*, f. 293r, cols. a-b.

2.2.1. Sección de amor

A serie de *amor* iníciase coa cantiga *B 183, Hir u9 queredes mha fenhor* (= *A 70*), copiada no f. 45v, col. b, inmediatamente despois da rúbrica atributiva escrita por Colocci, *Nuno fernãdez Torneol²²*, e remata coa cantiga *Affy me traiora cou ad amor* (*B 185^a*), que conclúe no f. 48r, col. a. Esta primeira sección ocupa, por tanto, os catro últimos folios do caderno VI, un quinión regular transcrito polo copista que Ferrari identifica coa letra *d*; para a investigadora italiana, as mans *c* e *d* caracterízanse por empregar escritas “bastarde” e por ser “probablemente ambedue di provenienza francese” (1979: 85-86). Reproducimos deseguido o esquema deste caderno:

22 Tal e como explica E. Gonçalves (1994: 981), Colocci é o responsábel, xunto co copista *a* (Ferrari 1979: 81-89) da reprodución da maior parte das rúbricas atributivas e explicativas que aparecen neste relator.



Quinione regolare.

d

Filigrane alle cc. 41 (papera capovolta), 44 (papera), 45 (papera), 47 (papera capovolta) e 48 (papera).

Figura 5. Esquema do caderno VI de B (Ferrari 1979: 102)

A secuencia de textos reproducida na sección de *amor* de B é a seguinte:

- B 183. Hir u9 queredes mha fenhor
 B 184. Ameu tan muyto mha fenhor
 B 185. Par de9 fenhor en gram coyta ferei
 B 186. Ora ueieu quemj non fara ben
 B 187. Que prol u9 auos mha fenh^r
 B 188. Quereu a de9 rogar decoraçon
 B 189. Quando magora for emalongar
 B 180^a. Que ben que meu fei encorbrir
 B 181^a. Ay eu e de mj que fera
 B 182^a. Ay mha fenhor non iaz al
 B 183^a. Poys naci nunca uj amor
 B 184^a. Perguntãme porque ando fandeu
 B 185^a. Ally me traiora cou ad amor

Como pode apreciarse, esta serie de cantigas é idéntica á que presenta *Ajuda*, coa salvidade xa mencionada de que neste caso temos unha cantiga a maiores, B 185^a. Como opina Oliveira, só conseguimos xustificar a ausencia desta cantiga en A, ao igual que noutras composicións, “pelo facto de terem sido recollidas por un compilador dos cancioneros posterior ao que presidira à feitura daquele” (1994: 152)²³.

23 “Nestas circunstancias é provábel que o compilador deste cancionero pensasse em aumentar o legado do autor com uma ou mais composições. O aparecimento de uma nova cantiga em B apoia esta hipótese, embora desconhecamos o motivo por que não foi incluída já em A” (Oliveira 1994: 144).

Os textos foron copiados regularmente, identificándose poucos problemas no proceso de copia:

a) a cantiga *B* 185, *Par de9 fenhor en gram coyta ferei* (= *A* 72), presenta unha cobra de menos (a última de *A* 72), que non foi copiada neste cancionero debido a un posíbel erro por omisión do copista;

b) na cantiga monostrófica *B* 186, *Ora ueieu quemj non fara ben* (= *A* 73), como xa indicamos, este relator non deixa espazos en branco nos que copiar dúas supostas novas estrofas, que con toda seguridade non estarían escritas xa no antecedente de *B*. Posibelmente sexa este un feito fortuíto, se ben, por ser contiguas as irregularidades, vemos preciso salientalo;

c) podemos destacar tamén a dificultade de lectura que presenta o segundo verso de refrán na primeira cobra da cantiga *B* 184, *Ameu tan muyto mha fenhor* (= *A* 71). O copista cometeu, polo menos, dous *incipientes errores*²⁴: ao realizar a copia do verso decatouse de que cometera un erro, polo que se autocorrixe tachándoo e continúa coa copia (v. gr. *meu*, *meubē* ou o sinal de abreviatura sobre o posesivo *meu* que tamén foi tachado); neste caso, a presenza de tantas tachas obrigouno a copiar o segundo verso de refrán en dúas liñas de escrita;

d) no v. 27 da cantiga *B* 180^a o copista omite a conxunción adversativa *pero*, polo que o verso parece comezar no medio da caixa de texto do f. 47r, col. b;

e) no v. 15 da cantiga *B* 181^a pode observarse outro *incipiens error* do copista (~~*entē*~~);

f) e, finalmente, no v. 8 da cantiga *B* 182^a o copista remata o verso coa abreviatura *p'*, que debería iniciar o seguinte verso (o erro aparece tachado, polo que podemos afirmar que nos atopamos ante outro *incipiens error*).

Os textos iníciense cunha capital adornada de maior tamaño cás maiúsculas que abren o primeiro verso de cada cobra. A pesar de non facelo en todos os casos, este copista, como veremos, parece marcar con maiúscula tamén o primeiro verso do refrán.

Colocci numerou todas as cantigas desta sección, deixando tamén marcadas algunhas notas e apostilas marxinais. O humanista cometeu un erro na numeración, ao outorgar á cantiga 190 o algarismo 180, posibelmente debido ao feito de ter que pasar o f. 47 para seguir numerando as cantigas de Nuno Fernandez Torneol (D'Heur 1973: 31; Gonçalves 2007: 6-7). Entre as apostilas e anotacións marxinais podemos destacar²⁵:

a) Apostilas e anotacións marxinais relacionadas con cuestións métricas

1. *tornel~Tornel~Tornello~tornell~Tornell*: Colocci marcou oito das dez cantigas de refrán coas apostilas *tornel* (*B* 184, *B* 182^a, *B* 183^a, *B* 185^a), *Tornel* (*B* 184^a), *Tornello* (*B* 187), *tornell* (*B* 189) e *Tornell* (*B* 188) –as cantigas *B* 180^a e *B* 181^a son de

24 Para ampliar a información sobre esta tipoloxía de erro en *B*, véxase Ferrari (2001: 107-123).

25 Para ampliar a información sobre este aspecto, véxase Bertolucci (1966, 1972) e Brea-Fernández Campo (1993).

mestría; *B* 186 é monostrófica—. Xunto a estas notas, Colocci sinalou os versos de refrán coa marca angular habitual en forma de L invertido en todas as cantigas desta modalidade (*B* 183, *B* 187, *B* 189, *B* 182^a, *B* 183^a, *B* 184^a e *B* 185^a), salvo os versos de refrán da cuarta cobra de *B* 184, todos os retrousos de *B* 185 e o último verso de refrán de *B* 188²⁶.

2. *sel dis*: esta nota colocciana aparece na cantiga *B* 189; con ela o humanista iesino marca o tipo estrófico das cobras unisonantes desta cantiga. Tal e como indica Pérez Barcala,

esta indicación, una de las más recurrentes del humanista (particularmente en el cancionero gallego-portugués *B*), debía funcionar como reclamo con el que se remitía a la canción de Petrarca *S'i 'l dissì mai, ch'i' vegna in odio a quella* (...). [C]uando éste (Colocci) escribía *Sel dissì*, estaba llamando la atención sobre el tipo estrófico de las *coblas unissonans* (2008: 336)²⁷.

3. *vna stanza*: esta apostila de Colocci aparece antes da cantiga *B* 186, que ten unha soa cobra de igual extensión tanto en *A* coma en *B*. Tal e como indica Ramos,

as cantigas, limitadas a fórmulas estróficas mais elementares, não escaparam a Angelo Colocci que vai anotar, por mais de uma vez, “strophā sola” (*B* 118), “nō hã stroph” (*B* 168), “Due stāze ad. 2” (*B* 173), “una stāza” (*B* 182), etc., deixando supor que, presumivelmente, o seu exemplar se encontrava no mesmo estado textual (2006: 1359)²⁸.

b) Apostilas e anotacións marxinais relacionadas con cuestións lingüísticas²⁹

1. *farei-sarei*: esta anotación de Colocci aparece recollida na cantiga *B* 183 na marxe inferior dereita do f. 45v, col. b; a apostila aparece copiada en dúas liñas de escrita, estando as dúas formas verbais unidas por unha liña vertical sita á súa dereita. Fai referencia á forma verbal que remata o verso de refrán (*farei*), que está subliñado na dúas primeiras cobras da cantiga como marca de atención a esta apostila. Na edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda*, Michaëlis explica esta anotación colocciana argumentando que “No verso 12 o copista de CB escreveu, por engano *sarei* por *farei*” (1990, II: 151); no entanto, podemos apreciar no v. 12 como a hasta transversal da letra *f* está presente, se ben dunha maneira menos clara que no v. 6.

26 Para ampliar a información sobre a apostila *tornello*, véxase Bertolucci (1966).

27 Para esta apostila, véxase tamén Bertolucci (1966) e Fernández Campo (2008).

28 Véxase tamén Bertolucci (1966: 16).

29 Para ampliar a información sobre estas notas lingüísticas, véxase Brea-Fernández Campo (1993) e Bertolucci (1972).

2. *dizetemi mi 9pofto*: esta apostila aparece recollida na marxe superior do f. 46v, col. a, antes do *incipit* da cantiga *B 187*; Colocci marca con ela a posición enclítica do pronome persoal átono *mi* (Michaëlis 1990, II: 158; Brea-Fernández Campo 1993: 47).

3. *sera nō fara*: esta anotación está escrita na marxe superior dereita do f. 47r, col. b. Con esta terceira nota morfolóxica Colocci fai referencia á forma verbal subliñada *fera*, que se atopa no *incipit* da cantiga *B 181^a*. Michaëlis comenta, ao respecto desta apostila, que “Colocci asentou, para seu uso, a observación que ao termo portugués *será* corresponde o italiano *sarà*: [*sera nō sara*]” (1990, II: 165). Brea e Fernández Campo (1993: 44) cren que o que posibelmente chamou a atención do humanista iesino foi o feito de que a forma de futuro galego-portuguesa *sera* mantivera a vogal etimolóxica, coma sucede nalgúns dialectos do italiano distintos do florentino.

4. *Trar mal*: esta última apostila de tipo lingüístico localízase na marxe superior dereita do f. 48r, col. a, case sobre o intercolumnio. Alude ao *trager tã mal* que aparece subliñado no v. 2 da primeira cobra de *B 185^a*.

A respecto dos versos de refrán, debe salientarse que o copista deste sector –man *d* de Ferrari– emprega a minúscula para comezar todos os versos, distinguindo, con contadas excepcións, só o primeiro verso de refrán coa caixa alta; deste xeito, esta maiúscula distintiva comparece a partir do primeiro verso de refrán da primeira cobra nas cantigas *B 184*, *B 185*, *B 189*, *B 182^a*, *B 183^a*, *B 184^a*, *B 185^a*; o copista marcou o refrán só a partir da segunda cobra na cantiga *B 188* e, a partir da terceira cobra, na cantiga *B 183*; e, finalmente, non é empregado este sistema distintivo na cantigas *B 187* (Correia 1998: 273)³⁰. Se comparamos os modos de abreviación do sector xa analizado de *A* e deste copista de *B*, podemos comprobar que *B 187*, do mesmo xeito que *A 74*, ten o verso reproducido por completo; no entanto, Correia (1998: 268) afirma que estas coincidencias son raras. Na seguinte táboa dáse conta das formas abreviadas de refrán das cantigas atribuídas neste sector de *B* a Nuno Fernandez Torneol:

<i>B 183</i>	R I	fenhor fremofa que farey	<i>B 184</i>	R I	Eaffi moirerei por quen nō quer meu mēu malmeu exce quer meu ben
	R II	fenh ^r fremofa q̄ farei		R II	Eaffi moirerey
	R III	Senh ^r f		R III	E ally moirerey p ^r quen
	R IV	Senh ^r		R IV	E ally moirerei p ^r quē
<i>B 185</i>	R I	Poys eu deuos os me9 olhos partir eos uoñ9 muj fremof9 nō uir	<i>B 187</i>	R I	dizedemj q̄ prol u9a

30 Tal e como indica Correia, *A* coincide co sector de *B* que copia a man *d* no modo de marcar os refráns con maiúscula, salvo contadas excepcións entre as que podemos destacar *A 70*, *A 74* e *A 75*, nas que sempre se deixa espazo para a capital do refrán. No entanto, como xa foi comentado, en *B 183* marcouse o refrán despois da terceira cobra, en *B 187* non foi marcado e en *B 188* comezouse a marcar a partir da segunda estrofa (1998: 276 e nota 44).


	R II	Poys eu deuos os me9 olh9 ptir		R II	dizedemj q̄ prol u9a
	R III	Poys eu deuos os me9 olhos ptir		R III	dizedemj q̄ □pl u9a
	R IV	<i>cobra omitida</i>		R IV	dizedemj q̄ prol u9a
B 188	R I	queme non leixe mais nō mūdo uiuer	B 189	R I	Senhor fremofa que farei enton dizeday coyta domeu coraçon
	R II	Queme nō leixe mays no		R II	Senh ^f f ^r
	R III	Queme nō leixe no		R III	Senh ^f
	R IV	Queme nō leixe nō mūdo			
B 182 ^a	R I	De que feredes mha fenhō fremofa demj pecador	B 183 ^a	R I	Queme moftaquei matador ou que mempare del mellor
	R II	De q̄		R II	Quemj moftaq̄l
	R III	De q̄ feredes mha fenhō		R III	Que mj
R IV				Quemj mofta q̄l	
B 184 ^a	R I	Direylhis ca euffāndeci pola melhor dona q̄ nūca uj	B 185 ^a	R I	Noftro fñenhō nō me leixesuiuer Se eñtas nō ey aperder
	R II	Direylhis ca enfāndeci pola melh ^r dona		R II	Noftro Senhor
	R III	Direilhis ca		R III	Noftro fenhō
	R IV	Direilhis q̄enñāndeci			

Táboa 2. Formas abreviadas de refrán no cancionero de Nuno Fernandez Torneol no sector de amor de B

2.2.2. Sección de amigo

A segunda serie de textos atribuída en B a Nuno Fernandez Torneol iníciase coa polémica cantiga *Leuadamigo q̄ dormiñs as manhanas frias* (B 641), copiada no f. 139v, col. b, despois da rúbrica atributiva *Nuno fernādez torneol*, escrita por Colocci. Este ciclo finaliza coa cantiga *Dizedemora filha por sãta Maria* (B 648), que remata no f. 140v, col. b. A sección de *amigo* ocupa, por tanto, os dous primeiros folios do caderno XVIII, un quinión regular transcrito polo copista que Ferrari identifica coa letra *a*, que emprega unha “corsiva itálica (‘cancelleresca, qualora si voglia sottolinerare l’appartenenza del copista alla Curia papale)” (1979: 83), e que presenta, segundo a filóloga italiana, anomalías nas capitais nalgúns sectores, polo condicionamento do contexto gráfico ou porque estaban así no orixinal. Este é o único copista, xunto con Colocci, que escribe rúbricas atributivas, polo que Ferrari (1979: 85) non descarta para el unha posíbel orixe ibérica que xustificaría as particularidades na cursiva e na escritura dalgúns rúbricas (vid. p. 137). Reproducimos deseguido o esquema deste caderno:

18

*Quinione regolare*

a

Filigrane alla cc. 141 (sirena capovolta), 142 (sirena capovolta), 144 (sirena), 147 (sirena) e 148 (sirena).

Figura 6. Esquema do caderno XVIII de B (Ferrari 1979: 117)

A secuencia de textos de Nuno Fernandez Torneol na sección das *cantigas de amigo* de B é a seguinte:

- B 641. Leuadamigo q̄ dormiḁs as manhanas frias
- B 642. Aqui ueieu filha ouossamigo
- B 643. Ay madro meu amigo q̄ nō ui
- B 644. Que coyta tamanha ey a sofrer
- B 645. Uy eu mha madrandar
- B 646. Triftanda mha madro meu amigo
- B 647. Foiſſ un dia meu amigo daqui
- B 648. Dizedemora filha por sāta Maria

Os textos foron copiados regularmente; podemos salientar, no entanto, pequenas incidencias debidas todas elas a descoidos do copista:

a) a cantiga que abre esta serie presenta bastantes problemas de copia. O texto foi transcrito regularmente até o v. 2 da terceira cobra, onde o copista cometeu un *saut du même au même*: no canto de escribir a forma abreviada de refrán que correspondía (*Leda*), copiou *Uos lhi tolhestes*; unha vez cometido o erro, o amanuense decatouse do mesmo, polo que tachou o fragmento de copia errado (*incipiens error*) e continuou escribindo a lección presente no modelo. Ao chegar á quinta cobra, volveu cometer outro *saut du même au même*, copiando por enteiro a sexta cobra; isto explica por que a quinta estrofa está reproducida no espazo que queda entre o refrán da cuarta e o espazo normal que delimita cada unha das cobras –o v. 1 está copiado a seguir do refrán abre-

viado da estrofa anterior, e o v. 2 e o retrouso están copiados na mesma liña de escrita que ocupa o espazo que delimita as cobras cuarta e sexta-. As dúas últimas cobras aparecen copiadas correctamente;

b) na cantiga *B* 643 podemos apreciar outro *incipiens error* (*Ay~~ma~~*); neste caso parece que o copista cometeu o erro ao considerar a primeira cobra desta cantiga como a última da anterior. Por baixo da inicial de cantiga pode verse un *A* cuxas dimensións se corresponden co tamaño que emprega este copista para as restantes iniciais de cobra; xunto a esta maiúscula, pode verse a tacha do copista ao se decatarse do erro. Unha vez cancelado, a man que copia debuxou unha inicial do tamaño habitual e baixou uns milímetros a liña da escrita do *incipit*, delimitando deste xeito mellor o inicio da cantiga *B* 643. Pode observarse xunto á inicial da cantiga unha cruz –unha posíbel forma de marcar o erro?–;

c) en *B* 644 un posible erro de copia provocou a alteración da orde das estrofas III e IV (Pérez Barcala 2008: 347); e, finalmente,

d) o copista cometeu outro erro no f. 140v, col. b, e incluíu a rúbrica atributiva *Pero Garcia bu'gañs* entre a primeira e a segunda cobra da última *cantiga de amigo* atribuída a Nuno Fernandez Torneol (*B* 648). Na segunda cobra desa mesma cantiga Colocci escribiu o algarismo 648, posibelmente confundido pola rúbrica do copista; ao percibilo, tachou a rúbrica e o número, situou o texto atributivo na marxe esquerda do folio á altura do espazo deixado entre o final da cantiga 648 e o comezo da 649, marcou cun trazo vertical as dúas primeiras cobras da composición do noso trovador e reescribiu o número da última *cantiga de amigo* de Nuno Fernandez Torneol no lugar correspondente (outro *incipiens error*; Gonçalves 2007: 13).

Coma na anterior sección de *B*, os textos presentan unha capital adornada de maior tamaño cás maiúsculas que abren o primeiro verso de cada cobra. Fronte ao copista anterior (*d*), *a* escribe a letra inicial de cada verso en maiúscula nesta proporción de tamaño: capital inicial, inicial de cobra, inicial de verso; non se aprecia diferenza de tamaño entre a inicial do verso de refrán e as dos restantes versos da cobra.

Colocci numerou correctamente todas as cantigas desta sección (salvo o erro mencionado, que corríxe de forma clara) e escribiu, tamén, algunhas notas e apostilas marginais. Coma na sección de *amor*, o humanista empregou a nota *tōnel* (*B* 641 e *B* 642) ~ *tōne* (*B* 643, *B* 644, *B* 645, *B* 646, *B* 648) para sinalar todas as cantigas de refrán, salvo en *B* 647. Nesta sección marcou tamén seis cantigas (*B* 641-646) coa apostila *ut s^a*; tal e como indica Pérez Barcala (2008: 346-347), o humanista emprega esta nota de remisión tanto naqueles casos en que os textos teñen a mesma disposición rimática (*B* 641, *B* 642 e *B* 645), coma naqueles outros en que os trovadores recorren a unha disposición de rimas baseadas en mecanismos distintos á *alternantia*, prescindindo das

técnicas do paralelismo e do leixapré (B 643, B 644, B 646 e B 648); conclúe o estudoso galego que,

en cualquier caso, parece claro que con la nota ‘ut supra’ el iesino advertía de la presencia en el códice lisboeta de la estructura basada en la repetición sistemática de una misma rima que se renueva (o no) de una estrofa a otra, al margen de que dicha organización se asocie a determinadas técnicas (Pérez Barcala 2008: 348).

De entre as apostilas lingüísticas, desta volta, só aparece a nota morfolóxica *morirome*, copiada na marxe inferior do f. 35v, col. b, e que fai referencia ao *E moyro me* do verso de refrán da primeira cobra da cantiga B 645, que aparece subliñado.

A marca angular que indica refrán aparece completa en todos os versos de retrouso de B 641 (menos na cuarta e quinta cobras polos problemas no proceso de copia) e B 642; en B 643 só aparece nos versos de refrán da primeira e segunda cobras; en B 644 só aparece no verso de refrán da primeira cobra; nas restantes cantigas non aparece marcado o refrán co L invertido. Neste sector do manuscrito copiado pola man a todos os versos comezan con maiúscula, polo que o inicio de refrán non se distingue graficamente do corpo da cobra (Correia 1998: 269). No seguinte cadro recóllense as abreviacións dos refráns das cantigas de Nuno Fernandez Torneol copiadas no sector de *amigo* de B; como pode observarse só se recolle por completo o refrán da cantiga B 642:


B 641	R I	Leda mhandeu	B 645	R I	E moyro me damor
	R II	Leda mãdeu		R II	E moirome damor
	R III	Leda		R III	E mo
	R IV	Leda		R IV	E mo
	R V	Leda		R V	Emo
	R VI	Leda		R VI	E
	R VII	Leda		R VII	E moy
	R VIII	Leda			
B 642	R I	Delgada	B 646	R I	E semel moirer moyreru9 ey eu
	R II	Delgada		R II	E femel
	R III	Delgada			
	R IV	Delgada			
B 643	R I	Madre per boa fe leda mandeu	B 647	R I	Madre ora morrerey
	R II	Madre		R II	Madre
	R III	Madre		R III	Madre
B 644	R I	E pousarey solo auelanal	B 648	R I	Madreu amoftraruolo ey
	R II	E pousa			

	R III	E pousarey		R II	Madreu amoftraruo
	R IV	E pousarey solo		R III	Madreu amoftraruoleoy
	R V	E pousarey solo			
	R VI	E pousa			

Táboa 3. Formas abreviadas de refrán do cancionero de Nuno Fernandez Torneol no sector de amigo de B

2.2.3. Sección de escarnho e maldizer

Como xa se sinalou, só atopamos unha cantiga atribuída a Nuno Fernandez Torneol nesta sección dos apógrafos, a cantiga *B* 1371, copiada no f. 293r, cols. a-b, baixo a rúbrica atributiva en letra de Colocci *Nuno fernãdez*, polo que o cotexo con *V* –onde aparece o nome completo– é o que nos permite atribuír esta composición satírica ao trovador. A cantiga ocupa, por tanto, o quinto folio do caderno XXXV, un quinión regular que transcribiu o copista que Ferrari identifica coa letra *e*, que emprega, como *f*, a *bastarda* e que probabelmente sexa de orixe norte-italiana (Ferrari 1979: 84, 86). Reproducimos deseguido o esquema deste caderno:



Quinione regolare.

e, a

Filigrane alle cc. 290 (sirena), 291 (sirena capovolta), 294 (sirena), 295 (sirena capovolta) e 298 (sirena).

Figura 7. Esquema do caderno XXXV de B (Ferrari 1979: 132)

O texto foi copiado de maneira regular, exceptuando que o v. 5 foi transcrito en dúas liñas de texto –posibelmente por falta de espazo na primeira liña– e que o v. 7 remata coa preposición *fen*, que debería iniciar o v. 8.

Como sucede nas seccións anteriores, o texto comeza cunha capital inicial de maior tamaño cás letras que inauguran os restantes versos; ao comezar todos estes coa mesma caixa, sabemos que hai cambio de cobra polo espazo en branco que as delimita.

Colocci, que non apostilou a peza, numerouna co algarismo 1371.

2.3. O Cancionero da Biblioteca Vaticana

V transmitiu as cantigas de Nuno Fernandez Torneol correspondentes ás seccións de *amigo* e de *escarnho e maldizer*, tamén presentes en B. Faltan neste testemuño as *cantigas de amor* do noso trovador, que estarían afectadas pola lagoa inicial que presenta este cancionero: V 1 = B 391 (Oliveira 1994: 31). A primeira serie de cantigas, a de *amigo*, recolle oito textos V 242-249 (= B 641-648), copiados entre os ff. 35r, col. a, e 36r, col. a; a sección de *escarnho e maldizer* recolle, como en B, tan só unha cantiga, V 979 (= B 1371), que foi copiada no f. 152r, cols. a-b.

A serie de *amigo* iníciase, coma no Colocci-Brancuti, coa cantiga V 242 (= B 641), no f. 35r, col. a, inmediatamente despois da rúbrica atributiva *Nuno fernandez torneol*, e remata coa cantiga V 249 (= B 648), que conclúe no f. 36r, col. a.; atópanse, por tanto, no caderno V (Ferrari 1993b: 124). Antes da cantiga V 244 aparece outra rúbrica relativa ao mesmo autor: *Nuno fernãdez torneol*.

Por outro lado, a cantiga satírica V 979 (= B 1371) inicia a súa copia no f. 152r, col. a, baixo a rúbrica *Nuno fernandez torneol*. O texto, que remata na col. b do mesmo folio, pertencente ao caderno X do cancionero, non presenta problemas de copia.

As dúas seccións foron copiadas, como todo o manuscrito, por unha soa man,

un único copista curial, que escribe em cursiva humanística (...), não só os textos mas também as *razos*, as referências numéricas (...) que acompanham numerosas cantigas e até ao f. 32, mesmo as rubricas atributivas (...) daí para a frente transcritas por Colocci (Ferrari 1993b: 124).

A sección de *amigo* reproduce os mesmos textos e na mesma orde cá sección análoga de B, sen que se observen irregularidades de importancia na copia: a cantiga V 245 reproduce o mesmo erro na orde das estrofas III e IV que se observa en B 644. Podemos salientar un *incipiens error* do copista en V 247, que inicia o v. 2 coa última palabra do verso de *incipit (amigo)*; unha vez que foi percibida a falta, a palabra foi tachada. Obsérvase outra anomalía nas cobras quinta e sexta da cantiga V 246 onde a abreviación do refrán foi copiada, por falta de espazo, a seguir do segundo verso destas estrofas. A serie de *cantigas de amigo* de Nuno Fernandez Torneol en V é a que segue:

- V 242. Leuadamigo que dormides as manhanas frias
- V 243. Aqui ueieu filha ouofsamigo
- V 244. Ay madro meu amigo que nõ ui

- V 245. Que coyta tamanha ey asofrer
 V 246. Uyeu mha madrandar
 V 247. Tristanda mha madro meu amigo
 V 248. Foisfun dia meu amigo daqui
 V 249. Dizedemora filha por sancta maria

En ambas as dúas seccións, os textos inician o primeiro verso de cada cobra cunha maiúscula do mesmo tamaño, polo que, na maior parte dos casos, o copista de *V* non marca distintivamente os refráns para as cantigas desta modalidade (Correia 1998: 274). Atopamos na serie de *amigo* de Torneol en *V* dúas excepcións a isto: o copista emprega a caixa alta no verso de refrán da terceira, sétima e oitava cobras da cantiga *V* 242, e na segunda cobra da cantiga *V* 243. Os refráns para esta serie foron abreviados tal e como se observa na seguinte táboa. Do mesmo xeito que ocorría no sector de *amigo* de *B*, só aparece recollido por extenso o refrán da cantiga *V* 243:

V 242	R I	leda mhandeu.	V 246	R I	e moyro me damor
	R II	leda mandeu		R II	emoyrome damor
	R III	Leda.		R III	emo.
	R IV	le.		R IV	emo.
	R V	leda.		R V	e.
	R VI	le.		R VI	e.
	R VII	Leda.		R VII	e moy
	R VIII	Le.			
V 243	R I	delgada.	V 247	R I	e semel morreru9ey eu
	R II	Delgada.		R II	e semel.
	R III	delgada.			
	R IV	delgada.			
V 244	R I	madre per bõa fe ledamandeu	V 248	R I	madre ora morrerey
	R II	madre.		R II	madre.
	R III	madre.		R III	madre.
V 245	R I	e poufarey solo auelañal	V 249	R I	madreu amoftraruolo ey.
	R II	e pousa.			
	R III	epousarey.		R II	madreu amostraruo.
	R IV	epou sarey solo			
	R V	epou sarey solo.		R III	madreu amostraruolo ey.
	R VI	epousa.			

Táboa 4. Formas abreviadas de refrán no cancionero de Nuno Fernandez Torneol no sector de amigo de *V*

As abreviacións destes refráns son case idénticas ás empregadas no sector de *amigo* de *B* para as cantigas de Nuno Fernandez Torneol. Angelo Colocci non deixou numeración, notas ou apostilas marxinais nos textos deste trobador recollidos en *V*.

3. Nuno Fernandez Torneol na *Tavola Colocciana*

O cuarto dos testemuños do que podemos extraer datos para determinar e fixar o corpus textual de Nuno Fernandez Torneol é a *Tavola Colocciana*, o índice titulado *Autori Portoghesi*, que é coñecido pola sigla *C* e está conservado no manuscrito Vat. Lat. 3217. Este índice ofrece para o trobador as series de textos que se atopan entre os números 183-224, 641-648 e 1371.

Para a primeira serie, a táboa de autores elaborada polo humanista iesino presenta a seguinte disposición:

- 151. Martin Soares
- 173
- 175. Ayras Corpancho
- 182. Nuno Porco
- 183. Nuno Fernandez Torne[o]
- 224. Joan Nunez Camanez (Gonçalves 1976: 409-410).

Se analizamos a listaxe e, paralelamente, o Colocci-Brancuti, podemos comprobar como efectivamente a primeira cantiga de Nuno Fernandez Torneol en *B* é a cantiga número 183, que se corresponde con idéntico texto no Colocci-Brancuti. En *C*, a serie de Torneol abarcaría até o número 224; no entanto, a observación atenta de *B* permite comprobar que nesta serie de cantigas Colocci esqueceu o nome de Pero Garcia Burgalês, cunha produción amorosa que se estende entre as cantigas *B* 186^a-189^a e 190-223. Gonçalves, a pesar de xustificar o erro simplemente como un despiste de Colocci, resume a explicación de D'Heur ao respecto: o humanista, ao reler *B*, tería confundido a forma Torneol coa nota *tornello*, atribuíndo a “Nuno Fernandez” todas as cantigas desde a 183 á 223 (Gonçalves 1976: 436).

A segunda serie de textos atribuída a Nuno Fernandez Torneol está inserta na seguinte sucesión de autores:

- 633. Vaasco Praga de Sandim. *supra*.
- 638. Pae Soarez.
- 641. Nuno Fernandez Torneol. *supra*.
- 649. Pero Garcia Burgales.
- 651. Joan Nuniz Camanes
- 656. Ayras Carpancho. *supra*. (Gonçalves 1976: 414).

Tamén neste caso o número de cantigas atribuídas a Torneol coincide co número de *cantigas de amigo* presentes en *B* (e *V*). Coa apostila *supra*, Colocci envía a súa atención á primeira mención do trobador que recolle *C*, “rispecchia quasi sicuramente da parte del Colocci un’identificazione tra le due rubriche” (Gonçalves 1976: 436).

Do mesmo xeito que nas anteriores seccións, a *cantiga de escarnho e maldizer* atribuída a Nuno Fernandez Torneol coincide coa cantiga de *B*. A sucesión de autores neste caso é:

- 1357. Martim Soares
- 1358. Affons’ Eanes do Coton.
- 1371. Nuno Fernandez.
- 1372. Pero Garcia Burgales. (Gonçalves 1976: 426).

4. Algunhas conclusións

Unha vez descrita a situación que ocupan os textos atribuídos a Nuno Fernandez Torneol nos códices citados, a análise da colocación do trobador nos apógrafos italianos permitirá facernos unha idea do momento en que foi incluído o cancionero do autor na tradición manuscrita da lírica profana galego-portuguesa.

A pesar de que *B* e *V* son os últimos testemuños importantes desta lírica profana producida no occidente ibérico, aínda é posíbel percibir neles unha serie de indicios que nos permiten entender cal foi a suposta organización dos cancioneros previos non conservados. Deste modo, aínda é posíbel, como xa observamos no comezo da exposición, distinguir nos apógrafos italianos tres seccións correspondentes a cada un dos tres grandes xéneros poético-musicais da lírica trobadoresca ibérica: *cantigas de amor*, *cantigas de amigo* e *cantigas de escarnho e maldizer*. Este parámetro inicial de organización foi acompañado dun criterio de tipo cronolóxico, que cribou a entrada dos autores nas compilacións, incluíndo, no inicio desas tres seccións, os autores coas composicións máis antigas. Un último criterio de selección foi o sociolóxico, que leva asociado, nun primeiro momento, a inclusión exclusiva de colectáneas de *trobadores*.

Unha vez que se abandonaron estes parámetros clasificadores, comezáronse a producir cambios, hoxe perceptíbeis tamén nos relatores, que nos axudan a comprender a configuración deses cancioneros en sentido inverso.

Tal e como indica Oliveira, se analizamos os apógrafos podemos apreciar dúas zonas claramente diferenciadas: a “zona tripartita”, que mantén a distinción xenérica e que foi concluída a finais do século XIII, e a “zona complementar”, que rematou de se configurar a mediados do século XIV e que incluíu, no medio ou ao final dos ciclos de textos dos autores xa copiados na zona inicial, novos autores e composicións, ampliando, deste xeito, as categorías socio-poéticas das recollas e incluíndo autores máis an-

tigos e outros de finais do século XIII e da primeira metade do XIV na zona primixenia (Oliveira 1994: 13-41, 43-98, 99-108, 109-121).

Nuno Fernandez Torneol localízase na primeira das zonas e ten as cantigas a el atribuídas clasificadas rigorosamente en cada unha das tres seccións, sen que se verifiquen dislocacións dos seus textos. Os autores que enmarcan o trobador en cada unha das seccións son os que recolle esta lista:

Sección de *amor*

Airas Carpancho (A 64-67, B 176-179)
 Nuno Rodrigues de Candarei (A 68-69, B 180-182)
Nuno Fernandez Torneol (A 70-81, B 183-185^a)
 Pero Garcia Burgalês (A 82-110, B 186^a-223)
 Johan Nunez Camanês (A 111-113, B 224-226)

Sección de *amigo*

Vasco Fernandez Praga de Sandin (B 633-637, V 235-238)
 Pai Soarez de Taveirós (B 638-640, V 239-241)
Nuno Fernandez Torneol (B 641-648, V 242-249)
 Pero Garcia Burgalês (B 649-650, V 250-251)
 Johan Nunez Camanês (B 651-655, V 252-256)
 Airas Carpancho (B 656-663, V 257-265)

Sección de *escarnho e maldizer*

Lopo Liáns (Lias) (B 1338-1356, V 945-964)
 Martin Soarez (B 1357-1370, V 965-978)
Nuno Fernandez Torneol (B 1371, V 979)
 Pero Garcia Burgalês (B 1372-1384, V 980-993)
 Roi Queimado (B 1385-1388, V 994-997)

Unha vez analizada a listaxe anterior, podemos concluír que todos os autores próximos ao trobador en cada unha das seccións presentan semellanzas entre si:

- a) todos están sitos na denominada “zona tripartita”;
- b) todos son naturais de Galiza –ou de suposta naturalidade galega, salvo Martin Soarez, de orixe portuguesa, e o castelán Pero Garcia Burgalês–;

c) os autores e as composicións aparecen correctamente situados en cada unha das seccións de acordo co parámetro cronolóxico³¹;

d) e, finalmente, teñen produción datábel na primeira metade do século XIII.

Esta listaxe en concreto estaría composta polos últimos autores que foron incluídos dentro do denominado “cancioneiro de cavaleiros”: “o primeiro cancionero colectivo de trovadores galego-portugueses confeccionado na Península” (Oliveira 1994: 256); a relación de moitos destes trovadores coas cortes señoriais castelás, galegas ou portuguesas demostra a influencia e importancia que as familias nobres tiveron na creación e expansión do movemento lírico galego-portugués deste período, que recolle a obra de trovadores, sobre todo galegos, activos a mediados do século XIII.

31 Tal e como sinala Oliveira, “Se exceptuarmos os trovadores cujas cantigas de escárnio aparecen claramente deslocadas, fenómeno que pode ter ocorrido já depois de uma primeira ordenação destes autores, verificamos que o paralelismo da sua sequência nas primeira e segunda secções somente é quebrado por Airas Carpancho, que na secção das cantigas de amigo foi inserido depois de Nuno Fernandes [Torneol?], de Pero Garcia Burgalês e de João Nunes Camanês, autores cujas cantigas de amor surgem após as de Carpancho na secção anterior. (...) Mas como foi nesta zona que foram integradas as composições de autores situados em níveis mais altos nas restantes, não sabemos em que medida poderão ter perturbado a ordenação aí existente” (1994: 180). Esta mesma situación é descrita posteriormente por Souto Cabo e Frateschi Vieira (2004: 224, nota 7): “A única circunstância anómala vem dada pelo facto de as suas cantigas aparecerem inseridas depois das de Nuno Fernandes Torneol, de Pero Garcia Burgalês e de João Nunes Camanês, ao invés do que acontece com as de amor”.

Bibliografía

- Arbor Aldea, M. (2005): “Os estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*: un estado da cuestión”, in M. Brea (coord.): *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, pp. 45-120.
- Arbor Aldea, M. (2008): *Cancioneiro da Ajuda*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Consellería de Traballo [pp. 11-51].
- Arbor Aldea, M. (2009a): “Escribir nas marxes, completar o texto: as notas ós versos do *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. Brea (coord.): *Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, pp. 49-72.
- Arbor Aldea, M. (2009b): “Un códice de historia material compleja: El *Cancioneiro da Ajuda*”, *Revista de Literatura Medieval* 21, pp. 77-124.
- Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)*, versión 2.2. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: <<http://www.cirp.es/>>.
- Beltrán Pepiό, V. (1997): “A alba de Nuno Fernandez Torneol”, *Revista Galega do Ensino* 17, pp. 89-109.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1966): “Le postille metriche di Angelo Colocci ai canzonieri portoghesi”, *Annali Sezione Romanza* 8/1, pp. 13-30.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1972): “Note linguistiche e letterarie di Angelo Colocci in margine ai canzonieri portoghesi”, in *Atti del Convegno di studi su Angelo Colocci (Jesi, 13-14 settembre 1969, Palazzo della Signoria)*. Jesi: Amministrazione Comunale di Jesi, pp. 197-203.
- Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval (BiRMED)*, versión 2.1. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: <<http://www.cirp.es/>>.
- Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliográfica específica*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, 2 vols.
- Brea, M. – Fernández Campo, F. (1993): “Notas lingüísticas de A. Colocci no Cancioneiro galego-portugués B”, in G. Hilty (ed.): *XX^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes: La poésie lyrique romane (XII^e et XIII^e siècles)*. Tübingen: A. Francke Verlag, vol. V, pp. 41-56.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cod. 10991*. Lisboa: Biblioteca Nacional, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (cód. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, Instituto de Alta Cultura, 1973.
- Carter, H. H. (2007 [1941]): *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Correia, Á. (1998): “Do refrão de Meendinho à escrita dos refrões nos cancioneros”, in M. Brea (coord.): *O mar das cantigas. Actas do Congreso O mar das cantigas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 267-290.

- D'Heur, J.-M. (1973): “Nomenclature des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIII^e siècles). Table de concordance de leurs chansonniers, et liste des *incipit* de leurs compositions”, *Arquivos do Centro Cultural Português* 7, pp. 17-100.
- DLMGP = Lanciani, G. – Tavani, G. (coords.) (1993): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Fernandez Campo, F. (2008): “Apostillas petrarquescas de Colocci: nuevas posibilidades de lectura”, in C. Bologna – M. Bernardi (eds.): *Angelo Colocci e gli studi romanzi*. Vaticano: Biblioteca Apostolica Vaticana, pp. 431-447.
- Fernández Guiadanes, A. – Rio Riande, M.^a G. del (2010): “Signos gráficos con función de delimitación versal nos testemuños contemporáneos á época de produción trovadoresca profana en galego-portugués”, *Ars Metrica* [no prelo].
- Ferrari, A. (1979): “Formazione e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (Cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche)”, *Arquivos do Centro Cultural Português* 14, pp. 27-142.
- Ferrari, A. (1993a): s.v. “Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)”, in *DLMGP*, pp. 119-123.
- Ferrari, A. (1993b): s.v. “Cancioneiro da Biblioteca Vaticana”, in *DLMGP*, pp. 123-126.
- Ferrari, A. (2001): “Sbagliando (loro), s’impara (noi): tipologia e interesse dell’incipiens error nel Colocci-Brancuti”, in P. Botta – C. Parrilla – I. Pérez Pascual (eds.): *Canzonieri ibERICI*. Noia-Padova-A Coruña: Editorial Toxosoutos-Università di Padova-Universidade da Coruña, vol. I, pp. 107-123.
- Ferreira, M. P. (2004): “O rasto da música no *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 185-210.
- Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Apresentação de M. C. de Matos, N. S. Pinheiro e F. G. da C. Leão. Estudos de J. V. de Pina Martins, M. A. Ramos e F. G. da C. Leão. Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, 1994.
- Gonçalves, E. (1976): “La Tavola Colocciana *Autori Portoghesi*”, *Arquivos do Centro Cultural Português* 10, pp. 387-448.
- Gonçalves, E. (1991): “Sur la lyrique galego-portugaise. Phénoménologie de la constitution des chansonniers ordonnés par querres”, in M. Tyssens (ed.): *Lyrique romane médiévale: La tradition des chansonniers. Actes du Colloque de Liège, 1989*. Liège: Bibliothèque de la Faculté de Philosophie et Letres de l’Université de Liège, pp. 447-467.
- Gonçalves, E. (1993): s.v. “Tavola Colocciana”, in *DLMGP*, pp. 115-118.
- Gonçalves, E. (1994): “O sistema de rúbricas atributivas e explicativas nos cancioneros trovadorescos galego-portugueses”, in R. Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas, Universidade de Santiago de Compostela, 1989*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza-Conde de Fenosa, vol. VII, pp. 979-990.

- Gonçalves, E. (2007): “Sobre a tradição manuscrita da lírica galego-portuguesa: conjecturas e contrariedades”, *eHumanista. Journal of Iberian Studies* 8, pp. 1-27.
- Lorenzo, R. (1993): s.v. “Nuno Fernandez Torneol”, in *DLMGP*, pp. 481-482.
- Machado, E. Paxeco – Machado, J. P. (1949-1964): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Antigo Colocci-Brancuti)*. Lisboa: Edição da *Revista de Portugal*, 8 vols.
- Michaëlis de Vasconcelos, C. (1990 [1904]): *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da edição de Halle (1904), acrescentada de um prefácio de Ivo Castro e do glossário das cantigas (Revista Lusitana, XXIII)*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2 vols.
- Molteni, E. (1880): *Il Canzoniere portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il codice vaticano 4803*. Halle: Max Niemeyer.
- Monaci, E. (1875): *Il Canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*. Halle: Max Niemeyer.
- Oliveira, A. Resende de (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa: Edições Colibri.
- Oliveira, A. Resende de (1995): *Trobadores e xograres*. Vigo: Xerais.
- Oliveira, A. Resende de (2001): *O trovador galego-português e o seu mundo*. Lisboa: Editorial Notícias.
- Pérez Barcala, G. (2008): “Angelo Colocci y la rima románica: aspectos estructurales. Análisis de algunas apostillas coloccianas”, in C. Bologna – M. Bernardi (eds.): *Angelo Colocci e gli studi romanzi*. Vaticano: Biblioteca Apostolica Vaticana, pp. 315-361.
- Ramos, M. A. (1986): “L’eloquence des blancs dans le chansonnier d’Ajuda”, in *Actes du XVII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes, Aix-En-Provence, 29 août - 3 septembre 1983*. Aix-En-Provence: Université de Provence, vol. VIII, pp. 215-224.
- Ramos, M. A. (1988): “Tradições gráficas nos manuscritos da lírica galego-portuguesa”, in D. Kremer (ed.): *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. Université de Trèves (Trier), 1986. Critique textuelle et édition de textes. Genres littéraires. Littératures médiévales*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. VI, pp. 37-48.
- Ramos, M. A. (1994): “O Cancioneiro da Ajuda. História do manuscrito, descrição e problemas”, in *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, pp. 27-47.
- Ramos, M. A. (1995): “A separação silábica na cópia da poesia lírica galego-portuguesa: outro indício de antecedentes musicais”, in C. da Cunha Pereira – P. R. Dias Pereira (eds.): *Miscelânea de estudos linguísticos, filológicos e literários in memoriam Celso Cunha*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira, pp. 703-719.
- Ramos, M. A. (2005): “*Mise en texte* nos manuscritos da lírica galego-portuguesa”, in R. Alemany – J. Ll. Martos – J. M. Manzanaro (eds.): *Actas del X Congrès International de l’Associació Hispànica de Literatura Medieval, Universitat d’Alacant del 16 al 20 de Setembre de 2003*. Alacant: Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, Universitat d’Alacant, vol. III, pp. 1335-1353.
- Ramos, M. A. (2006): “Fragmentos na lírica galego-portuguesa”, in P. G. Beltrami – M. G. Capusso – F. Cigni – S. Vatteroni (a cura di): *Studi di Filologia romanza offerti a Valeria Bertolucci Pizzorusso*. Pisa: Pacini Editore, vol. II, pp. 1343-1367.

- Ramos, M. A. – Oliveira, A. Resende de (1993): s.v. “Cancioneiro da Ajuda.”, in *DLMGP*, pp. 115-118.
- Ron, X. (2005): “Carolina Michaëlis e os trobadores representados no *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. Brea (coord.): *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, pp. 121-188.
- Souto Cabo, J. A. – Vieira, Y. Frateschi (2004): “Para um novo enquadramento histórico-literário de Airas Fernandes, dito ‘Carpancho’”, *Revista de Literatura Medieval* 16/1, pp. 221-277.
- Tavani, G. (1991): *A poesía lírica galego-portuguesa*. Vigo: Galaxia [1ª ed. 1986, en galego].
- Tavani, G. (2002): *Trovadores e jograis. Introdução à poesia medieval galego-portuguesa*. Lisboa: Caminho.

Deconstruír os cancioneros: unha visión plural do corpus lírico galego-portugués medieval

Joaquim Ventura Ruiz
Sección de crítica da AELG, Barcelona

1. Arquetipos e cancioneros

Aínda que é coñecida, non está de máis repasar a traxectoria editorial da lírica galego-portuguesa medieval profana. Malia a hipóteses e especulacións, o certo é que o corpus conservado (que non é o que existiu) está contido, case na súa absoluta totalidade, en tres cancioneros, dos que só un é coetáneo do momento de creación dos textos (*A*), mentres que os outros dous (*B* e *V*) foron feitos uns dous séculos despois.

Esta circunstancia supón que boa parte das cantigas que chegaron até nós aparecen nun plano histórico que impide diferenciar, *a priori*, as xéneses respectivas. Unicamente co apoio de ferramentas de pescuda, como a xenealoxía e a documentación notarial xa que logo, alén das relacións entre autores que algunhas cantigas de sátira dan, poderemos ofrecer unha situación e unha cronoloxía (aproximadas) para os textos.

Outra circunstancia que se debe considerar, non tanto en relación á edición textual intrínseca senón á comprensión ordenada das cantigas, é a orixe dos cancioneros e dos arquetipos. Así, aínda que a propiedade de *A* sexa portuguesa desde o século XIII, o feito de estar copiado na corte afonsina determina unha xénese (un criterio) castelá e non portuguesa (o que non significa que tivesen que ser diverxentes ambas as dúas).

Así, necesariamente temos que considerar un antecedente de *A*, sexa este real ou virtual. É dicir, considerar un arquetipo ω , en soporte físico, que xa tivese organizada a separación por xéneros (*A* sería a copia do correspondente ao de *amor*), ou virtual, por extracción das *cantigas de amor* presentes en soportes físicos previos (cancioneros ou rótulos de autor). No caso de considerar a orixe afonsina de *A*, o arquetipo ω tería unha “data de corte” nunca posterior a 1284 (ano da morte de Afonso X) ou presumiblemente anterior nuns anos. Por iso ficarían excluídas outras cantigas de autores coetáneos e as de autores que escribisen posteriormente, tanto do arquetipo ω (necesariamente anterior) como de *A*¹.

Fose cal fose a posterior deriva dos manuscritos, o certo é que os apógrafos italianos *B* e *V* (sexa este unha copia do anterior ou unha copia en paralelo a el feita desde o

1 Naturalmente, ficarían excluídos tamén aqueles autores do ámbito cortesán portugués sen relación coa corte castelá.

cancioneiro chegado a Italia a comezos do século XVI) conteñen a práctica totalidade do corpus conservado. O corpus de *A* está practicamente contido en *B* e coa mesma secuencia, feito que necesariamente indica continuidade (se ben descoñecemos os códigos interpostos). Polo contrario, a presenza de *A* en *V* é case testemuñal².

2. As edicións

No proceso de edición do corpus conservado seguíronse as etapas lóxicas en calquera proceso de fixación textual dun cancionero:

1. Edicións diplomáticas.

Cancioneiro da Ajuda: Rothesay (1823) e H. Carter (1941).

Cancioneiro da Vaticana: E. Monaci (1875).

Cancioneiro da Biblioteca de Lisboa: E. Molteni (parcial, 1880), E. Paxeco Machado e J. P. Machado (semidiplomática, 1949-1964).

2. Edicións facsimilares.

Cancioneiro da Ajuda (1994).

Cancioneiro da Biblioteca Nacional (1982).

Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (1973).

Pergamiño Vindel (1915).

Pergamiño Sharrer (2005).

3. Edicións críticas de Cancioneiros: Varnhagen (1849)³ e C. Michaëlis (1904).

4. Edicións críticas por xéneros.

Cantigas de amigo: J. J. Nunes (1928).

Cantigas de amor (recolle as cantigas deste xénero non presentes no *Cancioneiro da Ajuda*): J. J. Nunes (1932).

Cantigas de sátira: M. Rodrigues Lapa (1970)⁴.

5. Antoloxías de uso escolar: Álvarez Blázquez (1975), Pinheiro Torres (1977), Gonçalves-Ramos (1983), Pena (1986), Deluy (1987), Arias Freixedo (1993).

6. Cancioneiros de autores en edición crítica (sen ser exhaustivos): Afons' Eanes do Coton (Gaspar 1995), Afonso Lopez de Baian (Lorenzo Gradín 2008), Airas Nunez (Fernández Pousa 1954; Tavani 1992), Afonso X (Paredes 1988), Bernal de Bonaval (Camargo-Iannone-Gobbi 1992), Bonifacio Calvo (Peláez 1897), don Denis (Moura 1847; Pimpão 1960), Estevan da Guarda (Pagani 1971), Estevan Fernandiz d' Elvas (Radulet 1979), Fernan Garcia Esgaravunha (Spampinato Beretta 1987), Fernan Paez de Ta-

2 Podería ser un indicio –sen máis certeza ca iso– da organización do cancionero que viaxou a Italia (e da colocación nel das cantigas de *A*) e ao mesmo tempo de como puido ser copiado *V*.

3 Para os datos bibliográficos desta edición e da de Rothesay, citada nas liñas precedentes, remito a Arbor Aldea (2005: 45).

4 De feito, é o resto das cantigas non editadas por Nunes.

lamancos (Martínez Pereiro 1992), Fernand' Esquio (Torriello 1976), Fernan Velho (Lanciani 1977), Johan Airas (Fernández Pousa 1959; Rodríguez 1980), Johan Baveca (Zilli 1997), Johan Mendiz de Briteiros (Finazzi-Agrò 1979), Johan Vasquiz de Talaqueira (Fregonese 2007), Johan Servando (Camargo-Iannone-Cury-Pereira 1990), Johan Zorro (Cunha 1949; Alvar 1969), Lopo Lias (Lapa 1964), Martin Codax (Cunha 1956), Martin Soarez (Bertolucci Pizzorusso 1992), Nuno Fernandez Torneol (Camargo-Iannone-Gobbi-Junqueira 1995), Martin Moxa (Stegagno Picchio 1968), Lourenço (Tavani 1964), Pai Gomez Charinho (Cotarelo Valledor 1934), Pero Garcia Burgalês (Fernández Pousa 1953; Blasco 1984), Pero Gomez Barroso (Camargo-Iannone-Cury-Pereira 1985; Machado 1981), Pero Mafaldo (Spina 1983), Pero Meogo (Azevedo Filho 1995; Ferrín 1966), Pero da Ponte (Fernández Pousa 1956; Blanquer 1988), Rodrigu' Eanes de Vasconcelos (Ferreiro 1992), Vasco Gil (Piccat 1995), Vasco Perez Pardal (Majorano 1979).

7. Corpus completo, depurado (Brea 1996).

A edición do corpus completo supuxo, sen dúbida, a posibilidade de dispor do conxunto da lírica medieval profana cun texto fixado de xeito homoxéneo e actual. Porén, e así xa o sinalei nalgures, ten un atranco que, na miña opinión, obstaculiza un emprego áxil. Refírome á ordenación alfabética das cantigas dentro de cada apartado de autor, rachando cos xéneros –o que impide apreciar a homoxeneidade léxica e estilística de cada autor– e rachando coa secuencia das cantigas nos cancioneros (é dicir, da súa transmisión codicolóxica).

Iso obriga o investigador a repasar unha e outra vez os textos ata completar as series de *A*, *B* ou *V*. Penso que unha boa solución tería sido manter esa orde alfabética no índice –de xeito que sería máis doada a localización– pero, no apartado de cada autor, ordenar as cantigas segundo a orde en que aparecen nos cancioneros. O caso de Martin Codax, paradigmático de ciclo ordenado e cerrado (*B* e *V* e *Pergamiño Vindel*), resulta especialmente lacerante.

En paralelo á edición do corpus completo que, repito, veu encher un baleiro importante, a dixitalización pode permitir novas maneiras de organizar o corpus. Porén, o conxunto segue a aparecernos homoxéneo nos planos temporal e espacial, de xeito que non sempre é posible distinguir as relacións entre autores, as influencias duns verbo doutros, os focos de creación, a influencia do nivel social dos autores (trobadores, segreiros, xograres), a evolución temporal dos tópicos.

Na actual edición non resulta doado poder discriminar aqueles autores (galegos, portugueses) que tiñan tamén como lingua persoal a que era a *koiné* lírica daquela, dos autores que só empregaban o galego-portugués como lingua de poetizar.

Tampouco é fácil afastar os que estiveron no círculo cortesán castelán dos que foron habituais da corte portuguesa. Ou, nun plano cronolóxico, os que poetizaron en tempos de Fernando III ou Afonso X en Castela e León, dos que o fixeron cando reina-

ban Sancho II, Afonso III ou don Denis en Portugal. E, de xeito semellante, agrupar por orixes sociais a trobadores, segreis e xograres.

Habería, pois, que organizar de xeito plural uns cancioneros en función das orixes xeográficas, sociais, contornos de composición, transmisión codicolóxica.

3. Unha proposta de edición plural

3.1. Unha edición popular

Unha das tarefas pendentes, na miña opinión, sería publicar o corpus conservado completo –coas actualizacións críticas que se fixeron nestes últimos anos– nunha edición accesible, en formato de peto (o modelo poderían ser as edicións, por exemplo, do *Canzoniere* de Petrarca, feita por Garzanti, ou do *Cancionero de Juan de Baena*, de Visor Libros). Unha ferramenta rigorosa mais accesible de prezo, que divulgue o corpus lírico galego-portugués e que resulte áxil de manexar para lectores e investigadores.

A base podería ser, perfectamente, a edición feita en Galicia con dirección de Mercedes Brea, mais coas correccións que sinalei verbo da ordenación das cantigas nos correspondentes apartados de cada autor.

3.2. Os cancioneros

Se comparamos a lírica galego-portuguesa coas outras líricas románicas medievais, xa que logo a provenzal, a prol da primeira temos que a lingua segue viva e que tras ela hai institucións sólidas. Por iso, e alén do traballo dos estudosos extraterrestriais, esas institucións teñen unha tarefa obrigada canto á promoción da lírica medieval propia.

Nese senso, penso que houbo un esquecemento do valor que teñen os cancioneros por eles mesmos. Os cancioneros, e máis no caso da lírica galego-portuguesa pola limitación de fontes, non só son os transmisores dos textos senón tamén os delimitadores dos mesmos.

Por iso, e pola distancia temporal de máis dun século desde a edición de Carolina Michaëlis do *Cancioneiro da Ajuda*, e de aínda máis tempo das edicións dos cancioneros apógrafos italianos, cómpre abordar novas edicións, co texto orixinal (malia que estea deturpado) e unha fixación textual das correccións, e un aparato crítico sucinto mais suficiente. Unhas edicións que asemade supoñan unha reflexión da transmisión textual e da formulación das hipóteses verbo dos arquetipos e códices interpostos perdidos e considerando que as cantigas *intrusas* son verdadeiras pistas para estudar a traxectoria dos manuscritos (Ventura 2004).

Especial atención habería que prestar ao *Cancioneiro da Ajuda*, despois da restauración financiada pola Fundação Calouste Gulbenkian (1999). Como sinala Mariña Arbor (2005: 48), faise necesaria unha edición crítica deste cancionero. As achegas feitas por diversos investigadores no centenario da edición de Carolina Michaëlis demostran que aínda quedan cousas por dicir do códice do Paço da Ajuda.

Tamén cabería explorar a posibilidade de tentar reconstruír o que foi o hipotético (mais existente) cancionero que viaxou a Italia a pedido de Colocci, do que derivaron a *Tavola Colocciana*, *B* e *V*. Seguindo a miña hipótese de *stemma codicum* (Ventura 2003), consideremos un cancionero (*Pt*) presente en Portugal a finais do século XV (suma dun arquetipo α e do cancionero ou algúns poemas de poetas portugueses daqueles anos), do que se tirou a copia viaxeira (*It*: sería o calco ou moi semellante a *Pt*), de quen derivaría *B*. Tanto se *V* derivou de *B* como se foi copiado directamente do hipotético *It*, a partir da suma da *Tavola Colocciana*, de *B* e das cantigas de *V* non presentes en *B* poderíamos ter unha reconstrución moi aproximada (malia os baleiros entre os autores inscritos na *Tavola Colocciana* e as cantigas ausentes dalgúns deles) do que foi o cancionero existente en Portugal a finais do século XV e, xa que logo, da copia tirada del que viaxou a Italia.

3.3. Os autores

Vaise completando a edición dos cancioneiros persoais de cada trovador, segrel ou xogar –xa que logo os máis destacados– (sinalemos a recente aparición dos xa citados de Johan Vasquiz de Talaveira e Afonso Lopez de Baian). Porén, cómpre a edición en formato divulgativo (de peto) das cantigas de don Denis. As únicas edicións foron as de Caetano Lopes de Moura (1847: *Cancioneiro d' El Rei D. Diniz pela primeira vez impresso sobre o manuscrito Vaticano*. Paris: Aillaud) e a antoloxía feita por Álvaro Júlio da Costa Pimpão (1960: *Cancioneiro d' El-Rey D. Dinis*. Coimbra: Atlântida). Que eu saiba, non hai ningunha edición completa que sexa accesible ao público interesado.

3.4. Un corpus cronolóxico

Outra das cuestións que, na miña opinión, segue a lastrar o conxunto do corpus lírico galego-portugués (e que a edición de Mercedes Brea, en tanto que primeira publicación completa do corpus conservado, non podía resolver) é a evolución cronolóxica da lírica medieval galego-portuguesa. Se ben resulta máis doado datar as cantigas de sátira que as de *amigo* ou de *amor*, penso que paga a pena intentalo e tirar claridade de onde sexa posible.

E en paralelo a esa cronoloxía habería que poder situar os ámbitos de produción de trobadores e xogares. Non tanto para afastar galegos, portugueses e forasteiros senón para poder analizar con detalle os mecanismos internos da linguaxe empregada (lingua nativa e lingua lírica adoptada), mimetismos, etc. Non esquezamos que a historia da lírica galego-portuguesa ao longo de máis dun século foi unha traxectoria viva, influída por factores externos de tipo político, social e estético e pola focalización nos centros de xénese (xa que logo as cortes reais castelá e portuguesa). Neste senso, contribucións novas como as de António Resende de Oliveira ou Xosé Ramón Pena verbo da autonomía dun foco xograresco galego obrigan a esquecer a visión plana (atemporal, unitaria) canto á súa xénese. E iso ten que ficar evidente en novas edicións.

3.5. Unha nova visión dos xéneros

Desde as edicións de Nunes para os xéneros de *amor* (é dicir, das cantigas presentes en *B* e en *V* mais ausentes de *A*) e de *amigo* (*B* e *V*) e da de Rodrigues Lapa para as restantes (agrupadas indiscriminadamente como de sátira ou *escarnho e mal dizer*), apenas houbo unha reformulación da división canónica plasmada en publicación. Son moitos os estudos sobre a pertenza ou non, por exemplo, de certas cantigas ao xénero de *amor* ou se cabería falar dun subxénero de parodia de *amor*.

Dun xeito semellante, ¿como considerar as cantigas con estrutura de *cantiga de amor* trobadoresca mais de voz feminina? ¿*Cantigas de amor* de *amigo*? Porque, non o esquezamos, un dos grandes misterios aínda non resoltos da lírica medieval galego-portuguesa é a convivencia entre o xénero de *amigo* de factura tradicional (paralelismo, leixaprén, etc.) e un xénero de *amor* de voz feminina (acceptemos esta convención) de estrutura claramente trobadoresca (rima, métrica, estrofas): ¿cal tirou de cal? ¿foron autónomas? ¿imitaron as *cantigas de amor* femininas unhas cancións tradicionais de voz de muller e abriron paso para que estas pasasen a un rexistro culto? E, entre as *cantigas de amigo*, ¿cales son enxebres e cales son mimetismo neotradicionalista? (Videira 2005; Gutiérrez 2005; Ventura 2005).

Outra tarefa pendente para a ecdótica da lírica medieval galego-portuguesa é a sátira política. Relegado normalmente o xénero de sátira por detrás dos máis “auténticos” de *amor* e de *amigo*, a sátira obscena e entre trobadores, segreis e xogares deixou esquecida a sátira política. Un baleiro por encher, sen dúbida, que illustre o século XIII no oeste ibérico no terreo da (contra) publicidade política, as loitas polas coroas e entre os cabaleiros.

Outro subxénero que se debe ter en conta no ámbito editorial, alén do estudo erudito, sería o das *cantigas de romaría*. Cantigas facilmente localizables xeograficamente e cuxa confección respondía moitas veces a circunstancias extraliterarias (publicitarias). Sería o caso de Airas Nunez, Airas Perez, Fernan do Lago, Johan de Cangas, Johan Ser-

vando, Nuno Treez, etc. Hai cantigas de xogares e hai mimetismo por parte de trobadores e por iso a edición dun cancionero específico permitiría contrastalas.

3.6. Unha lírica esquecida

Outro aspecto que algunha vez teremos que considerar, se ben esta contribución non é o marco axeitado, é o da continuidade dunha lírica en galego no reino de Castela, de xeito autónomo verbo de Portugal, despois da compilación feita polo Conde de Barcelos.

Así, a tradición trobadoresca rematou con esta compilación. E iso foi así en Portugal mais tamén en Castela, se por tradición trobadoresca consideramos unhas determinadas formas poéticas con acompañamento musical, obra dun mesmo autor. Porén, en terras castelás, xa que logo en Andalucía, houbo continuidade dunha lírica en lingua galega, se ben co paso do tempo ficou deturpada e fosilizada.

Esta produción poética, que acadou niveis de calidade considerables con Alfonso Álvarez de Villasandino, Garci Ferrandiz de Gerena ou o Arcediano de Toro, e que chegou, inclusive, ata o Marqués de Santillana (Vilavedra 1995: 298), era necesariamente unha continuación da produción lírica dos séculos XIII e XIV que nos transmitiron os cancioneros galego-portugueses.

Por iso, se ben cara a Portugal non representan apenas nada, se consideramos a *koiné* extraterritorial para estes cancioneros, procedería algún tipo de integración da poesía que Lang (1913) batizou como “escola galego-castelá”.

Este corpus está ben resolto ecdoticamente desde a primeira edición de Lang en 1913, ata a edición de Polín (1994), á marxe da súa natural inclusión nas edicións do *Cancionero de Baena* (cfr. Dutton-González Cuenca 1993).

Porén, habitualmente padece un exilio en terra de ningures. Para os estudosos da lírica galego-portuguesa non existe en tanto que allea á tradición dos cancioneros (A, B, V), por un criterio imposto desde a visión portuguesa. Unha limitación ata certo punto incompreensible, se atendemos a que a noticia dunha lírica medieval do oeste ibérico, sen ruptura coa poesía posterior en galego, xa a daba o Marqués de Santillana, noticia que sobreviviu á memoria dos cancioneros galego-portugueses. E, doutra banda, tampouco é considerada polos estudosos da lírica castelá por ser allea á lingua de Castela.

4. A maneira de conclusión

A traxectoria editorial do corpus lírico profano galego-portugués medieval, ao longo de case dous séculos, seguiu o proceso canónico canto aos seus cancioneros: edicións diplomáticas, edicións críticas, edición do corpus completo, edicións parciais

de cancioneros de autor, antoloxías (preferentemente para uso escolar e divulgativo). Porén, precisa de completar ese camiño cunha edición accesible, rigorosa e manexable do corpus completo, na liña das mellores coleccións de literatura medieval (Garzantia, Cátedra, Ariel, Castalia, Visor).

Tamén cómpre abordar nun futuro a edición autónoma (en formato popular) dos cancioneros que nos transmitiron a lírica profana galego-portuguesa medieval: *Ajuda* e o conxunto *Biblioteca Nacional e Vaticana*. E, con iso, unha edición do hipotético cancionero *Pt*, do que sería copia o cancionero trasladado a Italia (*It*), modelo para os dous cancioneros apógrafos italianos.

En paralelo, e verbo dos cancioneros de autor, cómpre encher o baleiro da ausencia nas librarías do cancionero completo de don Denis, nunha edición semellante á sinalada para o corpus lírico completo. E proseguir, naturalmente, coa edición de cancioneros de autor, ben de xeito individual, ben agrupados por afinidade de xénes (poetas de corte, xograres galegos).

Canto aos xéneros, os estudos críticos recentes permitiron rachar a división estanca entre *amor*, *amigo* e sátira. É preciso, en consecuencia, encarar edicións de *cantigas de romaría*, de cantigas de voz feminina mais con estrutura trobadoresca, de parodia ou *escarnio de amor* e de sátira política.

Bibliografía

- Alvar, M. (1969): *Las once cantigas de Joan Zorro*. Granada: Universidad de Granada [2ª ed.].
- Álvarez Blázquez, X. M. (1975): *Escolma da poesía medieval (1198-1354)*. Vigo: Castrelos.
- Arbor Aldea, M. (2005): “Os estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*: un estado da cuestión”, in M. Brea (coord.): *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, pp. 45-120, e Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
- Arias Freixedo, X. B. (1993): *Antoloxía da poesía obscena dos trobadores galego-portugueses*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- Azevedo Filho, L. de (1995): *As cantigas de Pero Meogo*. Santiago de Compostela: Edicións Laivento [3ª ed.].
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1992): *As poesías de Martin Soares*. Vigo: Galaxia.
- Blasco P. (1984): *Les chansons de Pero Garcia Burgalés, troubadour galicien-portugais du XIII^e siècle*. Paris: Fundação Calouste Gulbenkian-Centro Cultural Português.
- Braga, J. T. (1878): *Cancioneiro Portuguez da Vaticana. Edição crítica restituída sobre o texto diplomático de Halle*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, 2 vols.
- Camargo, C. de O. – Iannone, C. A. – Cury, J. – Pereira, S. R. (1985): *Cantigas de Pero Gomes Barroso*. Araraquara: UNESP.
- Camargo, C. de O. – Iannone, C. A. – Cury, J. – Pereira, S. R. (1990): *Cantigas de João Servando*. Araraquara: UNESP.
- Camargo, C. de O. – Iannone, C. A. – Gobbi, M. V. Zamboni (1992): *Cantigas de Bernal de Bonaval*. Araraquara: UNESP.
- Camargo, C. de O. – Iannone, C. A. – Gobbi, M. V. Zamboni – Junqueira, R. Soares (1995): *Cantigas de Nuno Fernández Torneol*. Araraquara: UNESP.
- Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Presentación de M. C. de Matos, N. S. Pinheiro e F. G. da C. Leão. Estudos de J. V. de Pina Martins, M. A. Ramos e F. G. da C. Leão. Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, 1994.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cod. 10991. Reprodução facsimilada*. Prefácio de J. Palma Ferreira e Apresentação de L. F. Lindley Cintra. Lisboa: Biblioteca Nacional, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (cód. 4803). Reprodução facsimilada*. Introdução de L. F. Lindley Cintra. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, Instituto de Alta Cultura, 1973.
- Carter, H. H. (1941): *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition*. New York-London: M. L. A.-Oxford University Press [reimpresión en New York: Kraus Reprint, 1975].
- Cotarelo Valledor, A. (1934): *Cancionero de Payo Gómez Charinho, almirante y poeta (Siglo XIII)*. Madrid: Librería General de Victoriano Suárez [ed. facsímile, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1984].
- Cunha, C. Ferreira da (1949): *O cancionero de Joan Zorro*. Rio de Janeiro.

- Cunha, C. Ferreira da (1956): *O cancionero de Martin Codax*. Rio de Janeiro.
- Deluy, H. (1987): *Trobadours galégo-portugais. Une anthologie*. Paris: P.O.L.
- Dutton, B. – González Cuenca, J. (1993): *Cancionero de Juan Alfonso de Baena*. Madrid: Visor Libros.
- Fernández Pousa, R. (1953): “Cancioneiro gallego de Pedro García Burgalés”, *Revista de Literatura* 4, pp. 123-160.
- Fernández Pousa, R. (1954): “Cancioneiro gallego del trovador Ayras Nuñez”, *Revista de Literatura* 5, pp. 219-250.
- Fernández Pousa, R. (1956): “Cancioneiro gallego del trovador Pero da Ponte”, *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* 62, pp. 804-840.
- Fernández Pousa, R. (1959): “Cancioneiro gallego de João Airas, burgués de Santiago (s. XII-XIII)”, *Compostellanum* 4, pp. 251-290.
- Ferreiro, M. (1992): *As cantigas de Rodrigo’ Eanes de Vasconcelos*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Méndez Ferrín, X. L. (1966): *O cancionero de Pero Meogo*. Vigo: Galaxia.
- Finazzi-Agrò, E. (1979): *Il Canzoniere di Johan Mendiz de Briteyros*. L’Aquila: Japadre Editore.
- Fregonese, R. (2007): *Joham Vaasquiz de Talaveyra. Poesie e Tenzoni*. Fregene: Edizione Spolia.
- Gaspar, S. (1995): *Libro dos cantares de Alfons’ Eanes do Coton*. Negreira: Concello de Negreira.
- Gonçalves, E. – Ramos, M. A. (1983): *A lírica galego-portuguesa (Textos Escolhidos)*. Lisboa: Ed. Comunicação.
- Gutiérrez García, S. (2004): “A parodia de xéneros a través do léxico do sufrimento nos escarnios de amor galegoportugueses”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 577-593.
- Juárez Blanquer, A. (1988): *Cancionero de Pero da Ponte*. Granada: TAT.
- Lanciani, G. (1977): *Il Canzoniere di Fernan Velho*. L’Aquila: Japadre Editore.
- Lang, H. R. (1913): *Cancioneiro Gallego-Castellano: Extant Galician Poems*. New Haven: Yale University.
- Lapa, M. Rodrigues (1964): *Cantigas de Lopo Lias*. Anadia.
- Lapa, M. Rodrigues (1970): *Cantigas d’ escarnho e de mal dizer dos cancioneros medievais galego-portugueses*. Vigo: Galaxia [2ª ed.].
- Lopes, G. Videira (2004): “O Cancioneiro da Ajuda e a cuestión dos géneros”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 357-371.
- Lorenzo Gradín, P. (2008): *Cantigas de Don Afonso Lopez de Baian*. Alessandria: Edizioni dell’Orso.
- Machado, M. C. Pereira (1981): *As cantigas de amor e de amigo de Pero Gómez Barroso*. Rio de Janeiro.
- Machado, E. Pacheco – Machado, J. P. (1949-1964): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional, Antigo Colocci-Brancuti. Leitura, Comentários e Glossário*. Lisboa: Edição da Revista de Portugal, 8 vols.

- Majorano, M. (1979): *Il canzoniere di Vasco Perez Pardal*. Bari: Adriatica Editrice.
- Martínez Pereiro, C. P. (1992): *As cantigas de Fernan Paez de Talamancos*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Molteni, E. (1880): *Il Canzoniere portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il Codice Vaticano 4803*. Halle: Max Niemeyer.
- Monaci, E. (1875): *Il Canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*. Halle: Max Niemeyer.
- Moura, C. Lopes de (1847): *Cancioneiro d' El Rei D. Diniz pela primeira vez impresso sobre o manuscrito Vaticano*. Paris: Aillaud.
- Nunes, J. J. (1928): *Cantigas d' Amigo dos trovadores galego-portugueses, edição crítica, acompanhada de introdução, comentário, variantes e glosário*. Coimbra: Imprensa da Universidade [nova edición, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1973, 3 vols.].
- Nunes, J. J. (1932): *Cantigas d' Amor dos trovadores galego-portugueses*. Coimbra [nova edición, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1972].
- Oliveira, A. Resende de (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa: Colibrí.
- Pagani, W. (1971): "Il Canzoniere di Estevan da Guarda", *Studi Mediolatini e Volgari* 19, pp. 53-179.
- Paredes, J. (1988): *Alfonso X. Cantigas profanas*. Granada: Universidad de Granada.
- Peláez, M. (1897): *Vita e poesie di Bonifacio Calvo, trovatore genovese*. Torino.
- Pellegrini, S. (1969): "Il canzoniere di D. Lopo Liáns", *Annali Sezione Romanza dell'Istituto Universitario Orientale di Napoli* 11, pp. 155-192.
- Pena, X. R. (1986): *Literatura galega medieval*. Vol. II. *Antoloxía*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Pena, X. R. (2004): "A singularidade do *Cancioneiro da Ajuda* e o 'desvío' galego", in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 485-496.
- Piccat, M. (1995): *Il canzoniere di Don Vasco Gil*. Bari: Adriatica Editrice.
- Pimpão, Á. J. da Costa (1960): *Cancioneiro d' El-Rey D. Dinis (Antologia)*. Coimbra: Atlântida.
- Polín, R. (1994): *Cancioneiro galego-castelán. Corpus lírico da decadencia*. Sada: Edicións do Castro.
- Radulet, C. M. (1979): *Estevam Fernandez d'Elvas. Il canzoniere*. Bari: Adriatica Editrice.
- Rodríguez, J. L. (1980): *El cancionero de Johan Airas de Santiago. Edición y estudio. Verba, Anuario Galego de Filoloxía*, Anexo 12. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Spampinato Beretta, M. (1987): *Fernan Garcia Esgaravunha. Canzoniere*. Napoli: Liguori Editore.
- Spina, S. (1983): *As cantigas de Pero Mafaldo*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.
- Stegagno Picchio, L. (1968): *Martin Moya. Le poesie*. Roma: Edizione dell'Ateneo.
- Tavani, G. (1964): *Lourenço. Poesie e tenzoni*. Modena: Società Tipografica Editrice Modenese.
- Tavani, G. (1986): *A poesía lírica galego-portuguesa*. Vigo: Galaxia.
- Tavani, G. (1992): *A poesía de Airas Nunez*. Vigo: Galaxia.
- Toriello, F. (1976): *Fernand'Esquyo. Le poesie*. Bari: Adriatica Editrice.
- Torres, A. Pinheiro (1977): *Antologia da poesia trovadoresca galego-portuguesa*. Porto: Lello&Irmãos.

- Vasconcelos, C. Michäelis de (1904): *Cancioneiro da Ajuda*. Halle: Max Niemeyer [reprint, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990, 2 vols.].
- Ventura, J. (2004): “As cantigas intrusas do *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. Brea (coord.): *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 485-496.
- Ventura, J. (2005): “Algunes reflexions sobre la formació dels arquetips galaicoportuguesos medievals”, in R. Alemany – J. Ll. Martos – J. M. Manzanaro (eds.): *Actes del X Congrés Internacional de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*. Alacant: Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, Universitat d'Alacant, vol. II, pp. 1575-1586.
- Ventura, J. (2007): “La recuperación casticista de Don Denís: ¿Una invención para una literatura nacional?”, in A. López Castro – L. Cuesta Torre (eds.): *Actas del XI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*. León: Universidad de León, vol. II, pp. 1109-1116.
- Vilavedra, D. (coord.) (1995): *Diccionario da Literatura Galega*. Vol. I. *Autores*. Vigo: Galaxia.
- Zilli, C. (1997): *Johan Baveca. Poesie*. Bari: Adriatica Editrice.

Particularidades gráficas e de impaxinación do folio 79r do *Cancioneiro da Ajuda*: o seu copista é ¿un copista-corrector?*

Antonio Fernández Guiadanes
Universidade de Santiago de Compostela

Dios vio que la luz era buena, y separó la luz de las tinieblas
Génesis, cap. I

1. O *Cancioneiro da Ajuda*: de copistas e editores

Carolina Michaëlis foi a primeira filóloga que se enfrontou con rigor e método, na súa edición de 1904, ós múltiples problemas que presenta o *Cancioneiro da Ajuda* (A). Xunto á presentación crítica das cantigas, a erudita alemá legábanos un volume maxistrado de estudo teórico de multitude de aspectos do códice, paleográficos e codicolóxicos, dos autores que nel compoñían, das épocas da escola trobadoresca, da xénese da tradición manuscrita, etc. O seu labor veríase completado, en certo modo, algúns anos máis tarde, en 1941, cando H. H. Carter achegaba ós ollos dos lectores, na súa edición diplomática, por primeira vez parte da grafía e a distribución real dos poemas presentes nos folios do vetusto manuscrito¹; mais só en 1994 a edición facsímil do códice lisboeta permitiría contemplar e facerlles ver a moitos estudosos a verdadeira materialidade do códice custodiado no Pazo da Ajuda.

Tanto para Michaëlis coma para Carter, unha única man transcribira o cancionero, unha man que, en palabras da investigadora,

clerigo ou leigo, era em todo o caso um perito, perfeitamente familiarizado com a linguagem e versificação dos trovadores e esmerou-se em reproduzir com toda a exactidão os originaes (Michaëlis 1990, II: 157).

Esta afirmación, baixo a mirada do paleógrafo luso Borges Nunes, sería rebatida pola profesora M. A. Ramos (1994: 27-70) no estudo que acompaña a devandita edición facsimilar. A filóloga portuguesa concluía alí que as mans que interviñeran na

* Este traballo insírese no proxecto de investigación PGIDIT06CSC20401PR, subvencionado pola Xunta de Galicia no período 2006-2009.

¹ Michaëlis adoptara, acertada ou desacertadamente, para a súa edición certas grafías dos cancioneros italianos e completara con poemas destes mesmos códices o seu cancionero naqueles lugares considerados por ela lacunares.

elaboración do manuscrito foran, como mínimo, dúas: “A primeira [copiaría] até ao f. 79 e a segunda deste fólio em diante até ao final do códice” (1994: 39).

O extenso elenco de publicacións de M. A. Ramos acerca de *A* fixou os alicerces que guiaron (principalmente, no relacionado co eixo paleográfico-codicolóxico) o traballo dos interesados na lírica profana galego-portuguesa, entre os que cómpre destacar a M. Arbor Aldea, quen levou a cabo unha atenta revisión do estado da cuestión en sucesivos artigos (pode verse, a modo de compendio, o de 2009a) e que, na actualidade, se encontra preparando, como anunciou en 2004, unha edición crítica interpretativa de *A* como manuscrito único, que xa ten suscitado por parte da crítica máis especializada algúns “pequenos regatos de tinta”.

Finalmente, dez anos despois do avance de Ramos na delimitación das mans, e baseándose nas letras de espera e nun circunscrito estudo da morfoloxía do *z*, a paleógrafa S. Tavares Pedro (2004) concluíu que eran tres as mans que confeccionaran o controvertido cancionero². Outros investigadores como Mariño Paz-Varela Barreiro (2005: 309-374), ou Arbor Aldea-Varela Barreiro (2008: 419-442), malia que nalgún momento puntual dos seus estudos barallasen a posibilidade de que interviñesen algunhas outras mans no proceso de copia, non chegaron a establecer de forma concluínte mans diferentes das delimitadas pola crítica precedente. Desde o noso punto de vista, a existencia de tres mans na transcrición do cancionero é innegable, mais coidamos que podemos precisar un espazo de traballo diferente ata o de agora sostido para a última das mans descubertas.

Nun traballo recente aínda inédito (Fernández Guiadanes-Rio Riande 2010), cando estudabamos o uso do punto como delimitador de verso en *A*, chegamos á conclusión de que, con respecto ó seu uso, podíamos sinalar dous modelos tendo en conta a asistematicidade ou sistematicidade no uso deste signo. A primeira destas manifestacións constatábase na maior parte do cancionero e respondía a un uso irregular deste elemento como delimitador de verso na cobra, tanto na primeira coma nas restantes (ff. 1-39v e 40v-79r). Pola contra, do f. 79v ata o final e no f. 40r, o uso deste punto adquiría unha función claramente sistemática: só se empregaba, e sempre delimitando verso, na primeira cobra (aquela na que lle víamos un claro valor rendible). Formulábase alí, trala lectura do estudo de S. Pedro, que o uso deste elemento podería ser propio do copista dos dous cadernos finais, individuo ó que a paleógrafa tamén lle adxudicara a copia do f. 40r. Á nosa teoría só se opoñía o f. 79r, que parecía responder ó modelo asistemático. Foi este o feito que nos levou a centrarnos no recto deste folio e a

2 A investigadora leva a cabo, ademais, un estudo paleográfico de tódalas anotacións marxinais presentes no códice. Nas de época trobadoresca, distingue a intervención de dúas mans: unha que clasifica como a dun revisor e outra a como dun corrector. As actas do congreso no que foi lido o traballo están aínda hoxe sen publicar. De tódolos xeitos, a investigación de Tavares Pedro está accesible na rede: <www2.fcsh.unl.pt/philologia/Pedro2004_AnalisePaleografica.pdf>.

considerar que o copista quizais non estivese ben identificado. A medida que buscábamos os puntos nos folios do manuscrito íámonos fixando nunha serie de diferenzas en moitas das letras. Quizais sexan todas microvariantes *ancillarum*, pensabamos nalgún momento, pero, como todo, o que é ancilar pode ser de moita axuda: diferentes trazos nas formas dos *d* unciais, nos *r* (sobre todo nos de final de liña, pero tamén naqueles que presentaban un formato maiúsculo nun contexto non de inicio de verso ou de poscapital), nos *s* (e non só naqueles prolongados na súa parte superior a modo de enchemento de caixa), e, centrados no f. 79r, dos *y*.

2. O folio 79r³: particularidades gráficas

Co f. 79r comeza o caderno XIII, que na proposta de Ramos era, xunto cos cadernos XII e XIV do cancionero, de man do segundo dos copistas por ela identificados. Como dixemos, foi S. Pedro quen afirmou que o caderno XII (excepto o f. 74r) fora copiado por unha man distinta da que escribira os cadernos XIII e XIV, e que, ademais, esta copiara tamén o f. 40. Así pois, segundo a paleógrafa, os cadernos XIII (que comeza no folio que nos ocupa) e XIV son froito dunha única man.

En liñas xerais, ámbalas dúas investigadoras e aqueloutras persoas que teñen escrito sobre o tema, despois do dito pola paleógrafa portuguesa, coinciden hoxe en sinalar unha man 1 (α), que traballa do f. 1r ó 74r (cadernos I-XII), unha man 2 (β), que intervén no f. 40r e desde o f. 79r ó 88v (cadernos XIII e XIV) e unha man 3 (γ), que transcribe desde o f. 74v ó f. 78v (caderno XII, menos o f. 74r).

Nós cremos que no f. 79r poden acharse certas particularidades que nos permitirían propoñer una división un tanto diferente, aínda que non substancial, na delimitación do traballo dos escribas: unha man 1, entre os ff. 1r-74r (I-XII), unha man 2, no f. 40r e desde o f. 79v ata o final do códice (parte do caderno XIII e todo o XIV), e unha man 3, que interviría do f. 74v ó f. 79r (caderno XII e parte do XIII). Co obxectivo de dar conta disto, levaremos a cabo un estudo paleográfico e codicolóxico dalgúns aspectos do cancionero, aínda que nos circunscribiremos fundamentalmente á análise pormenorizada do *ductus* da grafía y ó longo do códice e, en menor medida, doutras grafías, e da impaxinación do f. 79r e dos seus “hijuelos”, isto é, os anteriores (ff. 74v-78v, supostamente copiados por un copista), así como dos posteriores (todos eles supostamente copiados por outro copista).

3 No traballo procuraremos falar case sempre de folios, e pouco de cadernos (e, cando o fagamos, farémolo por Ramos 1994, tendo en conta que para o particular é vital recoñecer que o caderno XII no traballo desta investigadora está formado polos ff. 74-78, mentres que, posteriormente, o f. 74 sepárase deste caderno e denomínase XI^a en Ramos 2004 e XIII en Arbor 2009a). Queremos dicir que non nos enfrontaremos á formación variada e cambiante denominación e numeración dos cadernos sufridas ó longo dos anos cada vez que alguén “remexe” no códice. Para este particular véxase a propia Michaélis (1990, II: 147-150), Ramos (1994: 67-70; 2004: 28) e Arbor Aldea (2009a).


É sabido que a letra do noso manuscrito,

(...) con excepción da última parte, mais gotizante, corresponde à forma caligráfica solene da carolina final –ou de “transición”, ou “románica”– executada num estilo semellante aos códices castelhana-leoneses do reinado de D. Afonso X (Ramos 1994: 38-39),

unha gótica debedora dos modelos franceses, que, a dicir de Borges Nunes (1969: 12), ponse en práctica “em 1250, ao pé da consolidación do ‘francês’ D. Afonso III”. Nesta letra gótica uniforme intentaremos, entón, a individualización do *ductus* da devandita graffía, pois pensamos que, máis alá da experimentada competencia de quen escribe (referímonos ós copistas), pódense illar nela certos elementos que contribúen a defini-lo ideal caligráfico do copista, ó mesmo tempo que nos permiten focaliza-la nosa atención nos seus trazos distintivos (moitas veces mínimos).

2.1. Estudo do *ductus* do y

Considerar unha morfoloxía particular para os y do f. 79r levounos a realizar unha pescuda exhaustiva ó longo do códice (partindo, nun primeiro momento, das tres mans establecidas por Pedro), co fin de distinguir as tres morfoloxías diferentes no trazado da letra para A. Esta pescuda resultou pouco afortunada: fronte a folios onde aparecía unha letra cunhas características particulares atopabamos outros espazos onde esta graffía adquiría trazos diferentes. Por exemplo, nos ff. 1-74r⁴ (da denominada man 1 por Ramos, man α por Pedro) podíamos particularizar, polo menos, tres tipos de y (véxanse, ademais destes exemplos, os que ofrecemos na Táboa 1 nas columnas F, G, H e I):




O primeiro que reclama a nosa atención é o feito de que o segundo, o cuarto e o sexto destes y presentan o signo alográfico (un punto semellante, en moitas ocasións, ó signo de abreviatura xeral que se usa no códice) característico deste tipo de letra. Ade-

4 Falando destes folios, dicía Ramos que recordaba “di avere subito espresso alcune riserve sulle micro variazioni intervenute nella prima parte della copia. In realtà, la trascrizione di questo ampio settore non poteva comportare una rappresentazione grafica costante omogenea nella riproduzione di oltre settanta fogli con componimenti lirici. Ritenevo perfino che alcuni cambiamenti verso la fine del codice mostrassero movimenti oscillatori. Ma con questo tipo di scrittura *gotica textualis* non mi sembrava opportuno stabilire settori grafici chiaramente isolati e differenziati. Così mi sono solo permessa di rilevare alcune piccole variabili che ho designato con *mano 1a*, *mano 1b*, *mano 1c*, ecc. a contrassegnare aspetti più o meno tipizzati di una stessa mano o, perlomeno, di una stessa scuola grafica” (2009: 485-486).

mais, entrando xa na morfoloxía da letra, coidamos ver diferenzas apreciables nas caudas e, sobre todo, nos remates destas.

Do f. 74v ó 78v (da denominada man 2 por Ramos, man β por Pedro) atopamos (véxase Táboa 1, columna E):




(75v)

E dos ff. 79r a 88v (parte tamén da man 2 por Ramos, man χ por Pedro):



(79v)



(81v)



(85r)

Destes últimos tres exemplos, os dous primeiros seméllanse no remate da cauda, mais diferéncianse por presentar (ou non) punto, mentres que o terceiro achégase ó primeiro no emprego do signo alográfico e afástase dos dous no remate.

Como dicíamos máis arriba, a uniformidade da letra gótica non colabora á hora de distinguir copistas. Aínda así, cando escribimos sempre hai trazos que diferencian a escrita dunha persoa da doutra, malia que as letras presenten uns trazos xerais. Á vista dos exemplos do f. 1 ó 74r, debemos preguntarnos qué particularidades gráficas son voluntarias por parte do copista e cáles poden ser realizadas involuntariamente debido a diferentes factores, como a rugosidade do pergamiño, o cansazo do copista, o desgaste da pluma, o cambio da tinta, etc. Como se pode observar na Táboa 1, columna A, no f. 79r ningún dos *y* presenta punto no espazo superior, e as caudas traen todas unha marcada curvatura cara á dereita e un remate tamén ben marcado (feito que destaca o contraste entre o perfil do caído e o grosso do remate):



(79r)


Pola contra, no f. 79v observamos (Táboa 1, columna B) que uns presentan punto e outros non e, malia que a cauda tamén dá conta dun trazado curvo cara á dereita (non tan marcado coma no caso anterior), o remate non é tan marcado:




(79v)

Ante tal situación, vexamos, en primeiro lugar, qué acontece nos folios anteriores. Centrémonos nos ff. 74v-78v (Táboa 1, columna E), nos que Pedro distinguiu un novo copista. Como pode comprobarse nos exemplos que alí aparecen, dese corpus só un *y*


ten punto na parte superior, e tódalas caudas mostran un trazo curvado á dereita xunto a un remate ben marcado:




Comprobemos, a continuación, qué é o que sucede entre os ff. 80r e 88v, zona copiada, segundo Pedro, pola man χ . Dos exemplos ofrecidos para estes folios (Táboa 1, columnas C e D) despréndese unha bipartición que non responde á aparición do punto superior no y , senón ó diferente trazado que presenta a cauda. Nos ff. 80r-84v vemos (Táboa 1, columna C):



mentres que nos ff. 85r-88v aparecen (Táboa 1, columna D):



Salta á vista que a cauda destes dous últimos exemplos é completamente fina e sen remate, probablemente trazada co canto da pluma. ¿Estamos aquí ante un acto voluntario por parte do copista ou ante un escriba distinto?, ¿deberase este trazo a un cambio de pluma? Cremos poder afirmar, provisionalmente, dado que os outros aspectos que tratamos non nos din o contrario (aínda que non descartamos que se teña que facer unha análise máis polo miúdo destes folios e dos precedentes por se revelasen novos datos), que neste caso pode ser que esteamos ante un cambio de pluma. De feito, os primeiros exemplos que atopamos no f. 85r son semellantes ós dos ff. 79v-84v:




Procuraremos darlle una explicación a este panorama tinxido de asistematicidade a través da análise desta grafía no resto do cancionero.


S. Pedro afirmara no seu estudo que o f. 40r fora escrito polo copista que ela denominaba χ^5 . Por sorte, consérvanse neste folio dous y con punto enriba, grafías que

5 Outro dato que podemos achegar que nos dá indicios neste sentido e que se pode comprobar no Apéndice (Táboa 2 e 3) é a forma do O en posición postcapital de cantiga. Neste folio podemos observar que esta vocal presenta unha fendadura na súa parte latero-superior dereita. Esta mesma característica preséntana os o postcapitais que atopamos nos cadernos XIII (sen contar o f. 79r) e XIV.

pola súa forma semellan as que usa o amanuense entre os ff. 80r-84r (aínda que nestes folios o y pode ou non levar este signo):




Mais para os exemplos transmitidos entre os ff. 1-39r, dos que dámos conta na columna F da Táboa 1,




podemos afirmar que, unha vez máis, non estamos ante un contexto uniforme no que respecta ó uso do punto. Polo que se refire á forma, malia as pequenas variacións que se poden dar no corpo da letra, as caudas mostran un aspecto regular, de trazo fino inclinado cara á dereita, que, en casos como o do exemplo do f. 10v, esta pode estar case apagada por completo.

Pola contra, na columna G rexistramos exemplos para estes mesmos folios como os seguintes:



Teñen a particularidade, estes e tódolos exemplos desta columna da táboa, de non posuíren punto e presentaren unha cauda curvada cara á dereita e con remate marcado. Sorprendentemente, non estamos ante a escritura do copista que intervén nestes folios, senón ante letra escrita sobre raspaduras levada a cabo polo corrector (tomámo-lo termo de S. Pedro), que introducía as notas marxinais feitas polo revisor.

Entre o f. 40v e 74r⁶ sinalamos os seguintes exemplos (véxanse outros na Táboa 1, columna H):




Na maioría destes folios poderíamos caracteriza-los y por presentaren unha cauda case horizontal e moito máis curta das ata agora apuntadas, e por posuíren unhas veces

Pola contra, tódolos outros o rexistrados nesta posición no cancionero presentan esta fendadura na parte latero-medio/inferior esquerda (véxase a Táboa 2).

6 Deixamos á marxe, polo de agora, o f. 46v por presentar características particulares que comentaremos máis adiante.

punto e outras non. Estes folios, segundo Ramos⁷ (1994: 39) e Pedro (2004), pertencen, xunto cos 1r-39v, ó primeiro dos copistas. Entón, a uniformidade na cauda dos que atopamos nos folios anteriores ó 40r, fronte a estoutros exemplos, indicarannos ¿un cambio de copista?, ¿un cambio de pluma ou de tinta?, ¿un cambio de momento de copia?, ¿microvariacións? ...

Nesta sección do códice, ó lado dos anteriores témo-los que a seguir mostramos (véxase tamén na Táboa 1 a columna I):



que, xunto coa materialidade do pergamiño, nos indican que nos encontramos ante exemplos que o corrector realiza sobre as raspaduras.

Se ben é certo que un copista, co paso dos días, por mor dos cambios de pluma, as particularidades da folla de pergamiño, incluso coa diferenza entre pelo e carne, etc., podería ofrecer pequenos cambios no trazo das grafías, non cremos posible que o identificado como man 1 poida mostrar un procedemento de copia tan dispar no uso de *y*, cun caído inferior curvado cara á esquerda e pouco fino, ás veces case imperceptible, entre os ff. 1-39v e que, a partir do f. 40r, use un *y* completamente distinto, que, ademais de presentar un caído moito máis recto, amosa a maioría das veces un punto de apoio ó final deste.


Polo que atinxe ó f. 46v⁸, pódese dicir que notamos unha diferenza no tamaño da letra entre as sete primeiras liñas (que rematan a cantiga comezada a copiar na col. b do recto do f. 46) e as outras dúas pezas copiadas neste folio⁹. A segunda particularidade

7 Lembremos que a estudosa considera que dentro da “mão1”, habería “mão1a, mão1b, etc. (...) momentos mais ou menos distintos da mesma mão”. A situación no *ductus* do *y* é máis ou menos clara, sobre todo entre os ff. 40v-54r; a partir de aquí, e como pode comprobarse na Táboa 1, columna F, o trazado non sempre é regular, polo que haberá que estudar outros elementos (microvariacións que, se cadra, non debemos considerar *ancillarum*) que nos poidan dar máis luz ó respecto. Aínda así, cremos que este elemento, xunto co tamaño da letra, as miniaturas no verso do folio, o tamaño destas, a diferenza milimétrica do intercolumnio, unha maior preponderancia ó uso de letras para completa-la caixa de escritura, etc. quizais nos deberían levar a afirmar, cando menos, a presenza dun cuarto copista: hipótese que en traballos posteriores tentaremos confirmar.


8 A este folio pretendemos dedicarlle un traballo específico, posto que cremos que pode haber diferenzas claras entre as dúas mans que aquí, de forma hipotética, barallamos. De feito, podemos tamén documentar un uso diferente do punto como delimitador versal (Fernández Guiadanes-Rio Riande 2010) no que se empregaría sistematicamente na primeira cobra (a non ser que o fin do verso coincidise co remate da liña de escritura) e nas restantes cobras e na finda só se empregaría no último dos versos que a compoñen.

9 Con respecto a este folio, “solto com rebarba de corte integrado no caderno 8, mas cosido agora separadamente entre o caderno VII e o caderno VIII, após o recente restauro do *Cancioneiro da Ajuda*” (Ramos 2005: 395), manifesta a profesora (2005: 395, nota 35) que: “Quanto ao fólho 46v que contém a cantiga A 183 [cantiga da que fala polo uso de <h>] apresenta uma *mise en texte* que


que debemos salientar é a diferenza que atopamos entre os tres y transmitidos nos sete primeiros versos:



(semellantes ós dos ff. 41r-74r), fronte a estoutros que aparecen no resto do folio:



¿similares a algúns dos do copista dos ff. 1-39v, dos do copista dos ff. 79v-82v e f. 40r ou doutro copista aínda non individualizado?), deixando á marxe o que aparece escrito sobre raspadura na liña 16 da col. b:



, que presenta punto e unha cauda que ten un trazado curvo cara á dereita, sen o remate marcado que sinaláramos para os exemplos do corrector. Fronte ó escrito sobre outras raspaduras, nas que podemos afirmar, sen lugar a dúbida, que quen escribe é o corrector, neste caso temos as nosas reservas. Engadímoslle a isto que as interven-

não é característica de inicial de ciclo de um Autor, mas de interior ou, mais provavelmente, de final de ciclo com um pequeníssimo espaço na col. b (actual) que deve corresponder, muito provavelmente, a um final de Autor”. A investigadora afirma que a *mise en texte* non é característica de inicial de ciclo de autor: non nos explicamos cómo pode falar dun comezo de ciclo de autor (non porque esteamos ante un verso dun folio, feito non anormal neste cancionero) despois da transcrición na mesma col. a, e precedendo a cantiga A 183, de sete versos da cantiga anterior, A 182 (a súa copia comeza na col. b do recto do folio). Tampouco entendemos a qué se refire co pequenísimo espazo na col. b: ¿no comezo, despois das seis liñas da cantiga A 183 ou no final da columna e do folio?; de ser no final da columna, o feito de que esteamos nun final de ciclo non só se comproba cos datos que ofrece A, senón tamén cotexando esta zona textual con B e C, malia que tamén poidamos pensar que ese pequeno espazo poida non ser final de ciclo (senón final dun folio que continuaría noutro). Finalmente, é tamén insólito o cualificativo “actual” que insire entre parénteses despois de col. b: ¿estarase a referir ó estado actual do f. 46, colocado despois do caderno de Évora? ¿ou ó caderno que na actualidade constitúe? Como ben dicía dona Carolina “folha avulsa” quizais “collocada aquí á toa. Razón tería Michaëlis e, se cadra, habería que poñela antes dos folios evorenses.

- 10 ¿*Incipiens error* ou tachado do revisor ou algunha outra persoa? En todo o folio (recto e verso) este sería o único problema de hipermetría, se exceptuamos o ditongo que habería que realizar na l. 5 da col. b entre *cedo e* para logra-la isometría versal. A respecto dos riscados, pode ser interesante traer a colación o f. 24r no que atopamos unha situación semellante, isto é, un verso hipémetro (na col. b, l. 13) no que se risca unha palabra para logra-la isometría:



(en B 203 a lectura que trae o códice tamén é hipémetro, malia que a lectura sexa diferente: *mff*). Ademais, neste mesmo lugar temos a nota marxinal do revisor *el me* (l. 22) introducida polo corrector. Noutra orde de cousas, malia que poida parecer que o *y* presenta un remate na cauda típico do corrector, debemos advertir que esta marca non é máis cá parte superior dun *f* que está na liña inferior.

cións do corrector presentan unha tinta máis escura e un trazado máis curto e groso. ¿Poderíamos pensar que, neste caso, a corrección é froito dun *incipiens error* por parte do copista do texto?¹¹

Un pequeno *excursus* faise necesario. En liñas xerais, á hora de escribir hai actos voluntarios e actos involuntarios. O habitual é que os actos voluntarios adquiren unha certa sistematicidade na escritura: por exemplo, unha persoa pon un pequeno círculo sobre un *i* no canto dun punto, ou outro trazo similar, porque é algo propio da súa escritura; porén, un cambio de bolígrafo pode facer varia-lo trazado deste punto baleiro no medio nun punto sen esta característica. É este un aspecto que debemos ter en conta á hora de analizarmos formalmente a escritura do códice. Sen perder de vista este principio, observamos que no f. 79r tódolos *y* presentan unha morfoloxía particular e regular: o seu *ductus* é semellante ós que aparecen nos folios do caderno anterior (agás o 74r), polo que podemos dicir que ofrecen un *continuum*; por outra banda, vimos que a morfoloxía que presentan estes *y* aparece tamén en folios illados na primeira parte do cancionero (ff. 1-72r).

Temos, pois, que estes *y* dos ff. 74v-79r teñen un correlato descontinuo nos ff. 1-72 nos que actúa o corrector, un individuo que mostra unha gran regularidade en tódolos *y* que escribe (excepto tres: dous nas correccións e un no f. 75r). A coherencia e sistematicidade atopámoslla ó feito de que todos estes *y* que aparecen espallados entre o f. 1r e o 72r (lugar onde o corrector escribe o último *y*) presentan a mesma morfoloxía, é dicir, un *y* cunha cauda máis ou menos longa e inclinada cara á dereita cun remate moi

11 Na mesma columna atopamos outros indicios de raspaduras; incluso na última liña alí transcrita pode comprobarse un espazo entre *pl...éu*, espazo raspado no que non se chegou a escribir (segundo ó confronto con *B 677* e *V 279*) un *l: per/por ll' eu dizer*, aínda que poidamos pensar nun caso de *l* pola palatal lateral. ¿Poderíamos supoñer que o copista se atopaba ante textos que tiña que adaptar graficamente? Afirmar Ramos (2009: 477) que “risulta subito chiaro che i prodotti testuali del nostro *Canzoniere* non corrispondono a una sobria copia da un modello stabile”. A estabilidade, ou non, pódese ver, sen ir máis lonxe, nas formas que aparecen nas notas marxinais e a maneira cómo as introduciu o corrector. Así, como se verá máis adiante, formas que o revisor escribe con *y* o corrector introducéas con *y* ou *i*, ou mesmo palabras rematadas en *-m* (*affam*, f. 53r, col. a, l. 15) son introducidas no texto polo corrector con *-n*. Se nesta copia de texto vemos unha adaptación que o corrector fai do texto do revisor que se copia das marxes, máis sorprendente aínda é que el mesmo adapte as súas supostas notas marxinais. Segundo S. Pedro, a nota do f. 26v, col. b, ls. 3-4 é de man do corrector, quen, ó introduci-la no texto, leva a cabo unha serie de adaptacións que vén poden ter que ver co espazo que debe encher ou coa norma adoptada para a escritura libraria fronte á das marxes; poñemos primeiro a lección da nota e despois a introducida no texto: a) *q̄ / que, grā / g^an, ffen / fen, gran / grā*; b) *q̄ / que, q̄rria / querria, nulla / nulla, rrē / ren*, nota que S. Pedro di, por erro, que está no f. 20v, col. a, l. 6, na marxe esquerda, cando en realidade está situada no f. 21r, col. b, l. 6, na marxe dereita. Con respecto a estas raspaduras non corrixiadas (non enchidas con texto) parécenos de novo pertinente traer aquí a colación o f. 24r. Nas ls. 7-8 aprécianse con claridade dous espazos raspados nos que non se escribiu:

que nunci ome melloz. l. 7 (a lección de *B 202* sería *uyo*).

tal se dš me leirauer. l. 8 (a lección de *B 202* sería *nē*).

pronunciado. Imaxinemos que as plumas non se desgastasen e que o copista que transcribira os ff. 74v-78v lla deixase ó que meteu as correccións, e que este, á súa vez, lla prestase ó que escribiu o f. 79r, e que este, despois de escribir o recto do folio, a cambiase (ou cambiase de tinta). Como todos estes datos poderían considerarse pequenas variacións e ser refutados, imos engadir un acto que cremos absolutamente voluntario. Dáse a circunstancia de que ningún dos y do f. 79r presenta o punto enriba, acto que definimos como voluntario, cando o contrastamos con todos aqueloutros que presentan punto non sistematicamente. Este acto voluntario no emprego ou non do punto enriba do y atopámolo no verso deste mesmo f. 79 (presuntamente, escrito pola mesma man cá do recto) e nos folios que seguen ata o final do manuscrito de forma asistemática. Pola contra, o feito de non escribir nunca o punto enriba do y, un feito tamén voluntario, podemos rexistralo entre os ff. 74v e 78v (menos nun caso) e en todos aqueloutros (espallados entre o f. 1r e 72r) nos que o corrector interveu no texto (excepto en dous casos que, por asistemáticos, poderíamos consideralos involuntarios). Malia que todos estes datos nos poderían levar a afirmar que estamos ante unha mesma persoa que escribe os ff. 74v-79r e, cando menos, tódalas correccións nas que atopamos este y, achegaremos, nos seguintes apartados, información complementaria que, cremos, avala e reforza esta nosa hipótese, isto é, a presenza dun copista-corrector.

Recapitulemos o que se dixo neste punto:

1) os y do f. 79r (*continuum*, dentro dun folio) seméllanse ós dos ff. 74v-78v (*continuum*, dentro dun grupo de folios);

2) os y que cremos responsabilidade do corrector e que rexistramos entre os ff. 1 e 72r parecen ser iguais ós do punto 1), punto clave, entre outros moitos (uso de *R*, *ductus* do z, e así por diante), que nos leva a identifica-lo copista destes folios co corrector do cancionero (correlato descontinuo dentro dun *continuum*), e só dous deles preentarían punto enriba;

3) o feito de que só dous deses y teñan o punto enriba parécenos un acto involuntario do copista;

4) o resto dos y que aparecen no cancionero comparten a asistematicidade no uso do punto;

5) os y do f. 79v presentan esta asistematicidade no uso do signo gráfico (como os dos ff. 80r-88v), e comparten cos dos ff. 80r-84r a forma da cauda;

6) a sistematicidade da cauda dos y dos ff. 1-39, por un lado, e dos dos ff. 40v-54r¹²-74r¹³, por outro, fannos pensar nun(s) posible(s) cambio(s) de man(s).

12 Facemos aquí este corte para dar conta da regularidade dos y, con ou sen punto, pero coa cauda máis ou menos horizontal e rematada en punto, fronte ós folios seguintes, nos que, ó mesmo tempo ca estes, aparecen outros coa cauda máis longa, inclinados cara á dereita e sen remate.

13 Con respecto a este folio, afirma a profesora Ramos (2009: 491) que “Non excludo che il formato del foglio 74 (dimensione interna del foglio), independentemente dalla sua fortuna (il guasto fisico), fosse diverso da quello che abbiamo in generale nel nostro *Canzoniere*. Non si può, in questo campo

As dúas epígrafes que abrimos a continuación só pretenden poñer de relevo a presenza da grafía y nas notas marxinais do códice, tanto do revisor coma do corrector. O que queremos é ver, como ata o de agora viñemos facendo, cál é o *ductus* que presentan os y empregados por cada un deles e se teñen ou non o punto enriba. Tanto nun caso coma no outro interéсанos, en maior medida, os signos que supostamente escribiu o corrector para completa-la nota do revisor; por iso, a nosa atención centrárase sobre todo en ver cómo os escribe nas marxes e cómo os introduce no texto: presentan a mesma forma ou a forma varía entre uns e outros? O obxectivo final será, entón, comprobar se podemos extraer algún dato que nos axude na constatación das hipóteses que vimos barrallando ó longo do noso artigo, así como tentar abrir novos camiños de investigación que nos axuden a achegarnos á realidade escriptolóxica do cancionero trobadoresco e das súas posibles fases de escritura.







2.1.1. As anotacións marxinais e os y do revisor

Segundo S. Pedro (2004):












das anotacións marginais primitivas atribuídas tradicionalmente ao revisor do *Cancioneiro*, torna-se claro que estamos perante dúas mãos. A primeira é, de facto, a do revisor; a segunda, que completou ou substituiu as anotacións deste, pertence ao escriba que teve como función inserir as emendas no texto, o qual, na ausencia de um termo específico para nomear o responsable por esta tarefa, designei por corrector.

di congetture, negare l'eventualità che il foglio in questione sia stato smembrato da un altro *Canzoniere* e poi inserito in questa zona del *Cancioneiro da Ajuda*". A afirmación parécenos ben suxestiva, mais pouco económica. Poderíamos pensar en que as distintas dimensións do folio puidesen ter que ver co feito de ter sido desmembrado doutro cancionero; de ser así, ¿debemos supoñer que foi arrincado cando este folio estaba aínda sen escribir, e que despois o inseriron nesta zona e o escribiron? Cremos que isto resulta unha hipótese ata certo punto defendible. Poderíamos pensar tamén que o sacasen doutro cancionero no que o folio só tiña o recto escrito e que o arrimasen ó de *Ajuda* para que o acabase de escribir o terceiro dos copistas sinalado por S. Pedro, e lle dese continuidade co f. 75; isto resulta estraño, pero podería pasar. O que non nos parece xa tan defendible é pensar na separación dun folio (escrito no seu recto e verso?) dun cancionero para metelo no de *Ajuda*. Sería coincidencia *extra-natura* que o recto teña o mesmo copista cós folios anteriores e que o verso teña tamén o mesmo copista cós folios posteriores ós que el escribe: a verdade é que cremos que serían demasiadas casualidades. ¿Un outro cancionero escrito polos mesmos copistas e cun acabamento imperfecto como o de *Ajuda*?: falta de miniatura, de capital adornada de comezo de ciclo, falta alternada de inicial de cantigas, etc. ¿Estariamos, se cadra, ante un *scriptorium* caracterizado pola multiplicidade de manuscritos iguais ou similares, realizados ó mesmo tempo e semellantes ata no seu inacabamento? M^a A. Ramos, nas pp. 481-482, fala de que algunhas "caratteristiche (notazione musicale prevista ma non introdotta, lavoro artistico cominciato ma non assiduo e non terminato, rubriche attributive assenti, ...) e altre insufficienze di natura materiale (la preparazione della pergamea, ..., il lavoro della copiatura, il numero di copisti, ..., il lavoro del miniaturista, ...)". Como podemos comprobar ó ve-lo folio, todo o que a profesora afirma son características presentes neste folio.

A paleógrafa rexistra que o revisor actúa nos ff. 1-73 e que a súa letra “integra-se no grupo das minúsculas góticas cursivas, frecuente na documentación portuguesa do séc. XIII e principios do séc. XIV”. Na súa declaración de principios, a autora indica que só se vai ocupar das letras minúsculas. Traémolo a colación porque cremos que ademais destas correccións do revisor hai outras feitas en maiúscula (ou non), que a autora non rexistra, e que tamén poderían ser do seu puño:








- a)  f. 43v, col. b, l. 1.
E maiúsculo do revisor, mais *e* do copista como letra de espera de inicial de estrofa, mais nota marxinal do revisor á dereita, *e*. Deste exemplo teremos ocasión de falar máis adiante.
- b)  f. 45r, col. a, l. 20.
 Neste caso o *p* do ¿revisor? ten formato minúsculo: a lectura correcta do verso sería *poseu*, do mesmo xeito que nas liñas 10 e 15.
- c)  f. 36v, col. b, l. 6.
 A letra *e*, que está algo máis do normal fóra da caixa de escritura, ¿podería ser de man do copista, ou máis ben dun revisor? O *d*, colocado dentro da caixa de escritura, semella polo seu *ductus* do ¿revisor?
- d)  f. 37r, col. b, l. 1.
 Arbor Aldea (2009b: 60) comenta que á “esquerda da letriña para o rubricador, que inicialmente debía ser o *n* [de man do copista?], talvez o revisor escribiu no intercolumnio un *e*, necesario para colmar a medida do verso”.
- e)  f. 43r, col. b, l. 8.
c con punto de supresión mais nota na marxe interna *C*, probablemente do revisor, con formato de inicial de cobra.
- f)  f. 43r, col. b, l. 10.
c con punto de supresión e tachado, mais nota na marxe interna *C*, probablemente do revisor, con formato de inicial de cobra.

A seguir, propoñemos unha serie de exemplos nos que aparece un *y*. Estes exemplos poden ilumina-lo ata aquí dito:

	f. 4r, col. b, l. 14 (<i>ceey</i>)
	f. 12v, col. b, l. 2 (<i>muy</i>) ¹⁴ Introducido polo corrector no texto sen punto.
	f. 13r, col. b, l. 1 (<i>y</i>) Introducido con punto no verso polo corrector.
	f. 26v, col. a, l. 14 (<i>mey</i>) Introducido sen punto no texto polo corrector.
	f. 32v, col. b, l. 11 (<i>y</i>) Introducido sen punto no texto polo corrector.
	f. 34v, col. a, l. 16 (<i>rey</i>) Introducido no texto como un <i>i</i> .
	f. 34v, col. b, l. 21 (<i>muy</i>) Introducido sen punto no texto polo corrector.
	f. 35r, col. a, l. 10 (<i>uiurey</i>) Introducido polo corrector con <i>i</i> .
	f. 36v, vol. a, l. 2 ([...] <i>may</i> ¹⁵ <i>cuydey</i>) A primeira palabra foi introducida con <i>i</i> ; pola contra, a seguinte con dous <i>y</i> sen punto.
	f. 37v, col. b, l. 25 (<i>y</i>) Introducido polo corrector sen punto.
	f. 38r, col. b, l. 12 (<i>y</i> ?) Introducido polo corrector no texto como <i>y</i> .

14 Segundo S. Pedro, o revisor só escribe esta palabra; o resto da nota sería do corrector.

15 A transcripción desta palabra collémola de S. Pedro.

	f. 42v, col. b, l. 2 ¹⁶ (<i>muŷ</i>) A nota marxinal do revisor non foi introducida no texto polo corrector.
 nota  texto	f. 57r, col. b, l. 12 (<i>y</i>) Introducido no texto sen punto polo corrector, e entre dúas letras, cunha marca a modo de punta de frecha que se rexistra tamén no <i>Livro de Linhagens</i> : 
	f. 62r, col. a, l. 11 (<i>muŷ</i>) Introducido polo corrector sen punto.
	f. 66v, col. a, l. 3 (<i>muŷ gram</i>) Introducido no texto polo corrector sen punto.
	f. 68v, col. b, l. 22 (<i>ey</i>) Introducido na interliña, ¿polo revisor?

Da morfoloxía do *y* empregada polo revisor nas marxes destacamos a presenza de punto en tódolos casos, menos no primeiro que ofrecemos, e unha cauda de trazo fino curvada cara á dereita máis marcado no seu remate.

2.1.2. Os *y* do corrector nas notas marxinais segundo S. Pedro

Segundo a paleógrafa portuguesa (2004), a




intervención do corrector estende-se do fl. 2v ao fl. 72, embora a primeira ocorrência de uma nota pelo seu punho só seja visível no fl. 3v. Isto deve-se ao facto de, nos fólhos iniciais, tal como em várias outras ocasiões, o corrector ter apagado a emenda do revisor [e poderíamos engadir tamén que, nalgunhas ocasións, será de supoñer que tería

16 A S. Pedro, por despiste, débúselles escapar un cero, quizais influída polo seguinte exemplo, pois di que a liña de texto é a 20. Por outra banda, para o f. 43v, só reconece unha nota marxinal. Trátase da forma *o*, anotada na marxe, segundo ela polo revisor, e como indica Arbor Aldea (2009b: 62) acertadamente “o elemento presente na marxe, que debería introducirse, como indica a oportuna marca, despois da forma verbal *fez*, non se incorporou ó texto. O verso é hipómetro”. Aínda así, nós vemos outra nota marxinal, que tamén se lle debeu escapar; trátase da conxunción *e* anotada na marxe dereita, á altura da l. 1 do texto. Para a correcta interpretación do *E*, presente no intercolumnio de man do ¿revisor?, do *e* escrito no comezo do verso de man do ¿copista? e da nota marxinal remitimos a Correia (2001: 390-391).









borrado as notas coas que el completaba as do revisor]. No manuscrito podem ver-se ainda as manchas e irregularidades na superficie do pergaminho onde as emendas foram raspadas,

e as súas notas responden sempre a aqueles casos “em que a corrección implicou uma alteração substancial no texto já copiado, com rasura de uma quantidade relativamente extensa de palabras, por mais de uma liña de escritura”. Do dito por S. Pedro cremos que podemos extraer que, segundo ela, a primeira vez que o corrector interveu no texto trobadoresco é no f. 2v, mais dos exemplos por nós achegados máis arriba (véxase a Táboa 1, columnas G e I) pódese comprobar que no f. 1r xa certificamos o comezo do seu traballo¹⁷.

Poremos agora, como no apartado anterior, algunhas notas nas que aparecen y:

	f. 3v, col. b, l. 2 (<i>cuyd?</i>).
	f. 19r, col. b, l. 10 (<i>rogarey</i>) Introducido sen punto no texto polo corrector.
	f. 21r, col. b, l. 18 (<i>mayor</i>) Introducido polo corrector no texto sen punto.


17 A táboa que ofrece S. Pedro ó final do seu artigo só mostra ás intervencións do revisor e do corrector nas marxes do cancionero. Unha simple ollada á súa táboa poderíanos levar a inferir que en certas partes o corrector non actuou, e é certo, non interveu nas marxes, pero, como ela ben afirma, moitas das notas (do revisor e do corrector) unha vez introducidas no texto borráronse. Parécenos significativo mostrar aquí, por exemplo, qué ocorre cos folios de Évora nos que se conserva a produción de Johan Soarez Coelho. Na táboa da paleógrafa podemos comprobar que entre o f. 40v e o 45v non constata a intervención, nas marxes, do corrector. Este feito poderíanos levar a inferir que o corrector non actuou nestes folios, e facelo sería incorrer nun grave erro e demostrar que estamos pouco familiarizados co códice e coa letra que o corrector emprega no texto trobadoresco. Na Táboa 1 (columna I) podemos comprobar que lle asignamos dous y ó copista-corrector no folio 42r (col. b, l. 13). Parte desta liña e da anterior están escritas sobre raspadura e vese claramente que a letra é distinta á empregada polo copista. Este feito constátao Á. Correia (2001: 308), que di que na “margem exterior, junto à segunda linha, encontra-se, precedida do sinal de integración a corrección “melhor”. A introdução desta palabra obrigou a rasurar quase toda a linha para voltar a escrever correctamente o texto”. Atinada e moi lucidamente (e co rigor que cremos que caracteriza a esta investigadora) Correia (2001: 254) na edición de *A 160* fai o seguinte comentario: “Junto à antepenúltima linha [refírese á antepenúltima liña da cantiga en cuestión, para nós l. 14 da col. b do f. 41r] foi escrita a palabra “gn” que faltava ao texto do v. 17, precedida de um sinal de integração já não visível porque a quase totalidade da linha foi raspada e reescrita para integrar devidamente a correção”. Despois do f. 42r, como se pode certificar no cadro de S. Pedro e na tese de Correia (2001: 316, 350, 354, 366, 384, 400), o corrector non introduce as notas marxinais no texto trobadoresco.

	f. 26v, col. b, ls. 3-4 (<i>muy</i>) Introducido no texto polo corrector sen punto.
	f. 27v, col. a, ls. 13-14 (<i>muy gra coytauer</i>) Introducidos ámbolos dous sen punto no texto polo corrector.
	f. 32v, col. a, l. 3 (<i>foy</i>).
	f. 32v, col. b, l. 9 (<i>fey</i>).
	f. 33v, col. a, l. 2 (<i>muy gn pauor</i>) ¹⁸ .
	f. 53r, col. a, ls. 15-16 ([...] <i>efey q</i>).
	f. 66v, col. a, ls. 3-4 (... <i>n coyta</i>) ¹⁹ .
	f. 67r, col. b, l. 10 (<i>oy</i>) Introducido polo corrector no texto sen punto ²⁰ .

O primeiro que nos chama poderosamente a atención é o *ductus* do *y* empregado polo suposto corrector nas notas marxinais. Se algo nos pareceu que quedaba claro despois da análise dos *y* escritos en gótica *textualis libraria* recollidos na Táboa 1 nas columnas G e I, e asignados por nós á man do corrector ou do copista-corrector, era que

18 No mesmo lugar, entre as liñas 1-2, S. Pedro rexistra un <*muy*> de man do revisor. Escribe a nota entre <...>, co que indica “anulación de texto por raspagem ou lavagem (legível)”.

19 Nalgunhas ocasións, ante a variedade da letra das notas (tanto as asignadas ó revisor coma ó corrector), por exemplo, esta e a anterior, cabería que nos preguntásenos se de verdade hai só dúas mans que escriben estas notas marxinais de época trobadoresca en A.

	f. 67r, col. b, á altura das ls. 16-18 ¿A qué se pode deber que esta nota, que S. Pedro adxudica ó revisor, presente esta morfoloxía tan descoidada fronte a outros casos do revisor nos que coida moito máis a letra?
---	---


